Foron presentados un total de 12 TFG, polo que segundo a normativa de TFG deberían constituírse dous tribunais de avaliación, de tres membros e polo menos un suplente, que pertencerán a distintas áreas de coñecemento, elixidos por orde alfabética da listaxe de profesorado do Grao. Os TFG presentados son os seguintes:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Aguilar Alonso, Orión | Xaxún ¿É Eficaz como Método de Adelgazamento? |
| 2 | Arias Carballal, María Tania | Hipertensión: Prevención y Tratamientos. |
| 3 | Díaz Ares, Miguel | Kéfir: Elaboración, Composición Nutricional, Aspectos Microbiológicos y Beneficios de su Consumo. |
| 4 | Estévez López, Luis Vidal | Menús Estacionais nos Comedores Escolares de Galicia. |
| 5 | Fernández Domínguez, Mario | Guía de Adelgazamiento Responsable y Versátil |
| 6 | Gómez Plaza, Natalia | Tratamiento Nutricional en el Paciente de Cáncer Colorrectal: Antes, Durante y Después del Tratamiento Médico |
| 7 | Pérez Lois, Raquel | Desenrolo dun Programa de Actividades Extraescolares de Nutrición Saudable. |
| 8 | Ramallo Paz, Alejandro | La Parte Viva de nuestra Dieta y su Impacto sobre la Salud: aproximación Teórico-Práctica. |
| 9 | Rivas Sánchez, Tamara | Los Problemas de la Alimentación en Niños con Trastornos del Espectro del Autismo (TEA). |
| 10 | Rodríguez Arias, Mónica | Revisión del Colesterol en relacion con la Enfermedad del Alzheimer. |
| 11 | Tuñas Magalhães, María Goretti | Análise dunha Catástrofe Alimentaria: o Caso do Aceite de Colza en España |
| 12 | Vázquez Argibay, Víctor Manuel | Triquinelosis |

A continuación, o Coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

| **Defensa de TFG GNHD:** 14/09/2017 | |
|---|---|
| **TRIBUNAL Nº1** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº1** |
| **Presidente:** José Vázquez Tato<br>**Secretario:** Manuel Amorín López<br>**Vocal:** Beatriz Isabel Vázquez Belda | 1º Jorge Blanco Álvarez<br>2º María del Pilar Calo Mata<br>3º María Mercedes Camiña García |
| **Alumnos asignados:**<br>• Aguilar Alonso, Orión<br>• Arias Carballal, María Tania<br>• Díaz Ares, Miguel<br>• Estévez López, Luis Vidal<br>• Fernández Domínguez, Mario<br>• Gómez Plaza, Natalia | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Presidente:** Mª Lourdes Vázquez Oderiz<br>**Secretario:** Jesús Eulogio Blanco Álvarez<br>**Vocal:** Ana María Botana López | 1º Miguel Blanco Álvarez<br>2º Alejandra Cardelle Cobas<br>3º Jesús Antonio Casabiell Pintos |
| **Alumnos asignados:**<br>• Pérez Lois, Raquel<br>• Ramallo Paz, Alejandro<br>• Rivas Sánchez, Tamara<br>• Rodríguez Arias, Mónica<br>• Tuñas Magalhães, María Goretti<br>• Vázquez Argibay, Víctor Manuel | |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear ao tribunal para a avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2016-2017, segundo a táboa precedente**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

A SECRETARIA

Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 28/09/2017

**Orde do día:**

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Actas consolidadas 2016-2017.
4. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Farmacia da USC.
5. Solicitude de matrícula a tempo parcial.

5 bis. Realización do Prácticum para alumnado de intercambio.

6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 28 de setembro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente da Comisión desculpa a asistencia do profesor Ángel Cobos por docencia e Mª Ángeles Romero por ter unha reunión. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no

que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 09/06/2017, 27/06/2017, 05/07/2017 e 05/09/2017, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O Coordinador informou da recepción dun informe de coordinación de data 20/09/2017 emitido polo profesor Ángel Cobos sobre a organización dos grupos de prácticas das distintas materias. Tras dar lectura ao mesmo discutiuse amplamente e, ante a diversidade de opinións, os asistentes **acordaron por unanimidade incorporar este informe como ANEXO I á presente acta e reunir aos coordinadores para que traten máis amplamente este asunto e lle dean unha solución axeitada.**

A continuación, o Decano informou sobre a recepción doutro informe máis de coordinación académica do 8 de setembro de 2017, emitido por Mª Lourdes Vázquez, sobre coordinación de datas de realización e presentación de traballos nas distintas materias do 3º curso. Os asistentes **acordaron por unanimidade incorporar este informe como ANEXO II á presente acta.**

Tamén informou sobre a celebración da *"I Jornada Nacional del Profesorado del Grado en Nutrición Humana y Dietética"* en Reus, da cal deu conta máis polo miúdo a Vicedecana.

Logo informou da recepción dun correo electrónico da empresa Ares y Galatea, S.L. ao que deu lectura aos asistentes para o seu coñecemento.

3. **Actas consolidadas 2016-2017.**

O Decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2016-17, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado cualificado, as mencións de "matrícula de honra" se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén o que solicitou renuncia.

O Decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de "matrícula de honra" corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

A continuación o Coordinador do TFG deu lectura ás distintas propostas dos tribunais e tras unha rolda de intervencións os asistentes non chegaron a acordo sobre o outorgamento da matrícula de honra no TFG polo que **acordaron por unanimidade pospoñer a decisión para unha vindeira reunión da Comisión do Título** que terá lugar o día 9 de outubro, na cal deberán tomar unha decisión.

4. **Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Farmacia da USC.**

O Decano indica que como consecuencia de que se recibiron solicitudes de recoñecemento de alumnado procedente do Grao en Farmacia da USC, con moitas materias implicadas, é unha boa ocasión para a elaboración de táboas de recoñecemento entre as dúas titulacións. Para iso, solicitóuselle ao profesorado do Grao informes de recoñecemento das materias e confeccionouse unha táboa a que deu lectura indicando as materias que contaban con informe favorable e desfavorable. Finalmente, os asistentes acordaron por unanimidade **aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para o Grao en Nutrición Humana e Dietética de alumnos procedentes da titulación de Grao en Farmacia da USC do plan de estudos segundo BOE 03/03/2011:**

| | | |
|---|---|---|
| **DESTINO:** | | **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** |
| **CENTRO:** | 5011 | FACULTADE DE CIENCIAS |
| **TITULACIÓN:** | G2071P01 | **GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA** |
| **PLAN DE ESTUDIOS:** | BOE 03/03/2011 | |
| **PROCEDENCIA:** | | **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** |
| **CENTRO:** | 5035 | FACULTADE DE FARMACIA |
| **TITULACIÓN:** | G2081V01 | **GRAO EN FARMACIA** |
| **PLAN DE ESTUDIOS:** | BOE 03/03/2011 | |

| **GRAO EN FARMACIA** | | | | **GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **COD.** | **MATERIAS CURSADAS** | **CAR.** | **CRÉD.** | **COD.** | **MATERIAS RECOÑECIDAS (*)** | **CAR.** | **CRÉD.** |
| G2081102<br>G2081124 | Química Xeral<br>Química Orgánica I | FB<br>OB | 6.00<br>6.00 | G2071102 | Química I | FB | 6.00 |
| G2081103 | Anatomía, Histoloxía e Citoloxía | FB | 6.00 | G2071103 | Bioloxía Humana | FB | 6.00 |
| G2081101<br>G2081105 | Matemáticas e Estatística I<br>Matemáticas e Estatística II | FB<br>FB | 4.50<br>4.50 | G2071105 | Bioestatística | FB | 6.00 |
| G2081102<br>G2081122 | Química Xeral<br>Técnicas Analíticas | FB<br>OB | 6.00<br>6.00 | G2071106 | Química II | FB | 6.00 |
| G2081202 | Bioquímica I | FB | 6.00 | G2071108 | Bioquímica | FB | 6.00 |
| G2081203 | Fisioloxía Humana II | FB | 6.00 | G2071109 | Fisioloxía Humana II | FB | 6.00 |
| G2081201 | Fisioloxía Humana I | FB | 6.00 | G2071110 | Fisioloxía Humana I | FB | 6.00 |
| G2081222<br>G2081223 | Microbioloxía I<br>Parasitoloxía | OB<br>OB | 6.00<br>6.00 | G2071223 | Microbioloxía e Parasitoloxía | OB | 6.00 |
| G2081325 | Nutrición e Bromatoloxía I | OB | 6.00 | G2071228 | Nutrición Humana | OB | 6.00 |
| G2081323<br>G2081330<br>G2081424 | Farmacoloxía I<br>Farmacoloxía II<br>Farmacoloxía III | OB<br>OB<br>OB | 6.00<br>6.00<br>6.00 | G2071229 | Interacción Fármaco-Alimento | OB | 6.00 |
| G2081321 | Fisiopatoloxía | OB | 6.00 | G2071325 | Fisiopatoloxía | OB | 6.00 |
| G2081225 | Inmunoloxía | OB | 4.50 | G2071331 | Microbioloxía e Inmunoloxía | OB | 3.00 |
| G2081121 | Lexislación e Deontoloxía | OB | 4.50 | G2071422 | Deontoloxía e Lexislación | OB | 3.00 |
| G2081329 | Técnicas Instrumentais | OB | 6.00 | G2071441 | Análise Instrumental | OP | 6.00 |
| **COD.** | **MATERIAS CURSADAS** | **CAR.** | **CRÉD.** | **COD.** | **MATERIAS NON RECOÑECIDAS (*)** | **CAR.** | **CRÉD.** |
| G2081104 | Física Aplicada e Físico-Química I | FB | 6.00 | G2071101 | Física para Ciencias da Vida | FB | 6.00 |
| Non hai correspondencia cos obxectivos e competencias que establece o plan de estudos para a materia | | | | | | | |

<table>
<tr><th>COD.</th><th>MATERIAS CURSADAS</th><th>CAR.</th><th>CRÉD.</th><th>COD.</th><th>MATERIAS NON RECOÑECIDAS (*)</th><th>CAR.</th><th>CRÉD.</th></tr>
<tr><td>G2081103</td><td>Anatomía, Histoloxía e Citoloxía</td><td>FB</td><td>6.00</td><td>G2071107</td><td>Anatomía e Histoloxía Humana</td><td>FB</td><td>6.00</td></tr>
<tr><td colspan="8">Non hai coincidencia entre obxectivos e competencias, neste caso concédese o recoñecemento tal e como figura na táboa superior da materia Bioloxía Humana</td></tr>
<tr><td>G2081325<br>G2081327</td><td>Nutrición e Bromatoloxía I<br>Nutrición e Bromatoloxía II</td><td>OB<br>OB</td><td>6.00<br>4.50</td><td>G2071221<br>G2071226</td><td>Bromatoloxía I<br>Bromatoloxía II</td><td>OB<br>OB</td><td>6.00<br>6.00</td></tr>
<tr><td colspan="8">Por non cubrir os obxectivos, contidos e competencias que establece o plan de estudos do GNHD. Tampouco procede o recoñecemento de xeito individual. A materia 325 foi recoñecida pola materia do GNHD Nutrición Humana segundo o indicado na táboa superior.</td></tr>
<tr><td>G2081423</td><td>Toxicoloxía</td><td>OB</td><td>6.00</td><td>G2071224</td><td>Toxicoloxía</td><td>OB</td><td>6.00</td></tr>
<tr><td colspan="8">Aínda que a parte xeral dos dous graos son equiparables, non é así coas partes específicas de ambas as titulacións. Acompañan un informe máis detallado.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">G2081548</td><td rowspan="2">Seguridade e Lexislación Alimentaria</td><td rowspan="2">OP</td><td rowspan="2">4.50</td><td>G2071321</td><td>Hixiene, Lexislación e Seguridade Alimentaria I</td><td>OB</td><td>6.00</td></tr>
<tr><td>G2071326</td><td>Hixiene, Lexislación e Seguridade Alimentaria II</td><td>OB</td><td>3.00</td></tr>
<tr><td colspan="8">Faltan moitos temas e coñecementos que se imparten no GNHD para as materias, polo que non cobre obxectivos e competencias. Tampouco procede o recoñecemento de xeito individual.</td></tr>
<tr><td>G2081226<br>G2081324</td><td>Saúde Pública I<br>Saúde Pública II</td><td>OB<br>OB</td><td>4.50<br>4.50</td><td>G2071324</td><td>Saúde Pública</td><td>OB</td><td>6.00</td></tr>
<tr><td colspan="8">Achega un extenso informe, pero en resumen non cubre adecuadamente a materia.</td></tr>
<tr><td colspan="4" rowspan="2">As materias do Grao en Farmacia non cobren os obxectivos e competencias que establece o GNHD para estas dúas materias</td><td>G2071332</td><td>Garantía de Calidade</td><td>OB</td><td>3.00</td></tr>
<tr><td>G2071446</td><td>Control de Calidade no Laboratorio</td><td>OP</td><td>3.00</td></tr>
</table>

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

## 5. Solicitude de matrícula a tempo parcial.

O Decano informa de que se recibiu unha solicitude de matrícula a tempo parcial coa correspondente documentación xustificativa, correspondente ao alumno Iván Rodríguez Fernández. A continuación deu lectura á mesma, indicando os motivos da súa petición, e fixo un breve resumo da normativa que rexe na materia para este curso.

Unha vez feitas as deliberacións oportunas, os asistentes **acordan** por unanimidade **aceptar a solicitude de matrícula a tempo parcial** presentada e **delegan no Decano** para que neste curso e seguintes, informe favorablemente as solicitudes por orde de recepción temporal ata acadar o nº máximo de autorizacións deste tipo de matrícula que estableza a normativa correspondente, sempre e cando estean debidamente xustificadas por circunstancias de orde laboral ou persoal que así o aconsellen, segundo o indicado na normativa vixente.

## 5bis. Realización do Prácticum para alumnado de intercambio.

O Decano indica que na reunión desta Comisión que tivo lugar o pasado 8 de novembro de 2016, no punto 4 da orde do día en relación á admisión de alumnado de intercambio para o Prácticum, se acordou non ofertar prazas de Prácticum para o alumnado de intercambio co obxecto de non prexudicar ao alumnado do GHND.

É preciso decidir acerca do caso contrario, e dicir do alumnado de intercambio da USC que pretende realizar o Prácticum en outras universidades.

Tras expoñer os asistentes os seus puntos de vista, **acordan por unanimidade non permitir que o alumnado de intercambio da USC realice o Prácticum noutras universidades, por reciprocidade, segundo o acordo tomado na Comisión do pasado 8 de novembro de 2016.**

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 09/10/2017

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
3. Actas consolidadas 2016-2017.

Ás 13:00 do día 9 de outubro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Jesús Fernández Cruces | Alumno |

O Decano e Presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

Os asistentes volveron falar sobre o correo electrónico recibido da empresa Ares y Galatea, S.L.

2. **Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.**

O Decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GNHD, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións

oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

3. **Actas consolidadas 2016-2017.**

Retomando o debatido na anterior reunión da Comisión sobre o outorgamento da matrícula de honra no TFG para o alumnado do curso 2016-17, tras unha rolda de intervencións e sometelo a votación, **os asistentes acordaron** por 6 votos a favor e 5 abstencións **outorgar a matrícula de honra as alumnas Leticia Álvarez Díaz e Irea García-Miramontes Vázquez**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

A SECRETARIA

Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 20/10/2017

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Solicitude de recoñecemento por ciclos superiores de formación profesional.

Ás 13:00 do día 20 de outubro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mª Lourdes Vázquez por motivos persoais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O coordinador informou da celebración dos “Martes Nutritivos” que terán lugar todos os martes desde o 31 de outubro ata o 28 de novembro no salón de actos do antigo cárcere de Lugo, co obxectivo de dar a coñecer á poboación hábitos saudables. Colaboran ADINU Galicia e o Concello de Lugo entre outros.

Tamén indicou a posibilidade de colaboración do alumnado con actividades desenvoltas polo Concello de Lugo como son os “Almorzos Saudables”, pequenas publicacións para a poboación en xeral e actuacións vencelladas ao mercado de abastos da cidade.

A continuación lembrou aos asistentes a celebración o vindeiro 24 de novembro do día do Dietista-Nutricionista.

2. **Solicitude de recoñecemento por ciclos superiores de formación profesional.**

O Decano informou de que se recibiu unha solicitude de recoñecemento de materias do GNHD polo ciclo formativo de grao superior denominado *"Animación de Actividades Físicas e Deportivas"* e, tras solicitar ao profesorado responsable das materias informes de recoñecemento, estes foron desfavorables. Por este motivo, e tendo en conta os acordos da comisión de 10 de decembro de 2015, os asistentes deben decidir acerca da concesión ou non do recoñecemento.

Tras a revisión da documentación, os asistentes **acordan por unanimidade emitir informe desfavorable de recoñecemento para o ciclo formativo de grao superior LOXSE denominado *"Animación de Actividades Físicas e Deportivas"*.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

A SECRETARIA

Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 14/11/2017

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Propostas de traballos fin de grao.
3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2017-18.
4. Actualización de grupos de docencia interactiva.

Ás 13:00 do día 14 de novembro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Jesús Casabiell por concesión de día de asuntos propios. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

Nesta reunión non se emitiron informes.

2. **Propostas de traballos fin de grao.**

O Decano informa de que hai 41 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2017-18, dos cales 1 presentou proposta e 6 téñena vixente de cursos anteriores. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar a proposta de TFG presentada que é a seguinte:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Maquieira Fernández, Ángel | Cafeína: Fuentes, Beneficios, Curiosidades y Riesgos. |

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2017-18 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Álvarez Vidueira, Iria | Intolerancia á Glicosa por consumo de Edulcolrantes Artificiais. | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 1 | Balado Cabana, Pablo | La Genómica Nutricional y su Papel en la Nutrición. | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 3 | Maquieira Fernández, Ángel | Cafeína: Fuentes, Beneficios, Curiosidades y Riesgos. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 4 | Pazos Naveira, Ana Cristina | "Dietas Milagro": Causas, Efectos y Soluciones | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 5 | Pérez Suárez, Almudena | Importancia de la Cantidad y tipo de Grasa en la Leche para Niños. | Angel Cobos García | 780 | 50% | Olga Díaz Rubio | 780 | 50% |
| 6 | Remeseiro Pazos, Patricia | Xaquecas e Nutrición | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 50% |
| 7 | Sendón González, Gloria María | Influencia de la Nutrición en la Prevención y el Control de las Enfermedades Neurodegenerativas como el Alzheimer | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% |

3. **Calendario convocatoria de fin de carreira 2017-18.**

En relación á convocatoria fin de carreira 2017-18, o Decano informou de que só hai unha solicitude que afecta á materia Bromatoloxía II, polo que se tratou de fixar unha data dentro do calendario que fora axeitada para alumnado e profesorado.

Os asistentes **aproban por unanimidade fixar a data do exame da convocatoria fin de carreira 2017-18 o 16/01/2018 ás 16 horas.**

4. **Actualización de grupos de docencia interactiva.**

O Decano informa de que unha vez finalizado o 1º prazo de matrícula do curso 2017-18, se detectou que nalgunhas materias do 1º semestre, por número de alumnos matriculados, correspondería contar con un grupo adicional de docencia interactiva de laboratorio en PDA. Debido aos problemas de espazo xa coñecidos indica que sería axeitado a solicitude á vicerreitoría correspondente dun grupo adicional nalgunhas materias.

Tras un intercambio de impresións sobre este asunto, finalmente, **os asistentes acordaron por unanimidade a solicitude á vicerreitoría dun grupo adicional de docencia**

**interactiva de laboratorio no PDA do 2017-18 para as materias do 1º semestre: Bromatoloxía I, Microbioloxía e Parasitoloxía e Toxicoloxía, e a súa inclusión nos horarios correspondentes.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 04/12/2017

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Elección de secretario accidental.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2017-18.

Ás 13:00 do día 4 de decembro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Olga Díaz e Ángel Cobos por concesión de día de asuntos particulares e tamén a da profesora Ana Botana por coincidirlle cunhas xornadas de formación. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano cedeu a palabra ao Coordinador que informou do seguinte:

O martes pasado clausuráronse os “Martes Nutritivos” organizados en colaboración co Concello de Lugo, que foron un gran éxito de participación cubrindo practicamente o aforo. Os representantes do Concello indicaron o seu desexo de realizar accións con carácter máis permanente.

En relación a organización de actividades para a celebración do día do Dietista-Nutricionista, finalmente o alumnado só puido poñer unha mesa informativa na Praza Maior xa que nas

Termas non foi posible por precisar solicitude con moita antelación. Aínda así repartiron moitos trípticos e estaban moi satisfeitos co alcance da actividade.

2. **Elección de Secretario Accidental.**

O Decano informa de que ante a posibilidade de ausencia durante unhas semanas da actual Secretaria da Comisión, sería de interese que se acordara como actuar no caso de que sexa preciso a substitución, tanto nesta ocasión coma en calquera outra que se poda producir no futuro.

Os asistentes **acordan por unanimidade que no caso de ausencia da secretaria, os asistentes designarán ese mesmo día ao membro substituto que vai actuar como secretario da mesma.**

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2017-18.**

O Decano informou de que é preciso publicar a convocatoria de Practicum para o curso 2017-18 e previamente levar a cabo a asignación de titores académicos ás prazas ofertadas, para o cal se lle deu prazo ao profesorado para manifestar a súa intención de ser titor académico.

A continuación cedeulle a palabra á Coordinadora do Practicum que foi dando lectura as prazas e aos titores asignados e tamén se foron asignando algunhas prazas que quedaban vacantes.

Finalmente, os asistentes **aprobaron por unanimidade a "Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Practicum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2017-18"** a cal se publicará debidamente e que se acompaña como ANEXO á presente acta.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 22/12/2017

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2017-18.

Ás 11:00 do día 22 de decembro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Jesús Fernández Cruces | Alumno |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mª Lourdes Vázquez por coincidirlle con outra reunión á mesma hora e tamén a de Concepción Gay, Secretaria da Comisión, por incapacidade laboral temporal transitoria. Como consecuencia disto os asistentes designan para actuar como Secretario accidental na reunión de hoxe ao profesor Jesús Casabiell Pintos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano indica que non se recibiron novos informes.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2017-18.**

O Decano indica que tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes o pasado 21 de decembro, é preciso realizar a selección e publicar a lista provisional de asignación de destinos

tendo en conta os criterios establecidos no artigo 4.5 das Normas de Desenvolvemento do Practicum do GNHD e as preferencias manifestadas polo alumnado na súa solicitude.

Non habendo obxeccións por parte dos asistentes **aprobouse a listaxe provisional de asignación de destinos do Practicum do curso 2017-18, que se acompaña como ANEXO á presente acta e tamén o prazo para interpoñer reclamacións contra a mesma que finalizará o vindeiro 28 de decembro ás 14 horas.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE | O SECRETARIO

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Jesús Casabiell Pintos

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 09/01/2018

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2017-18 (asignación definitiva).

Ás 11:00 do día 9 de xaneiro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia de Concepción Gay, Secretaria da Comisión, por incapacidade laboral temporal transitoria. Como consecuencia disto os asistentes designan para actuar como Secretario accidental na reunión de hoxe ao profesor Ángel Cobos García. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano indica que se vai levar a cabo, entre o 11 e o 24 de xaneiro e entre o 21 e 24 de maio, unha nova edición das xornadas "Ciencia para novos investigadores" na que participará alumnado de 4º de ESO de diferentes centros de ensino secundario de Lugo e provincia.

Tamén informa do curso que tivo lugar o pasado 15 de decembro sobre como realizar a consulta dietética, organizado por CODINUGAL.

A continuación tamén informou sobre o seguimento do título que como cada ano hai que levar

a cabo nestas datas. Os centros que obtiveron a certificación do seu SGC poden, dentro dun programa piloto de seguimento institucional proposto pola ACSUG, realizar o seguimento de xeito conxunto para todos os títulos. Isto farase a través da Memoria de Calidade do Centro.

O Coordinador do GNHD informa de que a empresa Insulclok atopase interesada na posibilidade de abrir liñas de colaboración cos egresados/estudantes do GHND polo que solicita unha reunión para tratar este asunto.

A Responsable de Calidade do Centro informou de que o 1 de febreiro haberá unha charla organizada polo Vicerreitorado de Internacionalización para informar ao alumnado sobre os programas de intercambios, e solicita ao profesorado que facilite a asistencia pola importancia da mesma.

Tamén informa de que se está levando a cabo unha enquisa aos egresados, por tratarse dunha acción de mellora recollida en pasados informes de seguimento e que se está a desenvolver neste momento.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2017-18 (asignación definitiva).**

O Decano informa de que non se recibiu ningunha reclamación á lista provisional de asignación de destinos do Practicum, tras a apertura dun prazo de reclamacións ata o pasado 28 de decembro.

A Coordinadora do Prácticum informa sobre unha petición de modificación de titores segundo a cal as prazas número 3 e 4, asignadas á profesora Julia Melgar, pasarían a estar asignadas ás profesoras Mª Ángeles García e Inés Sánchez respectivamente.

Finalmente, **os asistentes acordan por unanimidade aceptar este cambio e aprobar e publicar a lista definitiva de asignación de destinos do Prácticum 2017-18 que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | O SECRETARIO |
| Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Ángel Cobos García |

# Acta da Comisión de Título

## Reunión extraordinaria: 25/01/2018

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2018-19.
3. PDA curso 2018-19.

Ás 11:00 do día 25 de xaneiro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Jesús Fernández Cruces | Alumno |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mª Ángeles Romero por ter unha reunión previa e a de Concepción Gay, Secretaria da Comisión, por incapacidade laboral temporal transitoria. Como consecuencia disto os asistentes designan para actuar como Secretario accidental na reunión de hoxe ao profesor Jesús Casabiell Pintos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador do GNHD o cal informa de que vai ter lugar a reunión coa empresa Insulclok que se atopa interesada na posibilidade de abrir liñas de colaboración cos egresados/estudantes do GHND o vindeiro día 2 de febreiro, na que sería interesante contar coa presenza da representación de ADINU.

O representante do alumnado que ademais é vicepresidente de ADINU Galicia, informou do interese de dous centros educativos de Lugo (Fingoi e Mª Auxiliadora) en contar con membros de ADINU para impartir charlas informativas sobre nutrición.

Tamén Informa de que ADINU recibiu unha subvención nominativa do Excmo. Concello de Lugo para o desenvolvemento de actividades de información nutricional, na que participarían egresados membros de ADINU.

Por último comunica a vindeira celebración en Lugo, o día 29/02, dunha reunión das asociacións de dietistas-nutricionistas universitarios nacionais para debater aspectos relacionados coa mobilidade estudantil no marco do programa SICUE. Neste punto, o Decano apunta que sería interesante contar neses debates cos coordinadores de mobilidade..

2. **Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2018-19.**

O Decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2018-19 para os títulos de Grao.

**Os asistentes acordaron por unanimidade manter para o curso 2018-19 a mesma oferta de prazas de novo ingreso que no curso actual para o Grao en Nutrición Humana e Dietética.**

3. **PDA curso 2018-19.**

O Decano indica que, tendo en conta a normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2018/2019, aprobada polo Consello de Goberno, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2018/2019 do GNHD co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. A proposta de PDA 2018-19 remitiuse por correo electrónico aos interesados para que fixeran as suxestións oportunas e non se recibiron alegacións.

Finalmente os asistentes **aproban por asentimento a proposta de PDA 2018/2019 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Por este motivo, non se acompaña como anexo a proposta de PDA 2018-19, incorporarase a proposta final resultante á acta de Xunta de Centro.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE O SECRETARIO

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos Asdo.: Jesús Casabiell Pintos

# Acta da Comisión de Título

## Reunión extraordinaria: 09/02/2018

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
3. Convocatoria de Prácticum, 2º semestre curso 2017-18.

Ás 11:00 do día 9 de febreiro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mª Ángeles Romero e Beatriz Vázquez por ter docencia á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano informa que tras a proclamación definitiva de candidatos electos a xuntas de centro o pasado día 5, mantivo unha reunión cos representantes do alumnado para que indicaran cales serán os representantes nas respectivas comisións do Centro, co obxecto de que na vindeira Xunta de Facultade se aprobe a designación dos mesmos.

O Coordinador do GNHD informa da reunión mantida coa empresa Insulclok, a cal está interesada en contactar cos egresados do GHND que desenvolvan actividade profesional e tamén valoraron a posibilidade de asinar un convenio coa USC para a realización do Prácticum

por parte do alumnado.

2. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro.

Foron presentados un total de 3 TFG, polo que segundo a normativa de TFG debería constituírse un só tribunal de avaliación, de tres membros e polo menos un suplente, que pertencerán a distintas áreas de coñecemento, elixidos por orde alfabética da listaxe de profesorado do Grao. Os TFG presentados son os seguintes:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Pazos Naveira, Ana Cristina | "Dietas Milagro": Causas, Efectos y Soluciones |
| 2 | Remeseiro Pazos, Patricia | Xaquecas e Nutrición |
| 3 | Sendón González, Gloria María | Influencia de la Nutrición en la Prevención y el Control de las Enfermedades Neurodegenerativas como el Alzheimer |

A continuación, o Coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

| TRIBUNAL | SUPLENTES |
|---|---|
| **Presidente:** Alberto Cepeda Sáez<br>**Secretario:** Mª Mercedes Camiña García<br>**Vocal:** Miguel Blanco Álvarez | 1º Ángel Cobos García<br>2º Luis Felipe de la Cruz Palomino<br>3º Juan Ángel Díaz Pazos |
| **Data:** 21/02/2017 | |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear ao tribunal para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2017-2018, segundo a táboa precedente**.

3. **Convocatoria de Prácticum, 2º semestre curso 2017-18.**

O Decano informa de que se abriu un prazo do 7 ao 16 de febreiro para que o alumnado matriculado no 2º semestre do Prácticum puidera optar ás prazas que quedaron libres tras a primeira fase, seguindo a normativa, co obxecto de incorporarse ás prazas asignadas todo mais tardar o vindeiro 1 de marzo, para poder asinar en prazo a acta correspondente.

Os **asistentes acordan por unanimidade aprobar, para a 2ª fase do Prácticum 2017-18, o seguinte calendario para o alumnado matriculado no 2º semestre:**

- Lista provisional de asignación de destinos: 19 de febreiro. Prazo de reclamacións: do 20 ao 22 de febreiro.
- Lista definitiva de asignación de destinos: 23 de febreiro. Prazo de renuncia do 26 ao 28 de febreiro.

**Tamén acordan por unanimidade, para esta 2ª fase do Prácticum, delegar no Presidente da Comisión a selección do alumnado e a publicación das listas de asignación provisional e definitiva, respectando o indicado na normativa.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 06/03/2018

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Criterios para a elaboración de horarios curso 2018-19.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 6 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 28/09/2017, 09/10/2017, 20/10/2017, 14/11/2017, 04/12/2017, 22/12/2017, 09/01/2018, 25/01/2018 e 09/02/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son

aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O Coordinador do GNHD informa que o contactaron da Oficina de Consumo do Concello de Lugo para que coa colaboración do alumnado se imparta unha charla sobre a nutrición na terceira idade.

A profesora Mª Ángeles Romero indica tamén que recibiu comunicación da Consellería de Sanidade para estudar a posibilidade de que o alumnado do último curso do GNHD participe no I Congreso escolar "ALIMÉNTATE BEN", que se desenvolverá en Santiago o 3 e 4 de maio. Terían encomendado o deseño de 2 obradoiros que desenvolvan aspectos de interese para as familias (alimentación, nutrición, consumo alimentario responsable...), un deles destinado a Educación Infantil e Primaria, e o outro a Secundaria e Bacharelato. Os contidos serían propostos polo alumnado do GNHD e os máis votados polas ANPAS dos centros educativos participantes, serán desenvoltos polo alumnado os días do Congreso. Tamén queren contar co estudantado para participar no percorrido da compra saudable (beneficios do consumo de diferentes grupos de alimentos).

O Decano informou tamén sobre o acto de graduación do alumnado, dado que non é posible conciliar as datas co alumnado, probablemente teña lugar fóra da Facultade, polo que a participación desta no mesmo será moi limitada, xa que os actos académicos vinculados ao centro teñen lugar nas instalacións do Centro, salvo causa de forza maior. Os asistentes indicaron estar a favor desta decisión.

3. **Criterios para a elaboración de horarios curso 2018-19.**

O Decano informa de que, tras a remisión do borrador de horarios e calendarios 2018-19 por parte da Secretaría Xeral, e preciso acordar criterios xerais para a confección dos horarios.

Os asistentes **acordan por unanimidade para a confección dos horarios 2018-19**, levar a cabo a rotación dos exames, manter os horarios do curso anterior na medida do posible, fixar como datas máximas ata as que sería axeitado colocar os exames: 1ºS ata o 18 de xaneiro, 2ºS ata o 7 de xuño e 2ª oportunidade (recuperación) ata o 12 de xullo. En canto aos TFG, as datas de defensa fixaranse nas seguintes semanas: 11-15 de febreiro, 8-12 de xullo e 16-20 setembro.

Elaborarase unha proposta de horarios con estes criterios e, se é preciso, realizaranse os axustes de datas necesarios, de cara a aprobación dos horarios nunha vindeira reunión da Comisión.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título

## Reunión extraordinaria: 15/03/2018

## Orde do día:

1. Informes.
2. Seguimento do GNHD 2016-17: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

Ás 11:00 do día 15 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
| 5 | Corbelle Domínguez, Andrea | Oncoloxía Pediátrica e Nutrición. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 6 | Díaz Formoso, Lara | Revisión Epidemiológica de la Ingesta de Café como factor de Riesgo de Cáncer Digestivo. | Regueira Mendez, Carlos | 615 | 100% | | | |
| 7 | González Leiro, Mario | Síndrome Metabólico. Abordaje Terapéutico en el Ámbito Sanitario Multidisciplinar. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 8 | Iglesias Martínez, María | La Alimentación en los Residentes Gerontológicos: Adecuación Nutricional y los Efectos Sobre la Situación Ponderal. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |
| 9 | Landeira Miliani, Daniela Del Carmen | Efecto de la Grasa de Leche y Productos Lácteos sobre las Enfermedades Cardiovasculares. | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | |
| 10 | López Gamez, Ana | El Efecto del Estrés y la Ansiedad sobre la Nutrición. | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 100% | | | |
| 11 | Maceira Franqueiro, María José | Nutrición en el Daño Cerebral. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 12 | Mosquera Fernández, Carla | Valoración e Intervención Nutricional en Pacientes con Enfermedad Renal Crónica en Hemodiálisis. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Nicolás Piedrafita Páez | G2071 | 50% |
| 13 | Pacios García, Judit | Semillas de Chía: Composición Nutricional y Beneficios de su Consumo. | Angel Cobos García | 780 | 50% | Olga Díaz Rubio | 780 | 50% |
| 14 | Pérez Rodríguez, Débora | Influencia de la Alimentación en el Deporte. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 15 | Portomeñe Rojo, Miguel | Dieta Vegetariana en Enfermedad Renal Crónica. | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% |
| 16 | Salgado Hermida, Iria | Manejo Dietético en los Sujetos con Lesiones Medulares: Necesidades Especiales y Prevención de Patologías Relacionadas. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE | A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 21/11/2018

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Reclamación sobre informe de recoñecemento de estudos.
4. Proposta de modificación de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Farmacia da USC.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:30 do día 21 de novembro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Olga Díaz Rubio e Ángel Cobos por coincidirlles con docencia e tamén da representante do alumnado por motivos académicos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 05/07/2018, 06/09/2018, 03/10/2018 e 09/11/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade

de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

Nesta ocasión non hai informes.

3. **Reclamación sobre informe de recoñecemento de estudos.**

O Decano informa de que se recibiu unha reclamación sobre recoñecemento de estudos presentada polo alumno Daniel de San José González que afecta a materia Bromatoloxía II. A continuación deu lectura á reclamación do alumno, ao informe de recoñecemento emitido o pasado 16 de outubro e a un informe máis detallado sobre o recoñecemento solicitado ao profesorado encargado da docencia da materia.

Tras a análise de toda a documentación **os asistentes acordaron por unanimidade ratificar o informe desfavorable de recoñecemento emitido o pasado 16/10/2018**, polos motivos seguintes:

A materia Bromatología Descriptiva cursada polo alumno no Grao da UCM consta de 6 créditos ao igual que a materia Bromatoloxía II do Grao en Nutrición Humana e Dietética da USC. Non obstante, aínda que os títulos dos temas impartidos poden ser moi similares, os temas nos que existe correspondencia entre as dúas materias serían os que van do 1 ao 13 na Bromatología Descriptiva da UCM dun total de 34 dos que consta o programa completo da materia. Isto representaría aproximadamente 2,3 créditos, fronte aos 6 dos que consta a materia Bromatoloxía II do Grao da USC, o que nos fai valorar que a profundidade e amplitude dos temas tratados non é suficiente para a acadar e adquirir adecuadamente os obxectivos e competencias establecidos no plan de estudos do Grao da USC para a materia Bromatoloxía II.

4. **Proposta de modificación de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Farmacia da USC.**

O Decano informa de que o pasado 28 de setembro de 2017, se aprobou a táboa para o recoñecemento de competencias dos alumnos do Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD), procedentes do Grao en Farmacia da USC, plan de estudos do B.O.E. 03/03/2011, segundo o acordado pola presente Comisión.

Tamén indica que, o profesorado responsable da docencia da materia Interacción Fármaco-Alimento deu traslado de que a combinación de materias precisas, do Grao en Farmacia da USC citado, para o recoñecemento da materia Interacción Fármaco-Alimento no GNHD, non era a máis axeitada e fixo unha proposta de modificación a cal se somete a análise e debate.

Finalmente, os asistentes **acordaron por unanimidade modificar a táboa de recoñecementos**

**de competencias dos alumnos do Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD), procedentes do Grao en Farmacia da USC, plan de estudos do B.O.E. 03/03/2011, para a materia G2071229 Interacción Fármaco-Alimento do GNHD** por consideralo máis axeitado para o recoñecemento de materias do alumnado procedente do Grao en Farmacia da USC segundo a seguinte táboa:

| DESTINO: | | UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |
|---|---|---|
| CENTRO: | 5011 | FACULTADE DE CIENCIAS |
| TITULACIÓN: | G2071P01 | GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA |
| PLAN DE ESTUDIOS: | BOE 03/03/2011 | |
| PROCEDENCIA: | | UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| CENTRO: | 5035 | FACULTADE DE FARMACIA |
| TITULACIÓN: | G2081V01 | GRAO EN FARMACIA |
| PLAN DE ESTUDIOS: | BOE 03/03/2011 | |

| GRAO EN FARMACIA | | | | GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| COD. | MATERIAS CURSADAS | CAR. | CRÉD. | COD. | MATERIAS RECOÑECIDAS (*) | CAR. | CRÉD. |
| G2081427 | Biofarmacia e Farmacocinética I | OB | 4.50 | G2071229 | Interacción Fármaco-Alimento | OB | 6.00 |
| G2081523 | Biofarmacia e Farmacocinética II | OB | 6.00 | | | | |
| G2081421 | Tecnoloxía Farmacéutica I | OB | 6.00 | | | | |
| G2081521 | Tecnoloxía Farmacéutica III | OB | 6.00 | | | | |
| G2081322 | Química Farmacéutica I | OB | 6.00 | | | | |
| G2081326 | Química Farmacéutica II | OB | 6.00 | | | | |

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE | A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título

## Reunión extraordinaria: 04/12/2018

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2018-19.

Ás 12:30 do día 4 de decembro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| José Manuel Martínez Ageitos | Decano |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Marina Perejón García | Alumna |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia das profesoras Mª Lourdes Vázquez Odériz por ter concedido permiso por asuntos particulares e Beatriz Vázquez Belda por ter convocada outra reunión previa e tamén da Responsable de Calidade, Aida Jover, por coincidirlle con outros asuntos relativos ao centro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano informou de que o pasado 30 de novembro tivo lugar unha reunión entre o Equipo Decanal, Coordinadores de Grao e Mestrado e os Vicerreitores de Profesorado, Titulacións, Organización Académica e Proxección Estratéxica, co obxecto de coñecer a situación actual do centro.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2018-19.**

O Decano informou de que ao igual que en cursos pasados é preciso aprobar e publicar a

convocatoria de Practicum para o curso 2018-19 e, previamente, levar a cabo a asignación de titores académicos ás prazas ofertadas.

A continuación cedeulle a palabra á Coordinadora do Practicum que foi dando lectura as prazas e aos titores asignados e tamén se foron asignando algunhas prazas que quedaban vacantes.

Finalmente, os asistentes **aprobaron por unanimidade a "Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Practicum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2018-19"** a cal se publicará debidamente o vindeiro día 5 e que se acompaña como ANEXO á presente acta.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 21/12/2018

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2018-19.

Ás 9:00 do día 21 de decembro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Marina Perejón García | Alumna |

O Decano e Presidente informa de que asiste como invitado o anterior Decano, recentemente cesado, José Manuel Martínez Ageitos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano cedeu a palabra ao Coordinador do Título o cal informou que aínda se atopa á espera da resposta da Asesoría Xurídica respecto ao convenio a asinar coa empresa Healthium – Healthcare Software Solutions, S.A.. O Decano indicou que contactará coa correspondente vicerreitoría para tratar de solucionar este asunto.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2018-19.**

O Decano indica que tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes o pasado 20 de decembro, é preciso realizar a selección e publicar a lista provisional de asignación de destinos tendo en conta os criterios establecidos no artigo 4.5 das Normas de Desenvolvemento do Practicum do GNHD e as preferencias manifestadas polo alumnado na súa solicitude.

A continuación informou da recepción de dúas reclamacións por parte do alumnado:

A primeira da alumna Marta Yáñez, a cal solicitaba a sinatura dun novo convenio para incorporar á presente convocatoria, tras non poder facer uso do seu dereito de elección preferente, indicado no artigo 10.2 do Regulamento de Prácticas Externas da USC, respecto doutro convenio promovido pola alumna e asinado coa entidade Francisco Pérez García (Clínica Arcadia) ao ter un horario semanal tan curto que imposibilita o seu uso como destino de Prácticum.

A segunda da alumna Lucía López Basanta, a cal propiciou un convenio coa entidade Club Natación Liceo, pero o convenio debidamente asinado non chegou á Facultade ata o día 7 de decembro, unha vez xa publicada a convocatoria do Prácticum que tivo lugar o 5 de decembro.

A continuación, tras un intercambio de impresións sobre estas cuestións, **os asistentes** moi ao seu pesar **acordaron non aceptar as reclamacións presentadas**, xa que tendo en conta o indicado no artigo 3.2. do Regulamento de Prácticas Externas da USC, só se poderán incluír ofertas de prácticas na convocatoria unha vez asinados os convenios que as amparan e tamén tendo en conta que a oferta do curso 2018-19 consta dun número de prazas suficiente, moi próximo ao dobre do alumnado matriculado neste curso académico.

Tamén **acordaron aprobar a lista provisional de asignación de destinos do Prácticum do curso 2018-19,** que se acompaña como ANEXO á presente acta**,** fixando un **prazo para interpoñer reclamacións contra a mesma ata o vindeiro 28 de decembro ás 14 horas.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 08/01/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2018-19.

Ás 10:30 do día 8 de xaneiro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Marina Perejón García | Alumna |

O Decano e Presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

Nesta ocasión non houbo informes.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2018-19.**

O Decano informa de que tras a publicación da lista provisional de asignación de destinos o pasado 21 de decembro, recibiuse unha reclamación dentro do prazo establecido do alumno Adrián Vidueiro Quintana, que indica que por erro en noveno lugar seleccionou como destino o Basque Culinary Center de San Sebastián e este foi casualmente o destino adxudicado pola Comisión, segundo a lista provisional publicada. O alumno solicita renunciar a este destino, ao tratarse dun erro na solicitude e non lle ser posible desprazarse a San Sebastián para facer o Prácticum, e tamén solicita optar a algún dos destinos que quedou libre tras a adxudicación

realizada ao resto do alumnado, para o cal indicou unha lista de entidades por orde de preferencia.

Os asistentes analizaron a solicitude e algúns manifestaron que xa sospeitaban que se trataba dun erro, dado que os primeiros destinos solicitados polo alumno seguían un determinado patrón xeográfico e no caso do Basque Culinary Center non encaixaba con este patrón.

Finalmente, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar a reclamación presentada polo alumno e adxudicarlle o destino indicado en primeiro lugar na reclamación que é *"Dulce Comienzo, S.L."*,** ao non afectar ao restante alumnado.

**Tamén acordaron aprobar e publicar a lista definitiva de asignación de destinos do Prácticum 2018-19 que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 29/01/2019

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2019-20.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 29 de xaneiro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Marina Perejón García | Alumna |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia das profesoras Ana Mª Botana por gozar dun permiso por asuntos particulares e Beatriz Vázquez por coincidirlle con docencia. Tamén indica que asiste como invitado o profesor José Manuel Martínez Ageitos que recentemente cesou como Decano. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 21/11/2018, 04/12/2018, 21/12/2018 e 08/01/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade

de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O Decano informou de que este curso non se cubriran todas as prazas ofertadas para o GNHD debido á xestión realizada pola ACSUG. Para o vindeiro curso solicitarase que se convoque no último prazo un nº superior de alumnado co obxecto de que finalmente se cubran todas as prazas ofertadas.

Tamén informou de atoparse en conversacións co Colexio de Dietistas-Nutricionistas para a organización dunhas xornadas previstas para o mes de febreiro.

3. **Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2019-20.**

O Decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2019-20 para os títulos de Grao e deu lectura aos aspectos mais relevantes da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2019-20 con respecto á do presente curso (60 prazas de inicio, 6 de continuación e 3 para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros).**

4. **Rogos e preguntas.**

A profesora Lourdes Vázquez Odériz preguntou polo estado do convenio da empresa Nutrium e o Decano informou das xestións realizadas.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
|---|---|
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 12/02/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. PDA curso 2019-20.
3. Prácticum 2018-19: modificación asignación.

Ás 11:15 do día 12 de febreiro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Marina Perejón García | Alumna |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Ramiro Barcia, Ángeles Romero e Beatriz Vázquez por coincidirlles con docencia . A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

Nesta ocasión non houbo informes.

2. **PDA curso 2019-20.**

O Decano indica que, tendo en conta a normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019-20, aprobada polo Consello de Goberno, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2019-20 da titulación de Grao en Nutrición Humana e

Dietética co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Na materia G2071424 Prácticum e G2071425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área correspondentes aos alumnos matriculados na materia no curso 2018-19 e 2017-18 respectivamente e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título.
- Solicitude de creación de grupos de centro adicionais de docencia interactiva de laboratorio.
  - Para a materia G2071106 Química II, 1 grupo, de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía debido ao elevado nº de alumnos que cursan a materia e polo nº de repetidores que deben volver a realizar as prácticas, o cal redundaría nunha mellora da calidade docente.
  - Para a materia G2071108 Bioquímica, 3 grupos, de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular co fin de lograr unha mellor calidade da docencia.
- Solicitude de redución de grupos de docencia interactiva.

  O Departamento de Fisioloxía solicita redución de grupos de docencia interactiva, debido á falta de recursos humanos; noutro caso resultaralles imposible simultanear a docencia con outros centros da USC. As materias e grupos afectados serían os seguintes:
  - G2071109 Fisioloxía Humana II: suprimir 1 grupo de laboratorio e 1 de seminario.
  - G2071325 Fisiopatoloxía: suprimir 1 grupo de seminario.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2019-20 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

3. **Prácticum 2018-19: modificación asignación.**

O Decano informa de que a través da Coordinadora do Prácticum se recibiu unha petición do alumno Adrián Vidueiro para solicitar o cambio do destino de Prácticum asignado xa que, tras incorporarse na entidade correspondente, xurdiron importantes desavinzas co titor académico da entidade colaboradora que dificultan que o Prácticum se desenvolva con normalidade polo

tanto sométese á consideración desta Comisión a petición do alumno.

Tras un debate sobre este asunto e, tendo en conta a solicitude do alumno e o feito da disposición da entidade colaboradora **INNOLACT, S.L.** para acoller ao mesmo fóra do prazo previamente pactado, **os asistentes acordaron por unanimidade modificar a asignación definitiva do Prácticum para o alumno a favor desta empresa**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 11/03/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Seguimento do GNHD 2017-18: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

Ás 11:15 do día 11 de marzo de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Ramiro Barcia, Ángeles Romero e Beatriz Vázquez  por coincidirlles con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O Decano informa de que por fin foron resoltos os problemas para a sinatura do Convenio con Healthium – Healthcare Software Solutions, S.A. e en datas próximas estará dispoñible para a súa utilización. Tamén informou da celebración das I Xornadas de CODINUGAL que terán lugar o 29 e 30 de marzo na Facultade, organizadas polo Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. A continuación tamén indicou da presenza do Centro nas redes sociais Facebook e Twiter, e invitou aos membros á súa utilización para a difusión de información de interese.

2. **Seguimento do GNHD 2017-18: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.**

O Decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizase o seguimento do GNHD para o curso 2017-18. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro.

O Coordinador do Título indica que recompilou e puxo á disposición da Comisión todos os datos necesarios para realizar as diferentes análises de resultados do Grao, establecer accións mellora ou propostas de modificacións do mesmo. A continuación fixo un resumo dos datos máis relevantes.

A Comisión analizou a información proporcionada para levar a cabo o seguimento do Título e elaborou os informes correspondentes que se incorporan nas directrices da Memoria de Calidade do Centro do curso 2017-18 e que recollen as reflexións levadas a cabo polos membros da Comisión. O Coordinador do Título dará traslado á Comisión de Calidade do Centro das áreas de mellora detectadas e as propostas e accións a adoptar.

A continuación, a Responsable de Calidade do Centro informou do estado das accións de mellora do curso 2017-18 relacionadas co título que foron formuladas como accións de mellora de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2017-18 no seu apartado 3, das que se fai un breve resumo a continuación:

AMF1718-2 Fomentar a realización de novos convenios con universidades estranxeiras. Foi executada durante o curso 2017-18 xa que se asinou un novo convenio Erasmus coa University of Chester en Reino Unido.

AMF1718-3 Recompilación de información sobre necesidades formativas (de egresados e empregadores) e preferencias (estudantes), mediante enquisas, reunións, etc. As enquisas leváronse a cabo no curso 2017-18 e os resultados foron analizados pola Comisión de Título, polo que se considera finalizada esta acción.

AMF1718-4 e 5 Elaboración do Plan de Captación e de Acción Titorial respectivamente. Foron elaborados e aprobados polo que esta acción considerase finalizada.

AMF1718-6 e 7 Necesidade de substitución de equipamentos docentes, concretamente a renovación de proxectores de vídeo para a docencia nas aulas e instalación de novas

infraestruturas, material e equipamento docente respectivamente. Tamén foi executada no curso 2017-18.

AMF1718-8 Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos do GNHD. En Comisións de Título pasadas tratouse en profundidade este asunto e estábase á espera de recibir os resultados das enquisas que foron realizadas no curso 2017-18. Tras a súa análise obsérvase que a formación do Grao se complementa con xornadas e cursos que xa son ofrecidos ó longo destes anos no Centro polo que non se estima oportuno levar a cabo unha modificación do plan de estudos. Deste xeito esta acción de mellora queda finalizada.

En canto ás accións de mellora para o vindeiro curso 2018-19, o Coordinador do Título e a Responsable de Calidade do Centro, tendo en conta as reflexións e achegas debatidas nesta Comisión, propoñen as seguintes:

- Elaboración e aprobación do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias. Neste caso trátase da continuación da acción de mellora que quedou pendente de execución no curso 2017-18.
- Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras para favorecer os intercambios.
- Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do Centro para aumentar a matrícula do GNHD. Tratarase de mellorar neste curso a xestión do acceso por parte da CIUG para evitar que queden prazas vacantes aínda tendo alumnado en lista de espera para matricularse.
- Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento docente como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.
- Instalación dun cartel grande na fachada da Facultade e cambiar a rotulación do monolito exterior para que inclúa o nome da Facultade de Ciencias e os nomes dos graos que se imparten no Centro.
- Mellorar a información da páxina Web da Facultade de Ciencias e das súas titulacións.

Finalmente, os asistentes **acordan por unanimidade aprobar os informes e accións de mellora propostos que figurarán incorporados na Memoria de Calidade do Centro 2017-18** que se atopará dispoñible no enlace: http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html, unha vez aprobada na Comisión de Calidade do Centro e posteriormente pola Xunta de Facultade co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 04/04/2019

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Renuncia ao Prácticum.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 4 de abril de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O decano e presidente desculpa a asistencia da representante do alumnado Marina Perejón por motivos académicos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 29/01/2019, 12/02/2019 e 11/03/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informa de que ADINU Galicia organiza unhas charlas: *"Nutrición en abril charlas mil"* que se van a desenvolver o 2, 9, 23 e 30 de abril na Facultade de Maxisterio para facilitar a asistencia a todos interesados, tanto do propio centro como de fóra do mesmo.

Tamén indicou que, ante a proposta de modificación de data dun exame, a normativa non permite facer modificacións con facilidade xa que sería necesaria autorización da vicerreitoría con competencias en organización académica e sempre que a mesma non cause prexuízos ao alumnado xa matriculado. Por este motivo, o profesorado afectado deberá tratar de buscar outras opcións para non cambiar a data dos mesmos.

Xa para finalizar, informou de que tiveron lugar o 29 e 30 de marzo as I Xornadas de CODINUGAL, con gran asistencia. De cara ao vindeiro curso tratarase de realizar en horario semanal e tratarase de darlle máis difusión.

A continuación o decano cede a palabra ao coordinador do GNHD o cal informa de que terán lugar no mes de xuño as *"II JORNADA NACIONAL DEL PROFESORADO DEL GRADO EN NUTRICIÓN HUMANA Y DIETÉTICA"* que terán lugar na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade de Alicante. Indica que é un foro no que sería de interese que participara a Facultade polo que se poñerá en contacto co profesorado para ver que posibilidades hai de que asista algún representante.

3. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

O decano informa de que hai 48 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2018-19, dos cales 14 teñen proposta aprobada en comisións anteriores, 2 solicitan a modificación da que xa tiñan aprobada e 32 presentan a súa proposta nesta ocasión. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Allegue Vidal, Iria | Análisis de la realidad actual de los trastornos de la conducta alimentaria. |
| Álvarez Ramil, Lara | Intervención nutricional en menús. |
| Baz Méndez, Nuria | El método Baby-Led Weaning. |
| Bouzas Santos, Sofía | Alimentación na adolescencia e factores que inflúen nesta. |
| Bustabad Porta, Raquel | Sobrecrecimiento bacteriano en el intestino delgado. Un abordaje nutricional. |
| Corbelle Domínguez, Andrea | Enfermidades renais: a intervención nutricional no paciente dializado. |
| Díaz Formoso, Lara | Proyecto piloto para la evaluación de menús escolares. |
| Fernández Álvarez, Alejandro | Desarrollo del concepto "Carro Saludable" para educación nutricional. |
| Fernández Cuesta, Nerea | Abordaje nutricional en el síndrome del ovario poliquístico. |
| Fernández Díaz, Pablo | Cetosis y pérdida de grasa en el deportista. |

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Fernández Orizales, Lucía | Microbiota intestinal y trastorno del espectro autista. |
| Flórez Mora, María | Alimentación en el ámbito laboral: implantación y evaluación de un programa de nutrición y modificación de estilos de vida en una gran empresa. |
| Freire Insua, Tamara | Relación entre a fibromialxia e a nutrición. |
| García Espasandín, Iván | Análise do pan na comarca de Bergantiños. |
| Garea Millares, Lorena | Influencias de la dieta en la aparición del cáncer gástrico. |
| Gómez Ramos, Antonio José | MINDULF EATING - La alimentación consciente. |
| González Bergantiños, Iris | Educación nutricional na prevención da obesidade infantil en Galiza: plan Xérmola. |
| Gutiérrez Robles, Saúl | Microbiota intestinal, inmunomodulación y deporte. |
| López Basanta, Lucía | Como afecta la creatina al rendimiento deportivo. |
| López Mateo, Sara | La dieta FODMAP y su aplicación en diversas patologías y/o alteraciones intestinales. |
| Lorenzo Carballido, Ana Isabel | Hiperuricemia, gota y enfermedad renal. |
| Loureiro García, Silvia | Actitude, coñecemento e consumo de carne e produtos cárnicos na poboación. |
| Mariño Ferreiro, Denis | Consumo de leite cruda. |
| Martín Sacristán, Eloy | Actualización de los factores de riesgo alimenticios del acné. |
| Martínez López, Jorge | Valoración de la fuerza normal (hand-rip) en futbolistas en formación: relación con parámetros antropométricos. |
| Nieto Pombo, Fátima | Complicaciones e intervención nutricional en la mujer alcohólica. |
| Perejón García, Marina | Máquina expendedora y alimentación saludable, ¿son compatibles?. |
| Quevedo López, Héctor | La importancia del glóbulo graso de la leche materna como fuente de componentes bioactivos en fórmulas para lactantes. |
| Rodríguez Lavandeira, Uxía | Sindrome del intestino irritable (SII): hipótesis etiológicas y abordaje nutricional. |
| Santaeufemia González, Javier | Intervención nutricional en futbolistas profesionales: prevención y recuperación de lesiones. |
| Seoane Sánchez, Ana | Microbiota intestinal. Impacto sobre la salud humana. |
| Vigo Iglesias, Ana | Péptidos reguladores del control de la ingesta en anorexia y bulimia. |
| Yáñez Pérez, Marta | Cereales comerciales. |
| Zapico Arbolea, Pablo | Efecto del consumo de queso en la salud. |

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2018-19 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | DATA AP. | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 04/04/2019 | Allegue Vidal, Iria | Análisis de la realidad actual de los trastornos de la conducta alimentaria. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Nicolás Piedrafita Páez | G2071 | 50% |
| 2 | 04/04/2019 | Álvarez Ramil, Lara | Intervención nutricional en menús. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | G2071 | 50% |
| 3 | 06/04/2017 | Álvarez Vidueira, Iria | Intolerancia á Glicosa por consumo de Edulcorantes Artificiais. | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 4 | 09/06/2017 | Balado Cabana, Pablo | La Genómica Nutricional y su Papel en la Nutrición. | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 5 | 04/04/2019 | Baz Méndez, Nuria | El método Baby-Led Weaning. | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 6 | 04/04/2019 | Bouzas Santos, Sofía | Alimentación na adolescencia e factores que inflúen nesta. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% |
| 7 | 04/04/2019 | Bustabad Porta, Raquel | Sobrecrecimiento bacteriano en el intestino delgado. Un abordaje nutricional. | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 8 | 09/11/2018 | Cancela Rodríguez, Javier | Pan y Población Senior. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 9 | 09/11/2018 | Chan Marcos, Sabela | Evaluación del Grado de Adherencia , de un Equipo de Rugby Local, a las Pautas Dietéticas Individualizadas Establecidas por un Profesional Dietista-Nutricionista. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Ricardo Daniel Estévez López | G2071 | 50% |
| 10 | 04/04/2019 | Corbelle Domínguez, Andrea | Enfermidades renais: a intervención nutricional no paciente dializado. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 11 | 04/04/2019 | Díaz Formoso, Lara | Proyecto piloto para la evaluación de menús escolares. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Ana Mª Martínez Lorente | G2071 | 50% |
| 12 | 04/04/2019 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desarrollo del concepto "Carro Saludable" para educación nutricional. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 13 | 04/04/2019 | Fernández Cuesta, Nerea | Abordaje nutricional en el síndrome del ovario poliquístico. | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 14 | 04/04/2019 | Fernández Díaz, Pablo | Cetosis y pérdida de grasa en el deportista. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |

| Nº | DATA AP. | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15 | 04/04/2019 | Fernández Orizales, Lucía | Microbiota intestinal y trastorno del espectro autista. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% |
| 16 | 04/04/2019 | Flórez Mora, María | Alimentación en el ámbito laboral: implantación y evaluación de un programa de nutrición y modificación de estilos de vida en una gran empresa. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 17 | 04/04/2019 | Freire Insua, Tamara | Relación entre a fibromialxia e a nutrición. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% |
| 18 | 04/04/2019 | García Espasandín, Iván | Análise do pan na comarca de Bergantiños. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 19 | 04/04/2019 | Garea Millares, Lorena | Influencias de la dieta en la aparición del cáncer gástrico. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 20 | 04/04/2019 | Gómez Ramos, Antonio José | MINDULF EATING - La alimentación consciente. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 21 | 04/04/2019 | González Bergantiños, Iris | Educación nutricional na prevención da obesidade infantil en Galiza: plan Xérmola. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Esperanza Otero Vázquez | G2071 | 50% |
| 22 | 05/04/2018 | González Leiro, Mario | Síndrome Metabólico. Abordaje Terapéutico en el Ámbito Sanitario Multidisciplinar. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 23 | 04/04/2019 | Gutiérrez Robles, Saúl | Microbiota intestinal, inmunomodulación y deporte. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 24 | 05/04/2018 | Iglesias Martínez, María | La Alimentación en los Residentes Gerontológicos: Adecuación Nutricional y los Efectos Sobre la Situación Ponderal. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |
| 25 | 05/04/2018 | Landeira Miliani, Daniela Del Carmen | Efecto de la Grasa de Leche y Productos Lácteos sobre las Enfermedades Cardiovasculares. | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | |
| 26 | 04/04/2019 | López Basanta, Lucía | Como afecta la creatina al rendimiento deportivo. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 27 | 09/11/2018 | López Gamez, Ana | El Efecto del Estrés y la Ansiedad sobre la Nutrición. | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 100% | | | |
| 28 | 04/04/2019 | López Mateo, Sara | La dieta FODMAP y su aplicación en diversas patologías y/o alteraciones intestinales. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Lidia Carballo Macía | G2071 | 50% |
| 29 | 04/04/2019 | Lorenzo Carballido, Ana Isabel | Hiperuricemia, gota y enfermedad renal. | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% |
| 30 | 04/04/2019 | Loureiro García, Silvia | Actitude, coñecemento e consumo de carne e produtos cárnicos na poboación. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 31 | 26/04/2019 | Maceira Franqueiro, María José | Nutrición en el Daño Cerebral. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 32 | 04/04/2019 | Mariño Ferreiro, Denis | Consumo de leite cruda. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 33 | 04/04/2019 | Martín Sacristán, Eloy | Actualización de los factores de riesgo alimenticios del acné. | Regueira Mendez, Carlos M.P. | 615 | 100% | | | |
| 34 | 04/04/2019 | Martínez López, Jorge | Valoración de la fuerza normal (hand-rip) en futbolistas en formación: relación con parámetros antropométricos. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 50% | Federico Mallo Ferrer | G2071 | 50% |
| 35 | 09/11/2018 | Mosquera Fernández, Carla | Valoración e Intervención Nutricional en Pacientes con Enfermedad Renal Crónica en Hemodiálisis. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Nicolás Piedrafita Páez | G2071 | 50% |
| 36 | 04/04/2019 | Nieto Pombo, Fátima | Complicaciones e intervención nutricional en la mujer alcohólica. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 37 | 05/04/2018 | Pacios García, Judit | Semillas de Chía: Composición Nutricional y Beneficios de su Consumo. | Angel Cobos García | 780 | 50% | Olga Díaz Rubio | 780 | 50% |
| 38 | 04/04/2019 | Perejón García, Marina | Máquina expendedora y alimentación saludable, ¿son compatibles?. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 39 | 05/04/2018 | Pérez Rodríguez, Débora | Influencia de la Alimentación en el Deporte. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 40 | 05/04/2018 | Portomeñe Rojo, Miguel | Dieta Vegetariana en Enfermedad Renal Crónica. | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% |
| 41 | 04/04/2019 | Quevedo López, Héctor | La importancia del glóbulo graso de la leche materna como fuente de componentes bioactivos en fórmulas para lactantes. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% |
| 42 | 04/04/2019 | Rodríguez Lavandeira, Uxía | Sindrome del intestino irritable (SII): hipótesis etiológicas y abordaje nutricional. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 43 | 05/04/2018 | Salgado Hermida, Iria | Manejo Dietético en los Sujetos con Lesiones Medulares: Necesidades Especiales y Prevención de Patologías Relacionadas. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |
| 44 | 04/04/2019 | Santaeufemia González, Javier | Intervención nutricional en futbolistas profesionales: prevención y recuperación de lesiones. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 50% | Laura Carballal Besteiro | G2071 | 50% |
| 45 | 04/04/2019 | Seoane Sánchez, Ana | Microbiota intestinal. Impacto sobre la salud humana. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 46 | 04/04/2019 | Vigo Iglesias, Ana | Péptidos reguladores del control de la ingesta en anorexia y bulimia. | Asteria M. Luzardo Álvarez | 310 | 100% | | | |
| 47 | 04/04/2019 | Yáñez Pérez, Marta | Cereales comerciales. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |
| 48 | 04/04/2019 | Zapico Arbolea, Pablo | Efecto del consumo de queso en la salud. | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | |

4. **Renuncia ao Prácticum.**

O decano informa de que se recibiu por parte do alumno Adrián Vidueiro Quintana unha comunicación da súa intención de renuncia ao Prácticum do curso actual. Tamén indica que, inicialmente, a este alumno se lle adxudicara provisionalmente a praza do Basque Culinary Center e, tras alegar que a solicitude deste destino fora errónea, adxudicóuselle de xeito definitivo outro da súa elección entre as vacantes que quedaron dispoñibles (Dulce Comienzo, S.L.) ao non afectar ao restante alumnado. Con posterioridade, solicitou modificar este destino tras xurdir importantes desavinzas co titor académico da entidade colaboradora que dificultaban

o desenvolvemento do Prácticum. A Comisión unha vez máis aceptou o cambio, co obxecto de facilitar que o alumno cursara a materia e dado que non afectaba ao restante alumnado. A entidade colaboradora foi elixida polo alumno entre as vacantes (Innolact, S.L.). Finalmente neste último destino asignado tamén xurdiron innumerables problemas polo que o alumno comunicou a súa intención de renuncia ao Prácticum.

Tras unha análise da situación, os asistentes valoraron toda a información e consideraron que sería preciso analizar, xunto cos titores das entidades colaboradoras afectadas, cal é a orixe deste cúmulo de incidencias, neste caso concreto, para tratar de que no futuro non se repitan situacións semellantes e que ao mesmo tempo non se produzan reticencias para o alumnado do GNHD por parte das empresas que ofertan prazas de Prácticum, dado que o habitual é que todo se desenvolva sen maiores contratempos e se acaden os obxectivos de xeito satisfactorio para o alumnado.

Finalmente os asistentes acordaron por unanimidade que a coordinadora do Prácticum leve a cabo a análise da situación, tras contactar coas entidades afectadas, co obxecto de que permitan incorporar posibles melloras en vindeiras edicións do Prácticum.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 26/04/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Modificación de proposta de TFG e asignación de titores.
3. Proposta de horarios para o curso 2019-20.

Ás 11:00 do día 26 de abril de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O decano e presidente desculpa a asistencia da Responsable de Calidade do Centro por un compromiso previo e informa de que asiste como invitada a Vicedecana, Asteria Mª Luzardo Álvarez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano deu lectura a o correo recibido da Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica referente a accións e recomendacións para aumentar a participación nas enquisas dos diferentes colectivos. Tamén informou de que o alumnado poderá realizar as enquisas de opinión sobre a docencia recibida no 2º semestre do 8 de abril ao 13 de maio. En relación a esta cuestión, dada a importancia das enquisas no ámbito da calidade e co obxecto de fomentar a

participación do alumnado, o coordinador do título contactará cos coordinadores de curso para tratar de que nos dez minutos finais dunha materia e iniciais da seguinte os alumnos acudan ás aulas de informática para cubrir as enquisas ao igual que se fixo en cursos precedentes. Para os restantes colectivos o centro remitirá correos recordatorios cando corresponda para tratar de fomentar a participación.

O coordinador do GNHD informa de que contactou con el a Coordinadora do Grupo de Investigación ATALAIA da Facultade de Ciencias da Educación da USC para levara a cabo entre o alumnado unha enquisa encargada pola Secretaría Xeral de Universidades. En relación a este asunto o feito de que as clases expositivas xa case finalizaran fará moi complexo efectuar a enquisa entre o alumnado, se deciden retomalas para o vindeiro curso deberían organizarse con máis tempo para ademais tratar de non sobrecargar ao alumnado con tantas enquisas e aglutinalas nunha mesma data. Os asistentes manifestaron a súa conformidade co coordinador.

2. **Modificación de proposta de TFG e asignación de titores.**

O decano informa de que se recibiu unha modificación dunha proposta de TFG correspondente á alumna Mª José Maceira Franqueiro segundo a cal incorporaría como cotitor ao profesional especializado Luis Vidal Estévez López.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes, **aceptan por unanimidade a modificación da proposta de TFG e acordan tamén por unanimidade aprobar para o curso 2018-19 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | DATA AP. | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 04/04/2019 | Allegue Vidal, Iria | Análisis de la realidad actual de los trastornos de la conducta alimentaria. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Nicolás Piedrafita Páez | G2071 | 50% |
| 2 | 04/04/2019 | Álvarez Ramil, Lara | Intervención nutricional en menús. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | G2071 | 50% |
| 3 | 06/04/2017 | Álvarez Vidueira, Iria | Intolerancia á Glicosa por consumo de Edulcorantes Artificiais. | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 4 | 09/06/2017 | Balado Cabana, Pablo | La Genómica Nutricional y su Papel en la Nutrición. | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 5 | 04/04/2019 | Baz Méndez, Nuria | El método Baby-Led Weaning. | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 6 | 04/04/2019 | Bouzas Santos, Sofía | Alimentación na adolescencia e factores que inflúen nesta. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% |
| 7 | 04/04/2019 | Bustabad Porta, Raquel | Sobrecrecimiento bacteriano en el intestino delgado. Un abordaje nutricional. | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 8 | 09/11/2018 | Cancela Rodríguez, Javier | Pan y Población Senior. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 9 | 09/11/2018 | Chan Marcos, Sabela | Evaluación del Grado de Adherencia , de un Equipo de Rugby Local, a las Pautas Dietéticas Individualizadas Establecidas por un Profesional Dietista-Nutricionista. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Ricardo Daniel Estévez López | G2071 | 50% |
| 10 | 04/04/2019 | Corbelle Domínguez, Andrea | Enfermidades renais: a intervención nutricional no paciente dializado. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 11 | 04/04/2019 | Díaz Formoso, Lara | Proyecto piloto para la evaluación de menús escolares. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Ana Mª Martínez Lorente | G2071 | 50% |
| 12 | 04/04/2019 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desarrollo del concepto "Carro Saludable" para educación nutricional. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 13 | 04/04/2019 | Fernández Cuesta, Nerea | Abordaje nutricional en el síndrome del ovario poliquístico. | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 14 | 04/04/2019 | Fernández Díaz, Pablo | Cetosis y pérdida de grasa en el deportista. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 15 | 04/04/2019 | Fernández Orizales, | Microbiota intestinal y trastorno del espectro autista. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas | G2071 | 50% |

| Nº | DATA AP. | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Lucía | | | | | Freire | | |
| 16 | 04/04/2019 | Flórez Mora, María | Alimentación en el ámbito laboral: implantación y evaluación de un programa de nutrición y modificación de estilos de vida en una gran empresa. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 17 | 04/04/2019 | Freire Insua, Tamara | Relación entre a fibromialxia e a nutrición. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% |
| 18 | 04/04/2019 | García Espasandín, Iván | Análise do pan na comarca de Bergantiños. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 19 | 04/04/2019 | Garea Millares, Lorena | Influencias de la dieta en la aparición del cáncer gástrico. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 20 | 04/04/2019 | Gómez Ramos, Antonio José | MINDULF EATING - La alimentación consciente. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 21 | 04/04/2019 | González Bergantiños, Iris | Educación nutricional na prevención da obesidade infantil en Galiza: plan Xérmola. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Esperanza Otero Vázquez | G2071 | 50% |
| 22 | 05/04/2018 | González Leiro, Mario | Síndrome Metabólico. Abordaje Terapéutico en el Ámbito Sanitario Multidisciplinar. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 23 | 04/04/2019 | Gutiérrez Robles, Saúl | Microbiota intestinal, inmunomodulación y deporte. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 24 | 05/04/2018 | Iglesias Martínez, María | La Alimentación en los Residentes Gerontológicos: Adecuación Nutricional y los Efectos Sobre la Situación Ponderal. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |
| 25 | 05/04/2018 | Landeira Miliani, Daniela Del Carmen | Efecto de la Grasa de Leche y Productos Lácteos sobre las Enfermedades Cardiovasculares. | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | |
| 26 | 04/04/2019 | López Basanta, Lucía | Como afecta la creatina al rendimiento deportivo. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 27 | 09/11/2018 | López Gamez, Ana | El Efecto del Estrés y la Ansiedad sobre la Nutrición. | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 100% | | | |
| 28 | 04/04/2019 | López Mateo, Sara | La dieta FODMAP y su aplicación en diversas patologías y/o alteraciones intestinales. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Lidia Carballo Macía | G2071 | 50% |
| 29 | 04/04/2019 | Lorenzo Carballido, Ana Isabel | Hiperuricemia, gota y enfermedad renal. | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% |
| 30 | 04/04/2019 | Loureiro García, Silvia | Actitude, coñecemento e consumo de carne e produtos cárnicos na poboación. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 31 | 26/04/2019 | Maceira Franqueiro, María José | Nutrición en el Daño Cerebral. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Luis Vidal Estévez López | G2071 | 50% |
| 32 | 04/04/2019 | Mariño Ferreiro, Denis | Consumo de leite cruda. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 33 | 04/04/2019 | Martín Sacristán, Eloy | Actualización de los factores de riesgo alimenticios del acné. | Regueira Mendez, Carlos M.P. | 615 | 100% | | | |
| 34 | 04/04/2019 | Martínez López, Jorge | Valoración de la fuerza normal (hand-rip) en futbolistas en formación: relación con parámetros antropométricos. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 50% | Federico Mallo Ferrer | G2071 | 50% |
| 35 | 09/11/2018 | Mosquera Fernández, Carla | Valoración e Intervención Nutricional en Pacientes con Enfermedad Renal Crónica en Hemodiálisis. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Nicolás Piedrafita Páez | G2071 | 50% |
| 36 | 04/04/2019 | Nieto Pombo, Fátima | Complicaciones e intervención nutricional en la mujer alcohólica. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 37 | 05/04/2018 | Pacios García, Judit | Semillas de Chía: Composición Nutricional y Beneficios de su Consumo. | Angel Cobos García | 780 | 50% | Olga Díaz Rubio | 780 | 50% |
| 38 | 04/04/2019 | Perejón García, Marina | Máquina expendedora y alimentación saludable, ¿son compatibles?. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 39 | 05/04/2018 | Pérez Rodríguez, Débora | Influencia de la Alimentación en el Deporte. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 40 | 05/04/2018 | Portomeñe Rojo, Miguel | Dieta Vegetariana en Enfermedad Renal Crónica. | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% |
| 41 | 04/04/2019 | Quevedo López, Héctor | La importancia del glóbulo graso de la leche materna como fuente de componentes bioactivos en fórmulas para lactantes. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% |
| 42 | 04/04/2019 | Rodríguez Lavandeira, Uxía | Sindrome del intestino irritable (SII): hipótesis etiológicas y abordaje nutricional. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 43 | 05/04/2018 | Salgado Hermida, Iria | Manejo Dietético en los Sujetos con Lesiones Medulares: Necesidades Especiales y Prevención de Patologías Relacionadas. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |
| 44 | 04/04/2019 | Santaeufemia González, Javier | Intervención nutricional en futbolistas profesionales: prevención y recuperación de lesiones. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 50% | Laura Carballal Besteiro | G2071 | 50% |
| 45 | 04/04/2019 | Seoane Sánchez, Ana | Microbiota intestinal. Impacto sobre la salud humana. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 46 | 04/04/2019 | Vigo Iglesias, Ana | Péptidos reguladores del control de la ingesta en anorexia y bulimia. | Asteria M. Luzardo Álvarez | 310 | 100% | | | |
| 47 | 04/04/2019 | Yáñez Pérez, Marta | Cereales comerciales. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | G2071 | 50% |
| 48 | 04/04/2019 | Zapico Arbolea, Pablo | Efecto del consumo de queso en la salud. | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | |

3. **Proposta de horarios para o curso 2019-20.**

O Decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do PDA, do calendario académico do curso 2019-20 e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2019-20 do Grao en Nutrición Humana e Dietética** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

Asdo.: Francisco José Fraga López

A SECRETARIA

Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 25/06/2019

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Revisión do informe de abandono potencial.
4. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2019-20.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 25 de xuño de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Ana Botana por coincidirlle con un curso e Mª Lourdes Vázquez por ter exame dunha materia que imparte. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no

que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 04/04/2019 e 26/04/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O decano, ante a proximidade de emisión por parte dos titores de TFG do informe de seguimento, indicou que sería moi axeitado que neste informe o profesorado indique que efectivamente se someteu o TFG ao Turnitin e no caso de que detecte plaxio marcar o recadro habilitado a tal fin na aplicación Xescampus e anexar o documento reducido resultante do Turnitin.

3. **Revisión do informe de abandono potencial.**

O decano informa de que a Responsable de Calidade do Centro achega o informe de abandono potencial do GNHD, remitido pola Área de Calidade, que recolle ao alumnado que iniciou estudos no curso 2018-19 e non superou ou non se presentou ningunha materia do 1º semestre.

Co obxectivo de minimizar o abandono nos vindeiros cursos e aumentar as taxas de rendemento académico, a Comisión de Título analizou este informe e discutiron acerca da posibilidade de levar a cabo algunha acción ou actividade dirixida a este alumnado. Nesta ocasión hai un total de 6 alumnos.

Os coordinadores amosaron a súa desconformidade co feito de que este informe se reciba de xeito tan tardío co cal xa non deixa marxe de manobra para levar a cabo ningún tipo de acción dentro do mesmo curso académico.

Dadas as alturas de curso ás que nos atopamos, os asistentes **acordaron por unanimidade que se realice unha análise das causas que motivan esta situación para tratalas en vindeiras reunións da comisión e tomar as medidas axeitadas.**

4. **Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2019-20.**

O decano foi dando a palabra aos coordinadores dos distintos módulos da titulación que se ocuparon de facer a revisión das programacións docentes e nesta ocasión non se detectaron incidencias.

Os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar as programacións docentes para o curso 2019-20 do Grao en Nutrición Humana e Dietética,** sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 28/06/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 10:30 do día 28 de xuño de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano indicou que, unha vez finalizado o período de entrega de TFG, era preciso que o título do traballo presentado coincidira exactamente co da proposta aprobada por esta comisión.

O coordinador indica que contactou co alumnado incluído no informe de abandono potencial e lles remitiu unha breve enquisa a cal se analizará noutra comisión que se celebre unha vez os

datos estean completos.

2. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2018-19.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os seguintes:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Allegue Vidal, Iria | Análise da realidade actual dos trastornos da conduta alimentaria |
| 2 | Álvarez Ramil, Lara | Intervención nutricional en menús escolares: Proposta de menú baseado no prato Harvard |
| 3 | Álvarez Vidueira, Iria | Intolerancia á glicosa por consumo de edulcorantes artificiais |
| 4 | Cancela Rodríguez, Javier | Pan e poboación sénior. |
| 5 | Díaz Formoso, Lara | Proxecto piloto para a avaliación de menús escolares. |
| 6 | Fernández Cuesta, Nerea | Abordaxe nutricional na Síndrome do Ovario Poliquístico |
| 7 | Fernández Orizales, Lucía | Microbiota intestinal e trastorno do espectro autista |
| 8 | Flórez Mora, María | Alimentación no ámbito laboral: Implantación e avaliación dun programa de nutrición e modificación de estilos de vida nunha gran empresa |
| 9 | Freire Insua, Tamara | Relación entre a fibromialxia e a nutrición |
| 10 | García Espasandín, Iván | Análise do pan na Comarca de Bergantiños |
| 11 | López Mateo, Sara | A dieta baixa en FODMAPs e a súa aplicación en diversas patoloxías e/ou alteracións gastrointestinais. |
| 12 | Lorenzo Carballido, Ana Isabel | Hiperuricemia, Gota e Enfermidade Renal |
| 13 | Loureiro García, Silvia | Actitude, coñecemento e consumo de carne e derivados cárnicos na poboación galega |
| 14 | Maceira Franqueiro, María José | A nutrición no dano cerebral |
| 15 | Mariño Ferreiro, Denis | Consumo de leite cru |
| 16 | Martínez López, Jorge | Avaliación da forza normal (hand-grip) en futbolistas en formación: relación con parámetros antropométricos |
| 17 | Nieto Pombo, Fátima | Complicacións e intervención nutricional na muller alcohólica |
| 18 | Portomeñe Rojo, Miguel | Dieta vexetariana e enfermidade renal crónica |
| 19 | Quevedo López, Héctor | A importancia do glóbulo graxo do leite materno como fonte de compoñentes bioactivos en fórmulas para lactantes. |
| 20 | Rodríguez Lavandeira, Uxía | Síndrome do intestino irritable (SII): hipóteses etiolóxicas e enfoque nutricional. |
| 21 | Salgado Hermida, Iria | Manexo dietético nos suxeitos con lesións medulares: Necesidades especiais e prevención de patoloxías relacionadas |
| 22 | Santaeufemia González, Javier | intervención nutricional en futbolistas profesionais: Prevención e recuperación de lesións |
| 23 | Seoane Sánchez, Ana | Microbiota intestinal. Impacto sobre a saúde humana. |
| 24 | Yáñez Pérez, Marta | Cereais comerciais |
| 25 | Zapico Arbolea, Pablo | Efecto do consumo de queixo na saúde |

A continuación, o Coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

| **Defensa de TFG GNHD:** 11/07/2019 | |
|---|---|
| **TRIBUNAL Nº1** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº1** |
| **Presidente:** Francisco Ángel Meijide del Río<br>**Vocal:** Jesús Antonio Casabiell Pintos<br>**Secretario:** Elena Freire Paz | 1º Carlos M. Pastor Regueira Méndez<br>2º Eugenio Anselmo Rguez Núñez<br>3º José Luis Rodríguez Otero |
| **Alumnos asignados:** do 1 ao 9 | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Presidente:** Mª Julia Melgar Riol<br>**Vocal:** Rosa Mª Peña Crecente<br>**Secretario:** José Manuel Miranda López | 1º Laura Rguez Silva<br>2º Mª Concepción Sáinz Rivadulla<br>3º Antonio Sampayo Flores |
| **Alumnos asignados:** do 10 ao 16 e o 19 | |
| **TRIBUNAL Nº3** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº3** |
| **Presidente:** Luis Alberto Ramil Novo<br>**Vocal:** Mª do Mar Pérez Fra<br>**Secretario:** Patricia Regal López | 1º Mª Ángeles Romero Rguez<br>2º Inés Sánchez Sellero<br>3º Concepción Sarandeses da Costa |
| **Alumnos asignados:** 17, 18 e do 20 ao 25 | |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de xullo do curso 2018-2019, segundo a táboa precedente**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE	A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López	Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 10/09/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
3. Corrección de erros nos horarios do curso 2019-20.

Ás 13:00 do día 10 de setembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente informa de que asiste como invitada a Vicedecana, Asteria Mª Luzardo Álvarez e a continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou do número de alumnos matriculados.

2. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2018-19.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os seguintes:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Baz Méndez, Nuria | O método Baby Led-Weaning |
| 2 | Bouzas Santos, Sofía | Alimentación na adolescencia e factores que inflúen nesta |
| 3 | Corbelle Domínguez, Andrea | Enfermidades renais: a intervención nutricional no paciente dializado |
| 4 | Fernández Díaz, Pablo | Cetosis e pérdida de graxa no deportista |
| 5 | González Bergantiños, Iris | Educación nutricional na prevención da obesidade infantil en Galicia: Plan Xermola. |
| 6 | Gutierrez Robles, Saul | Microbiota, inmunomodulación e deporte |
| 7 | Iglesias Martínez, María | A alimentación nos residentes xerontolóxicos: adecuación nutricional e efectos sobre a situación ponderal |
| 8 | Lopez Gamez, Ana | O efecto da estrés e ansiedade na nutrición. |
| 9 | Martín Sacristán, Eloy | Actualización dos factores de risco nutricional para o acne |
| 10 | Mosquera Fernández, Carla | Valoración e intervención nutricional en doentes con enfermidade renal crónica en hemodiálise. |
| 11 | Perejón García, Marina | Máquina expendedora e alimentación saudable, ¿Son compatibles? |
| 12 | Vigo Iglesias, Ana | Péptidos Reguladores do control da inxesta na anorexia e na bulimia |

A continuación, o Coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

<table>
<tr><td colspan="2">Defensa de TFG GNHD: 18/09/2019</td></tr>
<tr><td>TRIBUNAL Nº1</td><td>SUPLENTES TRIBUNAL Nº1</td></tr>
<tr><td>Presidente: Eugenio Anselmo Rguez Núñez<br>Vocal: Mª Ángeles Romero Rguez<br>Secretario: Mª Julia Melgar Riol</td><td>1º Concepción Sarandeses da Costa<br>2º Bernardo Valdés Pazos<br>3º Mª Villanueva López</td></tr>
<tr><td colspan="2">Alumnos asignados: do 1 ao 6</td></tr>
<tr><td>TRIBUNAL Nº2</td><td>SUPLENTES TRIBUNAL Nº2</td></tr>
<tr><td>Presidente: Mª Mercedes Rodríguez Vieytes<br>Vocal: Mª Concepción Sáinz Rivadulla<br>Secretario: Elena Freire Paz</td><td>1º Inés Sánchez Sellero<br>2º José Vázquez Tato<br>3º Ramiro Barcia Vieitez</td></tr>
<tr><td colspan="2">Alumnos asignados: do 7 ao 12</td></tr>
</table>

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a**

**avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2018-2019, segundo a táboa precedente**.

3. **Corrección de erros nos horarios do curso 2019-20.**

O decano informou de que ao introducir os horarios na aplicación Xescampus se detectaron pequenos erros nos horarios do curso 2019-20 que non afectan á docencia expositiva, senón sobre todo a grupos de titorías e algún grupo de laboratorio. Contactouse co profesorado afectado para incorporar os grupos que faltaban e xa se atopan corrixidos na páxina web.

Neste mesmo punto o decano aproveitou tamén para recordarlles aos asistentes a necesidade de modificar as datas dos exames como consecuencia de que a Xunta de Galicia fixara como festivo o 24 de xuño de 2020. Neste sentido o decano solicitou ao alumnado que fixera unha proposta de cambio para analizala en vindeiras reunións da Comisión.

A continuación informou da necesidade de incrementar ou diminuír algúns grupos, sobre todo de docencia interactiva, como consecuencia de que o nº de alumnos matriculados nalgunhas materias resultou ser superior ou inferior ás estimacións realizadas no PDA. O decano indicou que se solicitará á vicerreitoría as modificacións de PDA que sexan precisas para resolver esta situación.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE　　　　A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López　　　　Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 02/10/2019

## Orde do día:

1. Informes.
2. Revisión do informe de abandono potencial.
3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
4. Actas consolidadas curso 2018-19.

Ás 10:30 do día 2 de outubro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente desculpa a asistencia dos profesores Ramiro Barcia, Ángel Cobos e Ana Mª Botana por coincidirlles con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou de que se mantivo unha reunión con representantes de INGAPAN para tratar sobre o premio que ten previsto ofertar esta empresa a os mellores traballos fin de grao, que consistirá nun contrato laboral ou similar por un período de duración de 6 meses. Está previsto facelo para os TFG defendidos durante o curso 2018-19 coa intención de repetir a experiencia se esta fora satisfactoria.

A continuación o coordinador informa de que a sesión informativa sobre as materias optativas do GNHD tivo lugar o pasado 25 de setembro.

Tamén informou de que se colaborou desde a Facultade para facilitar ao alumnado a asistencia á *"XORNADA INFORMATIVA PROXECTO NUTRIAGE: Promoción do envellecemento saudable a través da nutrición e a dieta atlántica"* que terá lugar o 3 de outubro en Santiago de Compostela.

Finalmente o decano recordou aos asistentes e en especial á representante do alumnado da necesidade de modificar o calendario de exames despois de que o día 24 de xuño de 2010 fora declarado como día festivo. Solicitou a elaboración dunha proposta de modificación para aprobala en vindeiras reunións da Comisión.

A representante de alumnado informou da problemática de alumnado con necesidades educativas especiais e a profesora Lourdes Vázquez indicou que a información correspondente sobre este alumnado ao profesorado se recibiu do servizo correspondente da USC con case un mes de retraso respecto do inicio do curso.

A continuación a representante do alumnado continuou expoñendo os problemas de incompatibilidade horaria derivados da visita correspondente á materia Soporte Nutricional Avanzado ao Hospital Universitario Lucus Augusti, tamén problemas de recepción da wifi na aula de 4º curso e problemas da profesora Alejandra Cardelle para acceso ao campus virtual por non atoparse feita a correspondente incorporación no POD.

O decano toma nota destas cuestións indicando que o centro ten que resolver esa incidencia coa visita que xa non é a primeira vez que ocorre, tamén van solucionar o problema da wifi e en relación ao tema do POD é unha cuestión que deben resolver dende o departamento correspondente.

2. **Revisión do informe de abandono potencial.**

O decano informa de que en pasadas reunións da Comisión, o coordinador informou que contactara co alumnado incluído no citado informe de abandono potencial e lles remitira unha breve enquisa a cal contestaron 4 alumnos dos 6 incluídos no informe.

A enquisa realizada foi a seguinte:

*"Buenas tardes,*

*Hemos recibido comunicación del Area de Calidad y Mejora de Procedimientos de la USC en la que se recoge una lista de alumnos en situación de abandono potencial (alumnos sin contenidos superados ni reconocidos en el primer semestre).*

*Con el fin de cerrar el ciclo de calidad, nos estamos poniendo en contacto con todos los incluidos en la lista con la finalidad de recabar información sobre vuestra situación. En este sentido, te agradecería que marcases cuál de las siguientes opciones que figuran al pie de este correo refleja más adecuadamente tu situación actual.*

*La respuesta a este mini-cuestionario es completamente voluntaria. Sin embargo, la información recabada nos permitirá planificar más adecuadamente potenciales acciones de mejora en el futuro.*

*Por último, como coordinador del GNHD, quedo a tu disposición para lo que puedas necesitar. Lamento que esta iniciativa sea tan tardía, pero no hemos recibido el mencionado informe hasta este mes. Lo ideal sería que nos lo hubiesen enviado inmediatamente tras finalizar el primer cuatrimestre, con el fin de planificar acciones de apoyo tutorial que os facilitasen cumplir vuestros objetivos para el segundo cuatrimestre, pero desafortunadamente no ha sido así.*

*Saludos cordiales,*

*Jesús Casabiell*
*Coordinador, GNHD. USC - Campus Lugo*

*==========M A R C A R   U N A    U N I C A   O P C I O N============*

*_____ Voy a continuar en el GNHD*

*_____ Voy a abandonar el GNHD y no voy a continuar estudios universitarios*

*_____ Voy a abandonar el GNHD y voy a continuar estudios universitarios en otra titulación de la USC*

*_____ Voy a abandonar el GNHD y voy a continuar estudios universitarios en un GNHD de otra universidad*

*_____ Voy a abandonar el GNHD y voy a continuar estudios universitarios en otra titulación de otra universidad"*

Os resultados da mesma foron os seguintes:

Primeira opción: unha resposta

Segunda opción: unha resposta

Terceira opción: unha resposta

Cuarta opción: ningunha resposta

Quinta opción: unha resposta

Á vista dos resultados, os asistentes acordaron no presente curso non levar a cabo accións, excepto a de comunicar á Área de Calidade a necesidade de recibir esta información con máis antelación.

3. **Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.**

O decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GNHD, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por**

**unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GNHD que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

4. **Actas consolidadas curso 2018-19.**

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2018-19, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado cualificado, as mencións de "matrícula de honra" se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén o que solicitou renuncia.

O Decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de "matrícula de honra" corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2018-19 ás alumnas Uxía Rodríguez Lavandeira e Sara López Mateo**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 07/11/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
3. Modificación calendario exames 2019-20.
4. Proposta de modificación da normativa de TFG e do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.

Ás 10:30 do día 7 de novembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente indica que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. Tamén desculpa a asistencia dos profesores Jesús Casabiell e Mª Ángeles Romero por coincidirlles con docencia, e a de Beatriz Vázquez por cuestións relacionadas coa súa investigación. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano indicou de que nunha reunión mantida coa Vicerreitora de Comunicación se informou de que teñen previsto celebrar unha serie de feiras en distintas localizacións de Galicia para a difusión das titulacións da USC.

2. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

O Decano informa de que hai 57 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2018-19, dos cales 7 presentaron proposta, 6 téñena vixente de cursos anteriores. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFG presentadas que son as seguintes:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Campello López, Laura | A importancia da Vitamina D no embarazo |
| Chan Marcos, Sabela | Avaliación da relación existente entre o consumo de edulcorantes artificiais acalóricos, a estimulación de receptores do sabor doce e a saúde. |
| Garea Millares, Lorena | Aspectos dietéticos e cancro gástrico |
| Gómez Ramos, Antonio José | Mindful Eating - A alimentación consciente |
| Ledo Freire, Cristina | Condicionantes nutricionais en prematuros |
| Nieves López, Carlos | diabetes mellitus tipo 2 e dieta: influencia da inxesta de medicación crónica no perfil da microbiota intestinal |
| Sosa Fernández, Paula | Nutrición no transplante renal. Revisión bibliográfica. |

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2019-20 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Balado Cabana, Pablo | A xenómica nutricional e o seu papel na nutrición | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 2 | Bustabad Porta, Raquel | Sobrecrecemento bacteriano no intestino delgado. Un abordaxe nutricional. | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 3 | Campello López, Laura | A importancia da Vitamina D no embarazo | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 4 | Chan Marcos, Sabela | Avaliación da relación existente entre o consumo de edulcorantes artificiais acalóricos, a estimulación de receptores do sabor doce e a saúde. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Ricardo Daniel Estévez López | G2071 | 50% |
| 5 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 6 | Garea Millares, Lorena | Aspectos dietéticos e cancro gástrico | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 7 | Gómez Ramos, Antonio José | Mindful Eating - A alimentación consciente | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 8 | González Leiro, Mario | Síndrome metabólica. Enfoque terapéutico no campo sanitario multidisciplinar. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 9 | Landeira Miliani, Daniela Del Carmen | Efecto da graxa do leite e produtos lácteos sobre as enfermidades cardiovasculares | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | |
| 10 | Ledo Freire, Cristina | Condicionantes nutricionais en prematuros | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% |
| 11 | López Basanta, Lucía | Como afecta a creatina o rendemento do deportista | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 12 | Nieves López, Carlos | diabetes mellitus tipo 2 e dieta: influencia da inxesta de medicación crónica no perfil da microbiota intestinal | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% |
| 13 | Sosa Fernández, Paula | Nutrición no transplante renal. Revisión bibliográfica. | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% |

3. **Modificación calendario exames 2019-20.**

O decano indica que, tras a publicación do Decreto 81/2019, do 27 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020, tivemos coñecemento de que o día 24 de xuño de 2020 foi considerado como día festivo e dáse a circunstancia de que ese día se atopan fixados exames nas distintas titulacións do centro. Tras consultar co alumnado e profesorado propóñense as seguintes modificacións no calendario de exames:

| Materia | Data e hora inicial | Data e hora final |
|---|---|---|
| Tecnoloxía Culinaria e Alimentaria (G2071227) | 24/06/2020 10-14 h | 23/06/2020 10-14 h |
| Garantía de Calidade (G2071332) | 24/06/2020 16-20 h | 23/06/2020 16-20 h |
| Ciencia e Tecnoloxía de Produtos Vexetais (G2071444) | 24/06/2020 10-14 h | 25/06/2020 10-14 h |

Os asistentes **aproban por unanimidade a modificación do calendario de exames 2019-20.**

4. **Proposta de modificación da normativa de TFG e do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha proposta de modificación da Normativa de TFG e os correspondentes anexos, e tamén do Procedemento de Asignación de titores e Propostas de TFG e o seu anexo. A continuación foi dando lectura aos mesmos, estando as modificacións centradas na variación da forma de presentación dos traballos fin de grao e das correspondentes propostas que agora o alumnado realiza a través da secretaría virtual polo que xa non é preciso facer a entrega en papel.

Tras incorporar as modificacións oportunas, **os asistentes acordan por unanimidade aprobar a modificación da Normativa de TFG do GNHD e tamén do Procedemento de Asignación de Titores e Propostas de TFG, que se acompañan como ANEXOS I e II respectivamente á presente acta.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 22/11/2019

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 22 de novembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Olga Díaz Rubio por coincidirlle cunha visita a empresas, Mª Lourdes Vázquez por motivos docentes, Beatriz Vázquez por ter convocada unha reunión previa e da representante do alumnado por formar parte da organización do congreso que ten lugar no día de hoxe no centro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 25/06/2019, 28/06/2019, 10/09/2019, 02/10/2019 e 07/11/2019, co obxecto de que os membros tiveran a

oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O decano deulle a palabra ao coordinador do GNHD o cal informou de que en relación ao Prácticum do GNHD é preciso que todo o alumnado achegue a través da Secretaría Virtual o certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e tamén o compromiso de confidencialidade dos alumnos de titulacións relacionadas coas ciencias da saúde. A continuación explicou aos asistentes detalles sobre estes dous trámites.

3. **Recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.**

O decano informou de que se recibiu unha solicitude de recoñecemento de materias do GNHD polo ciclo formativo de grao superior denominado “Próteses Dentais” e, tras remitir a información completa sobre o plan de estudos do ciclo aos membros da comisión, non ven posibilidades de recoñecemento para o mesmo por non acadar axeitadamente os obxectivos e competencias das materias do plan de estudos do grao. Neste mesmo sentido se recibiron correos electrónicos de membros da comisión que non puideron asistir á mesma.

Tras a revisión da documentación, **os asistentes acordan por unanimidade emitir informe desfavorable de recoñecemento para o ciclo formativo de grao superior LOE denominado “Próteses Dentais”.**

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 04/12/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2019-20.

Ás 10:00 do día 4 de decembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Mª Lourdes Vázquez, Olga Díaz e Beatriz Vázquez por motivos docentes, tamén indica que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou da convocatoria, o pasado mes de novembro, do concurso de TFG e, tras finalizar o prazo de solicitudes, tan solo se presentaron 2 o cal non é unha boa cifra tendo en conta que o número de TFG defendidos no curso pasado ascendeu a 37, o que pode poñer en perigo a posibilidade de convocatoria para o curso seguinte dado o pouco interese amosado polo alumnado.

O decano tamén informou da posibilidade de presentar declaración de interese para implantar programas de estudos de graos abertos no vindeiro curso 2010-21 ata o vindeiro 31 de xaneiro, aínda que para o GNHD non sexa unha opción de interese.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2019-20.**

O decano informou de que ao igual que en cursos pasados é preciso aprobar e publicar a convocatoria de Practicum para o curso 2019-20 e, previamente, levar a cabo a asignación de titores académicos ás prazas ofertadas.

A profesora Ana Botana fixo algunhas consultas e suxestións á proposta de convocatoria e o decano informou de que 2 convenios propiciados por alumnos aínda non se atopaban totalmente asinados polo que non se ían poder incorporar como prazas ofertadas para este curso.

A continuación cedeulle a palabra á coordinadora do Practicum que foi dando lectura as prazas e propoñendo os titores académicos, tomando como punto de partida os datos do curso anterior con algunhas pequenas modificacións.

Finalmente, os asistentes **aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Practicum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2019-20 a cal se publicará debidamente e que se incorpora como ANEXO á presente acta.** Tamén acordaron incorporar á mesma as ofertas de prazas que estaban pendentes da sinatura dos respectivos convenios, sempre e cando se reciban antes das 14 horas do día actual.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE — A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 20/12/2019

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2019-20.

Ás 11:30 do día 20 de decembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente desculpa a asistencia da profesora Beatriz Vázquez por auditoría no laboratorio. Tamén indica que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou sobre o concurso de TFG, dando lectura á acta que os asistentes acordan por asentimento incorporar como ANEXO I á presente acta.

Tamén indicou que na derradeira reunión da Comisión de Titulacións se informou da intención da Xunta de Galicia de implantar graos universitarios duais de xeito parecido a como se está facendo na actualidade cos ciclos de formación profesional.

A coordinadora do Prácticum indicou tamén que na II Convocatoria dos Premios da Cátedra do Pan e do Cereal da Cunha que foron convocados en meses pasados outorgou o 2º premio a un alumno do GNHD, polo que lle parece do máximo interese que se trate de fomentar entre o alumnado a participación neste tipo de concursos.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2019-20.**

O decano indica que tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes, é preciso realizar a asignación e publicar a lista provisional de asignación de destinos tendo en conta os criterios establecidos no artigo 4.5 das Normas de Desenvolvemento do Practicum do GNHD e as preferencias manifestadas polo alumnado na súa solicitude.

A continuación tamén informou da queixa presentada por alumnado en relación ao Prácticum, motivada por non poder asinar convenio a tempo. Neste sentido o decano suxeriu de que, a pesar de ser moi accesibles en calquera momento para todo o alumnado, para vindeiras edicións do Prácticum sería interesante ao mellor reunirse co alumado de 3º curso co obxecto de que traten de iniciar os trámites para propiciar convenios con máis antelación para que este problema, que acontece case todos os cursos, se minimice na medida do posible.

O decano a continuación, deu lectura á lista provisional de asignación de destinos e informou de que arredor do 70% do alumnado obtivo a praza solicitada en 1ª opción, dada a ampla oferta existente.

Finalmente, os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a lista provisional de asignación de destinos do Prácticum para o curso 2019-20, que se acompaña como ANEXO II á presente acta. Tamén acordaron delegar no decano e presidente da Comisión a facultade para realizar todos os restantes actos e publicacións derivados da presente convocatoria, sempre e cando non se produzan reclamacións, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
|---|---|
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 09/01/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticum, curso 2019-20.

Ás 10:30 do día 9 de xaneiro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |

O decano e presidente desculpa a asistencia da representante do alumnado por atoparse fóra da cidade. Tamén indica que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

Neste punto non se produciron intervencións.

2. **Convocatoria de Prácticum, curso 2019-20.**

O decano indica que, tras a publicación da lista provisional de asignación de destinos do Prácticum publicada o pasado día 20 de decembro, houbo un período de reclamacións á mesma durante o que se recibiu unha petición da alumna Andrea Coto que se acompaña como ANEXO

I á presente acta. A alumna indica que se equivocou ao cumprimentar o documento de solicitude de prazas e por erro non marcou en primeiro lugar a praza ofertada en Cristina Pérez Rodil, cuxo convenio foi propiciado por ela mesma o cal lle outorga dereito preferente segundo o indicado na normativa da USC.

Os asistentes tras comentar este asunto finalmente accederon á petición da alumna ao non influír sobre as prazas asignadas aos restantes alumnos.

Finalmente, os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a lista definitiva de asignación de destinos do Prácticum para o curso 2019-20, que se acompaña como ANEXO II á presente acta.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE — A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 28/01/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Prácticum, curso 2019-20: modificación de asignación.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2020-21.

Ás 13:00 do día 28 de xaneiro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou da intención de propoñer, na vindeira reunión da Xunta de Facultade, concorrer co GEPQI á convocatoria para oferta do grao aberto. Nun primeiro momento desbotarase esta posibilidade pero, ao ter coñecemento de que isto nos daría facilidades para ofertar no vindeiro curso o novo título de Grao en Bioquímica sen necesidade de retirar prazas

doutras titulacións do centro, fixo que sexa preciso reconsiderar a nosa decisión.

2. **Prácticum, curso 2019-20: modificación de asignación.**

O decano informa de que no Prácticum xurdiron problemas coa praza asignada á alumna Paula Sosa, xa que nun primeiro momento tan solo tiña que incorporarse un pouco máis tarde á mesma, pero finalmente a empresa tivo dificultades imprevistas e non puido acollela. Por este motivo, e seguindo o indicado na convocatoria: *"se o estudante non recibise a formación por neglixencia ou incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas, elixindo o seu destino de entre as vacantes ofertadas na convocatoria"* estívose en conversas coa alumna para que propuxera outros destinos e elixiu en orde de prelación a Consellería de Sanidade en Santiago, O Clúster Alimentario de Galicia e Feiraco Lácteos S.L.

Finalmente, os asistentes **acordaron por unanimidade asignarlle á alumna a praza da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela e aprobar e publicar novamente a lista definitiva de asignación de destinos do Prácticum 2019-20 que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

3. **Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2020-21.**

O decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2020-21 para os títulos de Grao e deu lectura aos aspectos mais relevantes da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2020-21 con respecto á do presente curso (60 prazas de inicio, 6 de continuación e 3 para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros).**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE — A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 07/02/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. PDA curso 2020-21.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 11:00 do día 7 de febreiro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Beatriz Vázquez por coincidirlle con prácticas de laboratorio e Mª Ángeles Romero por motivos docentes. Tamén indica que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou de que ao remate da Comisión a directora do Grao en Nutrición da Universidade Tras-Os-Montes/Alto Douro fará unha pequena presentación da titulación.

Tamén comentou que o profesor da materia Química e Gastronomía lle remitiu un correo

indicando que hai unha opinión favorable ao cese da oferta desa materia por parte do profesorado do Departamento de Química Orgánica en Lugo e desexarían deixar de impartila no curso 2020-21. O decano en este aspecto indicou que tanto neste caso, como noutros similares, ata que se reciba a solicitude por parte do departamento, que é o que corresponde por ser o responsable da docencia, non se vai facer ningunha xestión, polo tanto cando se reciba tomarase en consideración.

2. **PDA curso 2020-21.**

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2020-21 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Modificación distribución horas de docencia: tendo en conta a solicitude do Departamento de Filosofía e Antropoloxía e coa conformidade do centro, sería preciso a modificación da distribución da docencia da materia G2071104 Fundamentos Antropolóxicos da Alimentación quedando con 25 horas de docencia expositiva e 24 horas de interactiva de seminario (antes 45 e 4 horas respectivamente), tal e como figura en Xescampus na liña correspondente ao centro. Esta solicitude ven motivada por resultar a distribución actual pouco axeitada para a formación dos estudantes, por precisar un maior equilibrio entre docencia expositiva e interactiva. Trátase dunha modificación non substancial para a mellora que se recollerá no seguimento do título segundo o SGC e se incorporará á memoria cando se someta a un proceso de modificación.
- Solicitude de creación dun grupo de centro adicional de docencia interactiva de laboratorio para a materia G2071106 Química II (pasa de 3 a 4), de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía debido ao elevado nº de alumnos que cursan a materia e polo nº de repetidores que deben volver a realizar as prácticas, o cal redundaría nunha mellora da calidade docente.
- Solicitude de redución de grupos de docencia interactiva.
    - Departamento de Fisioloxía solicita redución de grupos de docencia interactiva, debido á falta de recursos humanos; noutro caso resultaralles imposible simultanear a docencia con outros centros da USC. As materias e grupos afectados serían os seguintes:
        - G2071109 Fisioloxía Humana II: suprimir 1 grupo de laboratorio (pasando de 4

a 3) e 1 de seminario (pasando de 3 a 2).

- G2071325 Fisiopatoloxía: suprimir 1 grupo de seminario (pasando de 2 a 1).

o Solicítase a redución de 1 grupo de docencia interactiva de laboratorio na materia G2071101 Física para Ciencias da Vida (pasando de 4 a 3), por cuestións organizativas relativas á coordinación de grupos do 1º curso.

- Na materia G2071424 Prácticum introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2019-20 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.
- Na materia G2071425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2018-19 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2020-21 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2019-20.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os seguintes:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Garea Millares, Lorena | Aspectos dietéticos e cancro gástrico |
| 2 | Landeira Miliani, Daniela Del Carmen | Efecto da graxa do leite e produtos lácteos sobre as enfermidades cardiovasculares |
| 3 | Ledo Freire, Cristina | Condicionantes nutricionais en prematuros |

A continuación, o decano considerando as manifestacións do coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

| **Defensa de TFG GNHD:** 19/02/2020 | |
|---|---|
| **TRIBUNAL** | **SUPLENTES TRIBUNAL** |
| **Presidente:** José Vázquez Tato<br>**Vocal:** Beatriz I. Vázquez Belda<br>**Secretario:** Bernardo Valdés Pazos | 1º Mª Lourdes Vázquez Oderiz<br>2º Mª Pilar Vázquez Tato<br>3º Mª Villanueva López |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2019-2020, segundo a táboa precedente**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE                                        A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López                   Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 20/02/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.

Ás 12:00 do día 20 de febreiro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | |
|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna |

O decano e presidente desculpa a asistencia do seguinte profesorado: Aida Jover, Beatriz Vázquez, Ana Botana, Lourdes Vázquez e Jesús Casabiell por coincidirlles con docencia. Tamén indica que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou da data de celebración do acto de graduación do alumnado que será o vindeiro 5 de xuño.

Tamén indicou que a USC puxo en marcha "A USC CAMIÑA. Xornadas de Achegamento á USC" que pretende divulgar as titulacións da USC entre o estudantado de bachillerato. Terán lugar entre marzo e abril en Mondoñedo, Ponteceso, Campus de Lugo e Noia e participará profesorado da Facultade.

2. **Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.**

O decano informa de se recibiu unha solicitude para o recoñecemento da materia Garantía de

Calidade do GNHD de alumnado que cursou o ciclo formativo de grao superior Procesos e Calidade na Industria Alimentaria que non está recollida no catálogo de validacións para técnicos superiores de formación profesional segundo o acordo coa Xunta de Galicia e as tres universidades galegas. Para este ciclo, xa se atopan recoñecidas neste momento un total de 4 materias (24 ECTS), polo que se trataría de decidir se é procedente ampliar o catalogo actual co recoñecemento da materia de Garantía de Calidade para este ciclo (LOE), e tamén para o seu equivalente (LOXSE) denominado Industria Alimentaria.

Remitiuse xunto coa convocatoria da Comisión información acerca do ciclo proposto para que o profesorado tivera a oportunidade de revisar o plan de estudos. Ademais solicitouse ao profesorado que emitira informe acerca da posibilidade de recoñecemento o cal foi favorable.

Á vista de todos isto os asistentes, despois dun debate sobre este asunto, **acordaron por unanimidade solicitar a actualización** do *"Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios"* coa seguinte ampliación:

**Grao en Nutrición Humana e Dietética**

| **Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE** | **Tipo de materia** | **Materia e créditos recoñecidos** | **ECTS** |
|---|---|---|---|
| Procesos e calidade na industria alimentaria | Obrigatoria | Economía e Xestión da Empresa Alimentaria | 6 |
| | | Tecnoloxía do Procesado de Alimentos | 6 |
| | | Garantía de Calidade (*) | 3 |
| | Optativa | Ciencia e Tecnoloxía da Carne e do Peixe | 6 |
| | | Ciencia e Tecnoloxía de Produtos Vexetais | 6 |
| **Ciclo de grao superior do plan de estudos LOXSE** | **Tipo de materia** | **Materia e créditos recoñecidos** | **ECTS** |
| Industria alimentaria | Obrigatoria | Economía e Xestión da Empresa Alimentaria | 6 |
| | | Tecnoloxía do Procesado de Alimentos | 6 |
| | | Garantía de Calidade (*) | 3 |
| | Optativa | Ciencia e Tecnoloxía da Carne e do Peixe | 6 |
| | | Ciencia e Tecnoloxía de Produtos Vexetais | 6 |

(*) Materia que se amplía, as restantes xa se atopan recoñecidas na versión actual do catálogo.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título

## Reunión extraordinaria: 03/04/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

Ás 18:00 do día 3 de abril de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | Email |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | Email |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams    Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

Neste punto o decano fixo un repaso dos acontecementos que tiveron lugar desde a declaración

do estado de alarma, resolucións reitorais e recomendacións do equipo de goberno da USC, modificacións das programacións docentes para adaptalas a nova situación, enquisas realizadas ao alumnado desde a USC, Prácticum, etc. Os membros foron intervindo para comentar e informarse acerca de todas estas cuestións. Ademais tamén se informou que en relación ao programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC" e aos "Encontros na Zona USC" que se ían celebrar no mes de abril, finalmente faranse a través de Microsoft Teams polo estado de alarma, haberá un responsable que atenda aos interesados para cada titulación do centro.

2. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

O decano informa de que hai 57 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2019-20, dos cales 13 teñen proposta aprobada en comisións anteriores, 42 presentan a súa proposta nesta ocasión e 2 non a presentan. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Adán Gayoso, Alba | Factores nutricionais en fertilidade masculina e femenina |
| Álvarez Vidal, Cayetana | Repercusión da alimentación na infección e o tratamento de Helicobacter pylori |
| Becoña Boullosa, Irene Nerea | Nutrición Hospitalaria: Análise dos menús servidos no Hospital Montecelo de Pontevedra. |
| Boado Crego, Sonia | Elementos minerais de produtos derivados de cereais integrais e enfermidade renal |
| Cancelo El hamoussi, Sara María | A educación nutricional no ámbito escolar: adecuación ó proceso de aprendizaxe e currículum escolar |
| Carus San Martín, Jose | Trihalometanos e derivados en auga potable. Efectos sobre a saúde. |
| Coto Pérez, Andrea | Os primeiros 1000 días. Importancia para o asentamento da microbiota intestinal |
| Díaz Méndez, Lucía | Influencia do emprego do edulcorante xilitol na fabricación e propiedades do iogur líquido. |
| Díaz Rodríguez, Rubén | Optimización de variables nutricionais para o manexo dietoterapéutico da síndrome metabólica |
| Failde Rey, Laura | Actuación do dietista nutricionista sobre casos de anorexia nerviosa |
| Fernández Couso, Sara | Alerxia a proteína LTP |
| Fernández González, María | Nutrición e fisioloxía reprodutiva feminina. |
| Ferreiro Blazetic, Verónica | Dietas cetogénicas; alternativas terapéuticas |
| García González, Álvaro | Posibles usos da glutamina en nutrición clínica |
| García Méndez, María | Relación entre a nutrición, a microbiota intestinal e os trastornos depresivos na poboación adulta. |
| Gil Prado, Laura | Alimentación sostible e saudable, adaptada ó primeiro e terceiro mundo. |
| González Estévez, Xiana | Estratexias nutricionais para mellorar o rendemento en baloncesto feminino e masculino |
| González Martínez, Alba | ¿Cómo e en qué medida inflúe a publicidade alimentaria nos hábitos alimentarios dos adolescentes? |
| López Montes, María | Desenvolvemento dun produto tradicional galego, nutricionalmente mellorado e adaptado para a poboación vegana. |
| López Rodríguez, Andrea | Revisión crítica das dietas utilizadas no tratamento oncolóxico |
| Mancebo Recondo, Marcos | A dieta e a nutrición na esofagitis eosinofílica |
| Martínez Castro, Candela | Deseño dunha guía alimentaria para levar a cabo un consumo sostible e de tempada. |
| Miranda Rodríguez, Tamara | Eficacia a curto prazo dun programa de reeducación alimentaria en persoas con sobrepeso ou obesidade e risco de desenvolver diabetes. |
| Oliván López, Laura | Presenza de metais pesados no mexillón da especie Mytilus galloprovincialis e efectos sobre a saúde humana. |

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Otero Candal, María | Intolerancia á histamina e/ou déficit de DAO |
| Pedrosa Loureiro, Daniel | Propiedades antiinflamatorias do extracto de cúrcuma |
| Porteiro Ocampo, Andrea Fátima | Valoración nutricional do equipo nacional femenino de piragüismo |
| Porto Figueroa, Alén Daniel | Impacto do xaxún intermitente sobre a composición corporal en deportistas. |
| Rodríguez Fernández, Helena | Estudo da etiquetaxe do pan |
| Rodríguez López, Uxía | Intervención nutricional na prevención da Anorexia Nerviosa |
| Rodríguez Rodríguez, Javier | Enfermidade celíaca: relación entre micronutrientes e anticorpos anti-transglutaminasa. |
| Rodríguez Villamayor, Uxía | Diabetes xestacional: a importancia dunha boa alimentación |
| Sal de rellán Chouza, Javier | Estratexias nutricionais eficientes nos deportes por categoría de peso |
| San José González, Daniel de | Dietas cetogénicas no tratamento da obesidade |
| Santiso Seoane, Alexandre | A influencia dos cronotipos, a sincronización dos ritmos circadianos e actividade anticipatoria da comida na alimentación |
| Santos Domínguez, Laura | A importancia da alimentación nun atleta de fondo |
| Silva Adelantado, Mónica | Alimentación Vexetariana en nenos |
| Tain Vázquez, Marta | Valoración do estado nutricional dos xogadores do equipo de terceira división Ourense Club de Fútbol |
| Trigo Castro, Mirian | Nutrición e microbiota intestinal nos trastornos do estado de ánimo: depresión e trastorno bipolar |
| Verdial Voces, Natalia | Nutrición e exercicio físico no cancro colorrectal: activación do sistema inmunitario e supervivencia |
| Vidueiro Quintana, Adrián | Estatinas: Usos e efectos adversos. Tratamento non farmacolóxico e interaccións fármaco-alimento. |
| Zumalacarregui Ajenjo, Alba | Dietas restrinxidas de carbohidratos ou graxas |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2019-20 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR 1 | ÁREA | % | COTITOR 2 | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Adán Gayoso, Alba | Factores nutricionais en fertilidade masculina e feminina | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% | | | |
| 2 | Álvarez Vidal, Cayetana | Repercusión da alimentación na infección e o tratamento de Helicobacter pylori | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | | | | |
| 3 | Balado Cabana, Pablo | A xenómica nutricional e o seu papel na nutrición | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 4 | Becoña Boullosa, Irene Nerea | Nutrición Hospitalaria: Análise dos menús servidos no Hospital Montecelo de Pontevedra. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Silvia Sánchez Radio | G2071 | 50% | | | |
| 5 | Boado Crego, Sonia | Elementos minerais de produtos derivados de cereais integrais e enfermidade renal | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Mª Belén García Gómez | G2071 | 50% | | | |
| 6 | Bustabad Porta, Raquel | Sobrecrecemento bacteriano no intestino delgado. Un abordaxe nutricional. | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | | | | |
| 7 | Campello López, Laura | A importancia da Vitamina D no embarazo | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% | | | |
| 8 | Cancelo El hamoussi, Sara María | A educación nutricional no ámbito escolar: adecuación ó proceso de aprendizaxe e currículum escolar | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | G2071 | 50% | | | |
| 9 | Carus San Martín, Jose | Trihalometanos e derivados en auga potable. Efectos sobre a saúde. | Carlos Herrero Latorre | 750 | 100% | | | | | | |
| 10 | Chan Marcos, Sabela | Avaliación da relación existente entre o consumo de edulcorantes artificiais acalóricos, a estimulación de receptores do sabor doce e a saúde. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Ricardo Daniel Estévez López | G2071 | 50% | | | |
| 11 | Coto Pérez, Andrea | Os primeiros 1000 días. Importancia para o asentamento da microbiota intestinal | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% | | | |
| 12 | Díaz Méndez, Lucía | Influencia do emprego do edulcorante xilitol na fabricación e propiedades do iogur líquido. | Angel Cobos García | 780 | 50% | Laura Abuin Arias | G2071 | 25% | Patricia Parada Pena | G2071 | 25% |
| 13 | Díaz Rodríguez, Rubén | Optimización de variables nutricionais para o manexo dietoterapéutico da síndrome metabólica | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 14 | Failde Rey, Laura | Actuación do dietista nutricionista sobre casos de anorexia nerviosa | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 15 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | | | | |
| 16 | Fernández Couso, Sara | Alerxia a proteína LTP | José Manuel Miranda López | 640 | 100% | | | | | | |
| 17 | Fernández González, María | Nutrición e fisioloxía reprodutiva feminina. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG | TITOR | ÁREA | % | COTITOR 1 | ÁREA | % | COTITOR 2 | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 18 | Ferreiro Blazetic, Verónica | Dietas cetogénicas; alternativas terapéuticas | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 19 | Ferreiro Espasandín, Sonia | | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | | | | |
| 20 | García González, Álvaro | Posibles usos da glutamina en nutrición clínica | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 21 | García Méndez, María | Relación entre a nutrición, a microbiota intestinal e os trastornos depresivos na poboación adulta. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% | | | |
| 22 | Garea Millares, Lorena | Aspectos dietéticos e cancro gástrico | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| 23 | Gil Prado, Laura | Alimentación sostible e saudable, adaptada ó primeiro e terceiro mundo. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| 24 | Gómez Ramos, Antonio José | Mindful Eating - A alimentación consciente | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 25 | González Estévez, Xiana | Estratexias nutricionais para mellorar o rendemento en baloncesto feminino e masculino | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% | | | |
| 26 | González Leiro, Mario | Síndrome metabólica. Enfoque terapéutico no campo sanitario multidisciplinar. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 27 | González Martínez, Alba | ¿Cómo e en qué medida inflúe a publicidade alimentaria nos hábitos alimentarios dos adolescentes? | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | G2071 | 50% | | | |
| 28 | Landeira Miliani, Daniela Del Carmen | Efecto da graxa do leite e produtos lácteos sobre as enfermidades cardiovasculares | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| 29 | Ledo Freire, Cristina | Condicionantes nutricionais en prematuros | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | | | |
| 30 | López Basanta, Lucía | Como afecta a creatina o rendemento do deportista | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 31 | López Montes, María | Desenvolvemento dun produto tradicional galego, nutricionalmente mellorado e adaptado para a poboación vegana. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% | | | |
| 32 | López Rodríguez, Andrea | Revisión crítica das dietas utilizadas no tratamento oncolóxico | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 33 | Mancebo Recondo, Marcos | A dieta e a nutrición na esofagitis eosinofílica | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 34 | Martínez Castro, Candela | Deseño dunha guía alimentaria para levar a cabo un consumo sostible e de tempada. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Antía Pérez Vázquez | G2071 | 50% | | | |
| 35 | Miranda Rodríguez, Tamara | Eficacia a curto prazo dun programa de reeducación alimentaria en persoas con sobrepeso ou obesidade e risco de desenvolver diabetes. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 36 | Nieves López, Carlos | diabetes mellitus tipo 2 e dieta: influencia da inxesta de medicación crónica no perfil da microbiota intestinal | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 37 | Oliván López, Laura | Presenza de metais pesados no mexillón da especie Mytilus galloprovincialis e efectos sobre a saúde humana. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 38 | Otero Candal, María | Intolerancia á histamina e/ou déficit de DAO | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 39 | Pedrosa Loureiro, Daniel | Propiedades antiinflamatorias do extracto de cúrcuma | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| 40 | Pérez Rodríguez, Débora | | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| 41 | Porteiro Ocampo, Andrea Fátima | Valoración nutricional do equipo nacional femenino de piragüismo | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| 42 | Porto Figueroa, Alén Daniel | Impacto do xaxún intermitente sobre a composición corporal en deportistas. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 50% | Saúl Sánchez Arias | G2071 | 50% | | | |
| 43 | Rodríguez Fernández, Helena | Estudo da etiquetaxe do pan | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 44 | Rodríguez López, Uxía | Intervención nutricional na prevención da Anorexia Nerviosa | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 45 | Rodríguez Rodríguez, Javier | Enfermidade celíaca: relación entre micronutrientes e anticorpos anti-transglutaminasa. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| 46 | Rodríguez Villamayor, Uxía | Diabetes xestacional: a importancia dunha boa alimentación | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 47 | Sal de rellán Chouza, Javier | Estratexias nutricionais eficientes nos deportes por categoría de peso | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 48 | San José González, Daniel de | Dietas cetogénicas no tratamento da obesidade | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 49 | Santiso Seoane, Alexandre | A influencia dos cronotipos, a sincronización dos ritmos circadianos e actividade anticipatoria da comida na alimentación | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | G2071 | 50% | | | |
| 50 | Santos Domínguez, Laura | A importancia da alimentación nun atleta de fondo | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 51 | Silva Adelantado, Mónica | Alimentación Vexetariana en nenos | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 52 | Sosa Fernández, Paula | Nutrición no transplante renal. Revisión bibliográfica. | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% | | | |
| 53 | Tain Vázquez, Marta | Valoración do estado nutricional dos xogadores do equipo de terceira división Ourense Club de Fútbol | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| 54 | Trigo Castro, Mirian | Nutrición e microbiota intestinal nos trastornos do estado de ánimo: depresión e trastorno bipolar | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 55 | Verdial Voces, Natalia | Nutrición e exercicio físico no cancro colorrectal: activación do sistema inmunitario e supervivencia | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 56 | Vidueiro Quintana, Adrián | Estatinas: Usos e efectos adversos. Tratamento non farmacolóxico e interaccións fármaco-alimento. | Asteria M. Luzardo Álvarez | 310 | 100% | | | | | | |
| 57 | Zumalacarregui Ajenjo, Alba | Dietas restrinxidas de carbohidratos ou graxas | José Vázquez Tato | 755 | 100% | | | | | | |

A continuación informou de que tamén se fará a oportuna modificación do PDA 2019-20.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 29/04/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Aprobación das modificacións das programacións docentes e dos horarios e calendarios do curso 2019-20 do GNHD, motivados pola situación extraordinaria orixinada pola COVID-19.
3. Seguimento do GNHD 2018-19: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

Ás 12:00 do día 29 de abril de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | Email |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams        Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Desculpa a asistencia do profesor Ángel Cobos por ter obrigas docentes a esa mesma hora. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade.

A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano pediu desculpas aos membros pola cantidade de correos electrónicos remitidos nos últimos días e indicou que era preciso que se informara por parte do profesorado no caso de detectar alumnado con dificultades de acceso para seguir a docencia a través das canles habilitadas ou para a avaliación co obxecto de comunicalo á USC.

Tamén deu unhas breves indicacións acerca do proceso de reincorporación, segundo as reunións mantidas nos últimos días, á espera de que se publique unha resolución reitoral ao respecto.

Tamén indicou que se remitiu tanto ao alumnado como aos titores académicos e da entidade colaboradora información sobre o Prácticum e sobre a finalización do mesmo segundo o recollido no apartado 5 das directrices para a organización da docencia e avaliación do curso 2019-20 remitidas pola USC e que desenvolven o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-20 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria por mor da COVID-19.

A continuación resolvéronse algunhas dúbidas relativas ao Prácticum e á modificación das propostas de TFG no caso de ser preciso, ao abeiro do recollido na Normativa de TFG e o Procedemento de asignación de titores e presentación de propostas.

2. **Aprobación das modificacións das programacións docentes e dos horarios e calendarios do curso 2019-20 do GNHD, motivados pola situación extraordinaria orixinada pola COVID-19.**

O decano informou de que seguindo o indicado no Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-20 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 foi preciso modificar as guías docentes e os calendarios de exames. Os departamentos dispoñían ata o 28 de abril para introducir a data de aprobación das modificacións das guías docentes e os centros ata o 30, tanto para a aprobación das citadas modificacións como para a publicación da modificación do calendario de exames.

*"**Artigo 7. Publicación de calendarios e modificación das guías docentes***

*1. Ata o 24 de abril a dirección do Departamento deberá comunicar ao Centro cales van ser as materias con probas finais, tanto do segundo cuadrimestre e anuais (primeira e segunda oportunidades), coma do primeiro cuadrimestre (segunda oportunidade), co fin de que se poidan elaborar os calendarios de exames.*

*2. As modalidades de avaliación para cada materia, así como as datas de celebración dos exames, deberán facerse públicas e poñerse en coñecemento do estudantado antes do 30 de abril.*

*3. Paralelamente tramitarase a modificación das guías docentes a través de Xescampus".*

A continuación o coordinador do título informou do estado das guías docentes e tamén deu indicacións acerca da modificación do calendario de exames. A representante de alumnado tamén fixo indicacións sobre este asunto e introducíronse importantes modificacións nos mesmos tendo en conta a proposta do alumnado.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento a aprobación para o curso 2019-20 da modificación das guías docentes e calendario de exames correspondentes ao Grao en Nutrición Humana e Dietética**, os cales se atoparán dispoñibles nos enlaces habituais da páxina web:

https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/titulacions.html?plan=13947&estudio=13948&codEstudio=13550&valor=9

https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html

Estes horarios someteranse á aprobación da Xunta de Centro na vindeira reunión.

3. **Seguimento do GNHD 2018-19: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.**

O decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizase o seguimento do GNHD para o curso 2018-19. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro. O Coordinador do Título recompilou e puxo á disposición da Comisión todos os datos necesarios para realizar as diferentes análises de resultados do Grao, establecer accións mellora ou propostas de modificacións do mesmo.

A Comisión analizou a información proporcionada para levar a cabo o seguimento do Título e elaborou os informes correspondentes que se incorporan nas directrices da Memoria de Calidade do Centro do curso 2018-19 e que recollen as reflexións levadas a cabo polos membros da Comisión. O Coordinador do Título dará traslado á Comisión de Calidade do Centro das áreas de mellora detectadas e as propostas e accións a adoptar.

A continuación, a Responsable de Calidade do Centro informou do estado das accións de mellora do curso 2018-19 relacionadas co título que foron formuladas como accións de mellora de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2018-19 no seu apartado 3, das que se fixo un breve resumo. Quedou pendente de executar tan só a correspondente á elaboración e aprobación do Plan Estratéxico do Centro.

En canto ás accións de mellora para o curso 2019-20, o Coordinador do Título e a Responsable

de Calidade do Centro, tendo en conta as reflexións e achegas debatidas na Comisión, propuxeron as seguintes:

- Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Neste caso trátase da continuación da acción de mellora que quedou pendente de execución no curso 2018-19.
- Modificación das normativas de Traballo Fin de Grao e de Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- Revisión das rúbricas de avaliación do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras e nacionais para todas as titulacións do centro. Charlas informativas ó estudantado da Facultade sobre mobilidade nacional e internacional.
- Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.
- Instalación de novas infraestruturas e adquisición de material e equipamento docente.
- Modificación da valla publicitaria situada no ingreso da Facultade e instalación dun cartel grande na fachada da Facultade que inclúa ademais do nome da Facultade de Ciencias tamén os nomes dos graos e mestrados que se imparten na mesma.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar os informes e accións de mellora propostos que figurarán incorporados na Memoria de Calidade do Centro 2018-19** que se atopará dispoñible no enlace: http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html, unha vez aprobada na Comisión de Calidade do Centro e posteriormente pola Xunta de Facultade co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 13/05/2020

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Solicitude de modificación de proposta de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 13 de maio de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | Email |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, a continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 22/11/2019, 04/12/2019, 20/12/2019, 09/01/2020, 28/01/2020, 07/02/2020, 20/02/2020, 03/04/2020, e 29/04/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informa de que en relación ao vindeiro curso académico a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional xunto coas universidades do SUG e outras institucións, contemplan a posibilidade de abordar un plan integral de reforzo á docencia para o curso 2020-21, a través do que se promovería o cambio á docencia mixta ou *blended learning* o que suporía a modificación estrutural das metodoloxías docentes, da formación do profesorado ou a potenciación definitiva das avaliacións continuas, entre outros temas. Tamén informou de que a USC considerou a posibilidade de iniciar o curso académico despois da celebración das ABAU do mes de setembro.

Tamén fixo un pequeno resumo da reincorporación das persoas á actividade presencial no centro durante a fase I da desescalada segundo a resolución reitoral publicada ao respecto, que se centrará tan só nos grupos de investigación que o soliciten no edificio de laboratorios.

Tamén informou de que as obras previstas de acondicionamento das aulas se levarán a cabo no verán.

A continuación o profesorado manifestou o interese de que por parte da USC tamén se outorguen axudas para facilitar ao PDI a docencia non presencial.

3. **Solicitude de modificación de proposta de TFG.**

O decano informou de que se recibiu unha solicitude de modificación da proposta de TFG da alumna Mª Montes López xa que como consecuencia da declaración do estado de alarma non poderá levar a cabo o traballo experimental previsto, a nova proposta é a seguinte:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| López Montes, María | Prebióticos de orixe animal. ¿Necesarios nun futuro? |

Tras verificar que a proposta é axeitada e cumpre co indicado na normativa os asistentes acordan por asentimento **aprobar a modificación da proposta de TFG** presentada pola alumna e tamén, dadas as circunstancias excepcionais motivadas pola COVID-19, **delegar no**

**decano do centro para que no caso de recibir máis solicitudes para este curso académico poda decidir ou non sobre a súa aceptación**. O decano informou de que se agardará á finalización do prazo das modificacións para a publicación das mesmas no taboleiro electrónico dunha soa vez.

4. **Rogos e preguntas.**

A representante do alumnado comentou incidencias sobre a docencia dunha materia do grao e o decano indicoulle as posibilidades para tratar de resolver a situación.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 29/06/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Proposta de horarios para o curso 2020-21.

Ás 10:30 do día 29 de xuño de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams     Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e de que desculpa asistencia a profesora Beatriz Vázquez Belda por coincidirlle con tribunal de tese. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou dos motivos polos que foi preciso modificar día e hora da reunión que en principio estaba prevista para o 26 as 10.30 e por motivos de axenda foi preciso poñela o 29 á mesma hora.

A continuación o decano fixo un breve recorrido polas últimas normativas publicadas pola USC, e máis detalladamente das Bases para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura e Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021. Sobre esta normativa e as súas implicacións tanto nos horarios, programacións docentes, ... falouse amplamente.

A continuación o decano tamén mencionou o contido da Instrución 3/2020 sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, sobre todo no relacionado coa presentación e defensa dos TFG e TFM por medios telemáticos, procedemento a seguir, protección de datos, ... que nas vindeiras semanas afectará directamente á presentación e defensa dos TFG..

2. **Proposta de horarios para o curso 2020-21.**

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios tendo en conta toda a normativa emitida ao respecto pola USC, e da que se deu conta no apartado de informes, e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas. Os horarios elaboráronse tendo en conta o disposto entre outras nas Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021, no relativo aos escenarios, posible redución de horas de prácticas, ....

O coordinador informou de que ao longo dos últimos días foi incorporando algunhas modificacións e que os horarios se confeccionaron co obxecto de que se puideran adaptar de xeito sinxelo aos distintos escenarios en función das indicacións recibidas da USC, por mor da evolución da situación sanitaria orixinada pola COVID-19 para os vindeiros meses do curso 2020-21.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2020-21 do Grao en Nutrición Humana e Dietética** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:
http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 03/07/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 10:30 do día 3 de xullo de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams      Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Informa de que desculpa asistencia a profesora Ángeles Romero por ter concedido permiso por asuntos particulares. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano informou de que ata que a situación sanitaria mellore se seguirán facendo as reunións por medios telemáticos, xa que, tanto a Lei 40/2015 como o Regulamento de Réxime Interno do centro recollen esta posibilidade, e ademais desenvólvense de xeito moi satisfactorio.

O decano volveu incidir unha vez máis nas recentes normativas publicadas pola USC en especial toda a relacionada coa defensa dos TFG/TFM como son a Instrución 3/2020 da Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20 e a Guía para a realización de probas finais telemáticas. A continuación o os asistentes comentaron diversos aspectos sobre a presentación e defensa dos TFG/TFM indicados nas mesmas de cara a clarificar o xeito de proceder por parte dos tribunais que terán que xulgar estes traballos nas vindeiras semanas.

2. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2019-20.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación e advírtese de que hai varios alumnos con materias pendentes de cualificar polo que finalmente haberá que comprobar a súa situación antes da defensa:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Álvarez Vidal Cayetana | Repercusión da alimentación na infección e o tratamento de Helicobacter pylori |
| 2 | Bustabad Porta Raquel | Sobrecrecemento bacteriano no intestino delgado. Un abordaxe nutricional. |
| 3 | Campello López Laura | A importancia da Vitamina D no embarazo |
| 4 | Cancelo El hamoussi Sara María | A educación nutricional no ámbito escolar: adecuación ó proceso de aprendizaxe e currículum escolar |
| 5 | Carus San Martín, Jose | Trihalometanos e derivados en auga potable. Efectos sobre a saúde. |
| 6 | Chan Marcos Sabela | Avaliación da relación existente entre o consumo de edulcorantes artificiais acalóricos, a estimulación de receptores do sabor doce e a saúde. |
| 7 | Díaz Méndez Lucía | Edulcorantes en iogures. Beneficios do emprego do xilitol. |
| 8 | Díaz Rodríguez Rubén | Optimización de variables nutricionais para o manexo dietoterapéutico da síndrome metabólica |
| 9 | Failde Rey Laura | Actuación do dietista nutricionista sobre casos de anorexia nerviosa |
| 10 | Fernández Couso Sara | Alerxia a proteína LTP |
| 11 | García González Álvaro | Posibles usos da glutamina en nutrición clínica |
| 12 | García Méndez María | Relación entre a nutrición, a microbiota intestinal e os trastornos depresivos na poboación adulta. |
| 13 | González Estévez Xiana | Estratexias nutricionais para mellorar o rendemento en baloncesto feminino e masculino |
| 14 | López Basanta Lucía | Como afecta a creatina o rendemento do deportista |
| 15 | López Montes María | Prebióticos de orixe animal. ¿Necesarios nun futuro? |
| 16 | Mancebo Recondo Marcos | A dieta e a nutrición na esofagitis eosinofílica |
| 17 | Martínez Castro Candela | Deseño dunha guía alimentaria para levar a cabo un consumo sostible e de tempada. |
| 18 | Miranda Rodríguez Tamara | Eficacia a curto prazo dun programa de reeducación alimentaria en persoas con sobrepeso ou obesidade e risco de desenvolver diabetes. |
| 19 | Nieves López Carlos | diabetes mellitus tipo 2 e dieta: influencia da inxesta de medicación crónica no perfil da microbiota intestinal |
| 20 | Otero Candal María | Intolerancia á histamina e/ou déficit de DAO |
| 21 | Pedrosa Loureiro Daniel | Propiedades antiinflamatorias do extracto de cúrcuma |
| 22 | Porteiro Ocampo Andrea Fátima | Valoración nutricional do equipo nacional femenino de piragüismo |
| 23 | Porto Figueroa Alén Daniel | Impacto do xaxún intermitente sobre a composición corporal en deportistas. |
| 24 | Rodríguez López Uxía | Intervención nutricional na prevención da Anorexia Nerviosa |
| 25 | Rodríguez Villamayor Uxía | Diabetes xestacional: a importancia dunha boa alimentación |
| 26 | Sal de rellán Chouza Javier | Estratexias nutricionais eficientes nos deportes por categoría de peso |

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 27 | Santiso Seoane Alexandre | A influencia dos cronotipos, a sincronización dos ritmos circadianos e a actividade anticipatoria da comida na alimentación |
| 28 | Tain Vázquez Marta | Valoración do estado nutricional dos xogadores do equipo de terceira división Ourense Club de Fútbol |
| 29 | Trigo Castro Mirian | Nutrición e microbiota intestinal nos trastornos do estado de ánimo: depresión e trastorno bipolar |
| 30 | Verdial Voces Natalia | Nutrición e exercicio físico no cancro colorrectal: activación do sistema inmunitario e supervivencia |
| 31 | Vidueiro Quintana Adrián | Estatinas: Usos e efectos adversos. Tratamento non farmacolóxico e interaccións fármaco-alimento. |
| 32 | Zumalacarregui Ajenjo Alba | Dietas restrinxidas de carbohidratos ou graxas |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

| **TRIBUNAL Nº1** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº1** |
|---|---|
| **Data da Defensa:** 16/07/2020 | |
| **Presidente:** Mª Pilar Vázquez Tato<br>**Secretario:** María Villanueva López<br>**Vocal:** Ramiro Barcia Vieitez | 1º Dafne Díaz Jimenez<br>2º Juan Ángel Díaz Pazos<br>3º Olga Díaz Rubio |
| **Alumnos asignados:** do 1 ao 8 | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Data da Defensa:** 16/07/2020 | |
| **Presidente:** José Blanco Méndez<br>**Secretario:** Alejandra Cardelle Cobas<br>**Vocal:** Jesús Eulogio Blanco Álvarez | 1º Ángel Cobos García<br>2º Saskia Camille Flament Simon<br>3º Carlos Manuel Franco Abuín |
| **Alumnos asignados:** do 9 ao 16 | |
| **TRIBUNAL Nº3** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº3** |
| **Data da Defensa:** 15/07/2020 | |
| **Presidente:** Miguel Blanco Álvarez<br>**Secretario:** María Pilar Calo Mata<br>**Vocal:** Mª Mercedes Camiña García | 1º Félix Manuel Freire Iribarne<br>2º Elena Freire Paz<br>3º Mª Ángeles García Fernández |
| **Alumnos asignados:** do 17 ao 24 | |
| **TRIBUNAL Nº4** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº4** |
| **Data da Defensa:** 16/07/2020 | |
| **Presidente:** Ana Mª Botana López<br>**Secretario:** María Lourdes Vázquez Oderiz<br>**Vocal:** Jesús Antonio Casabiell Pintos | 1º María Guillán Fresco<br>2º Moisés Gulías Costa<br>3º Aida Jover Ramos |
| **Alumnos asignados:** do 25 ao 32 | |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de xullo do curso 2019-2020, segundo a táboa precedente**.

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Instrución 3/2020 sobre o

desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, **que a presentación e defensa dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2019-2020 se realizará por medios telemáticos**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 29/07/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2020-21.

Ás 10:30 do día 29 de xullo de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | email |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams        Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa asistencia a profesora Ángeles Romero por ter outra reunión convocada previamente e de Ana Botana por reunión de proxectos de investigación. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano empezou indicando que non tiña noticias sobre a intención da USC en canto ao escenario no que se iniciará a docencia para o vindeiro curso 2020-21, o día 31 é o previsto para que o reitor indique algo ao respecto.

A continuación informou de que se están facendo as xestións oportunas coa Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade para a instalación nas aulas dun sistema que permita ao profesorado impartir a materia simultaneamente de xeito presencial e tamén a través de medios electrónicos. En principio parece que a Vicerreitoría vai a subministrar 4 equipos, co cofinanciamento da Facultade, e outros 2 virán a través dos másteres con outras fontes de financiamento. O que non é moi probable é que vaian a estar funcionando para o inicio do curso no mes de setembro.

Informou tamén acerca dos recortes económicos aplicados pola USC e de que a estas alturas do ano aínda non se pode facer o reparto económico.

Por outra banda, indicou que houbo diversas consultas ao longo das últimas semanas para o GNHD pero que ata mediados do mes de agosto non imos ter datos sobre a matrícula para o curso 2020-21.

Finalmente o profesorado fixo consultas sobre as posibilidades de adquisición de software para a docencia.

2. **Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2020-21.**

O decano informou de que dentro do período de aprobación das programacións docentes por parte dos departamentos, se remitiu un modelo orientativo que recollía as especificacións indicadas entre outras normativas nas Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021. Ademais os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións e fóronse introducindo as modificacións necesarias para cumprir a normativa e ao mesmo tempo adaptarse aos intervalos indicados na Memoria de Verificación do Título vixente.

O coordinador do título informou de que tras a revisión final non se detectou ningunha materia que fora preciso modificar.

Finalmente, a representante do alumnado manifestou que ía votar en contra da aprobación das programacións docentes para o curso 2020-21 polos seguintes motivos: na maioría das materias que inclúen traballos/boletíns/exames parciais/cuestionarios ou similares na avaliación continua non se especifica o número dos mesmos nin a porcentaxe que cada un representará na nota final, ausencia de bibliografía dixital e naquelas materias que contemplan a realización de prácticas na casa, en caso de confinamento, non especifican en que consistirían estas, dificultando así que os alumnos saiban que materiais necesitan coa antelación suficiente.

O decano explicoulle os motivos polo que non compartía a súa opinión e informouna de que a bibliografía dixital ten limitacións, e estase facendo un esforzo neste sentido por parte da USC

para tratar de poñer a disposición do alumnado o máximo material dixital posible. A profesora Lourdes Váquez Oderiz tamén indicou a súa desconformidade coa alumna e tamén con algunhas actitudes mostradas polo alumnado durante o confinamento indicando os esforzos realizados para continuar a docencia o mellor posible dentro das posibilidades.

**Finalmente os asistentes, por 8 votos a favor e o voto en contra da representante do alumnado, aprobaron as programacións docentes para o curso 2020-21 do Grao en Nutrición Humana e Dietética,** sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 04/09/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 9:30 do día 4 de setembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams        Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que desculpa asistencia a profesora Ángeles Romero por ter outra reunión convocada previamente á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano empezou informando en relación coas medidas que se van a ir adoptando de cara ao inicio do curso académico motivadas pola COVID19, seguindo as indicacións da USC. Tamén as necesidades de revisar os horarios para adaptalos aos espazos que agora contan con moito menos aforo ao que os asistentes propuxeron diferentes opcións de cara a súa consideración para levar a cabo esta revisión. Tamén informou da evolución da matrícula que neste momento

supera xa á oferta.

2. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2019-20.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Adán Gayoso, Alba | Factores nutricionais en fertilidade masculina e femenina |
| 2 | Becoña Boullosa, Irene Nerea | Nutrición Hospitalaria: Análise dos menús servidos no Hospital Montecelo de Pontevedra. |
| 3 | Boado Crego, Sonia | Elementos minerais de produtos derivados de cereais integrais e enfermidade renal |
| 4 | Coto Pérez, Andrea | Os primeiros 1000 días. Importancia para o asentamento da microbiota intestinal |
| 5 | Fernández González, María | Nutrición e fisioloxía reprodutiva feminina. |
| 6 | Gómez Ramos, Antonio José | Mindful Eating - A alimentación consciente |
| 7 | González Leiro, Mario | Síndrome metabólica. Enfoque terapéutico no campo sanitario multidisciplinar. |
| 8 | González Martínez, Alba | ¿Cómo e en qué medida inflúe a publicidade alimentaria nos hábitos alimentarios dos adolescentes? |
| 9 | López Rodríguez, Andrea | Revisión crítica das dietas utilizadas no tratamento oncolóxico |
| 10 | Rodríguez Fernández, Helena | Estudo da etiquetaxe do pan |
| 11 | San José González, Daniel de | Dietas cetogénicas no tratamento da obesidade |
| 12 | Santos Domínguez, Laura | A importancia da alimentación nun atleta de fondo |
| 13 | Silva Adelantado, Mónica | Alimentación Vexetariana en nenos |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

| TRIBUNAL Nº1 | SUPLENTES TRIBUNAL Nº1 |
|---|---|
| **Data da Defensa:** 16/09/2020 | |
| **Presidente:** Ángel Cobos García<br>**Secretario:** Dafne Díaz Jiménez<br>**Vocal:** Juan Ángel Díaz Pazos | 1º Félix Manuel Freire Iribarne<br>2º Elena Freire Paz<br>3º Mª Ángeles García Fernández |
| **Alumnos asignados:** do 1 ao 7 | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Data da Defensa:** 16/09/2020 | |
| **Presidente:** Olga Díaz Rubio<br>**Secretario:** Saskia Camille Flament Simon<br>**Vocal:** Carlos Manuel Franco Abuín | 1º María Guillán Fresco<br>2º Moises Gulías Costa<br>3º Aida Jover Ramos |
| **Alumnos asignados:** do 8 ao 13 | |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2019-2020, segundo a táboa precedente**.

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Instrución 3/2020 sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, **que a presentación e defensa dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2019-2020 se realizará por medios telemáticos**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión extraordinaria: 02/10/2020

**Orde do día:**

1. Informes.
2. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
3. Actas consolidadas curso 2019-20.

Ás 10:30 do día 2 de outubro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | Email |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa asistencia o profesorado Aida Jover por coincidirlle con outras reunións e docencia e Ángel Cobos por docencia á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Informes.**

O decano empezou informando de que en relación coas medidas de protección fronte á COVID19 a USC vai a entregar ao alumnado de prácticas máscaras FPP2 esperando que se atopen dispoñibles para a vindeira semana. A continuación falou da evolución da matrícula e deu a palabra ao coordinador do Título que falou de organización de prácticas e da petición do

profesorado de Bioloxía Humana respecto a medidas de protección do alumnado no laboratorio. O decano recordou a tódolos membros que xa desde a implantación da titulación se esixe ao alumnado levar bata e gafas de protección nas prácticas de laboratorio. Tamén se incidiu na necesidade de manter as distancias indicadas segundo o protocolo do centro.

2. **Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.**

O decano informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GNHD, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GNHD que se acompaña como ANEXO á presente acta e tamén acordan permitir ao decano realizar modificacións por se comunicaran algún cambio de última hora os departamentos.**

**Tamén acordaron por unanimidade delegar no decano a aprobación das liñas temáticas e titores de TFG para os vindeiros cursos sempre e cando non se produzan cambios.**

3. **Actas consolidadas curso 2019-2020.**

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2019-20, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado e as súas cualificacións, as mencións de "matrícula de honra" se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén ao que corresponde renuncia. O decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de "matrícula de honra" corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2019-20 ás alumnas Xiana González Estévez e Tamara Miranda Rodríguez**.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 16/10/2020

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Reclamación a informe de recoñecemento de estudos.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 16 de outubro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | Email |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams    Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa asistencia da profesora Olga Díaz por coincidirlle con unha cita médica. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 13/05/2020,

29/06/2020, 03/07/2020, 29/07/2020, 04/09/2020 e 02/10/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou sobre aspectos económicos.

3. **Reclamación a informe de recoñecemento de estudos.**

O Decano informa de que se recibiu unha reclamación sobre recoñecemento de estudos presentada polo alumno Rubén Turrión San Pedro que afecta as materias G2071105 Bioestatística e G2071327 Nutrición no Ciclo Vital e Actividade Física. A continuación analizouse toda a documentación dispoñible, ademais da reclamación do alumno, e informes detallados solicitados ao profesorado encargado da docencia das materias.

Tras a análise de toda a documentación **os asistentes acordaron por asentimento ratificar o informe desfavorable de recoñecemento emitido o pasado 22/09/2020**, polos motivos seguintes:

No caso do recoñecemento da materia do GNHD Bioestatística, se ben a formación do alumno abrangue a aprendizaxe dalgunhas técnicas estatísticas, en ningún caso son suficientes para acadar os obxectivos e competencias establecidos no plan de estudos do GNHD e reflectidos na guía docente publicada. Aínda coa achega adicional do TFG do Grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte da Universidad Pontificia De Salamanca, o alumno só realizou análises estatísticas moi básicas que non permitirían acadar as competencias necesarias para o recoñecemento desta materia.

No caso do recoñecemento da materia do GNHD Nutrición no Ciclo Vital e Actividade Física, non se abordan certas temáticas que teñen un peso moi importante na mesma e que imposibilitan acadar os obxectivos e adquirir as competencias establecidos no plan de estudos do GNHD e reflectidos na guía docente. Por outra banda, a profundidade e amplitude dos temas tratados non é suficiente para a acadar e adquirir adecuadamente os obxectivos e competencias establecidos no plan de estudos do GNHD..

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 12/11/2020

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 12 de novembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | Email |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams  Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada Marta Pérez Fandiño que substituirá ao representante actual do CODINUGAL unha vez sexa nomeada, e de que desculpa asistencia da profesora Mª Lourdes Vázquez por cita médica e da representante de calidade Aida Jover, por ter outra reunión á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 16/10/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou da evolución das obras no centro, indicando que a partir do vindeiro mércores se reducirá o nivel de ruído. Tamén informou da instalación en datas próximas do equipamento de cámaras web en diversos espazos para facilitar sobre todo a docencia non presencial. Tamén informou de que hai poucos casos de COVID-19 no centro.

3. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

O decano informa de que hai 60 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2020-21, dos cales 6 presentaron a súa proposta nesta oportunidade e 7 téñena vixente de cursos anteriores. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFG presentadas que son as seguintes:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Cal Crespo, Iria | Alimentación vegetariana en las distintas etapas de la vida |
| Ferreiro Espasandín, Sonia | Malabsorción de Fructosa. Tratamento Nutricional |
| Freijedo Rodríguez, Valeria | Importancia de la vitamina D en la infección por COVID-19 |
| Gerpe Barreiro, Mayte | Entrada de superbacterias en la cadena alimentaria y posibles efectos sobre el consumidor |
| Nogueiras Liste, Dafne | Análisis de las aplicaciones medicinales históricas y actuales del regaliz |
| Orin Acosta, Dannally | La nutrición como determinante del desarrollo y mantenimiento del sistema inmunológico |

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Cal Crespo, Iria | Alimentación vegetariana en las distintas etapas de la vida | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 2 | Carus San Martín, Jose | Trihalometanos e derivados en auga potable. Efectos sobre a saúde. | Carlos Herrero Latorre | 750 | 100% | | | |
| 3 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 4 | Ferreiro Blazetic, Verónica | Dietas cetogénicas; alternativas terapéuticas | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 5 | Ferreiro Espasandín, Sonia | Malabsorción de Fructosa. Tratamiento Nutricional | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% |
| 6 | Freijedo Rodríguez, Valeria | Importancia de la vitamina D en la infección por COVID-19 | Lucia Moure Rodríguez | 615 | 50% | Raquel Barbosa Lorenzo | G2071 | 50% |
| 7 | Gerpe Barreiro, Mayte | Entrada de superbacterias en la cadena alimentaria y posibles efectos sobre el consumidor | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | José Manuel Miranda López | 640 | 50% |
| 8 | Gil Prado, Laura | Alimentación sostible e saudable, adaptada ó primeiro e terceiro mundo. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 9 | Nogueiras Liste, Dafne | Análisis de las aplicaciones medicinales históricas y actuales del regaliz | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 10 | Oliván López, Laura | Presenza de metais pesados no mexillón da especie Mytilus galloprovincialis e efectos sobre a saúde humana. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 11 | Orin Acosta, Dannally | La nutrición como determinante del desarrollo y mantenimiento del sistema inmunológico | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 12 | Rodríguez Rodríguez, Javier | Enfermidade celíaca: relación entre micronutrientes e anticorpos anti-transglutaminasa. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 13 | Sosa Fernández, Paula | Nutrición no transplante renal. Revisión bibliográfica. | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% |

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE | A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 03/12/2020

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2020-21.
4. Modificación de horarios e calendarios do curso 2020-21, motivado pola COVID-19.
5. Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 3 de decembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams        Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, de que desculpa asistencia a representante de CODINUGAL, Marta Pérez Fandiño, e tamén a profesora Mª Lourdes Vázquez por docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/11/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou da evolución favorable da pandemia no centro xa que non houbo ningún caso nas dúas últimas semanas. Tamén da compra dun medidor de $CO_2$ que se atopa xa en probas e dado o seu bo funcionamento tratará de adquirir algúns máis para as aulas de docencia.

Tamén indicou de que na recente reunión do Claustro se indicou que a Secretaría Xeral remitirá unha instrución relativa ao cambio de datas de realización de exames ao alumnado por incidencia da COVID-19.

A continuación tomou a palabra o coordinador do GNHD para informar sobre a problemática dos "desayunos saludables" que este curso non poderán ser presenciais polo que tentarán colaborar a través da edición dunha guía de menús saudables na que probablemente participará o alumnado egresado.

3. **Calendario convocatoria de fin de carreira 2020-21.**

En relación á convocatoria fin de carreira 2020-21, o decano informou de que só hai unha solicitude que afecta á materia Dietoterapia e Soporte Nutricional I, polo que se tratou de fixar unha data dentro do calendario que fora axeitada para alumnado e profesorado.

Os asistentes **aproban por unanimidade fixar a data do exame da convocatoria fin de carreira 2020-21 o 13/01/2021 ás 10 horas.**

4. **Modificación de horarios e calendarios do curso 2020-21, motivado pola COVID-19.**

O decano informa de que dada a evolución da pandemia da COVID19, e co obxecto de realizar de xeito presencial a avaliación correspondente ao 1º semestre do curso 2020-21, é preciso modificar as datas do calendario de exames para adecuar os espazos e manter as distancias de seguridade, coordinando todo este proceso coas demais titulacións do centro.

Tamén é preciso adaptar os horarios do 2º semestre, segundo a situación actual da pandemia, tratando de que a presencialidade sexa máxima na docencia, desdobrando sobre todo os grupos de docencia interactiva e todo isto en coordinación coas restantes titulacións do centro, de xeito similar a como se levou a cabo no 1º semestre. Tamén, do mesmo xeito que se fai co calendario de exames do 1º semestre, é preciso adaptar os calendarios do 2º semestre.

O decano quixo agradecer en primeiro lugar a labor levada a cabo polo coordinador do título, que aínda o 29 de novembro recibiu propostas do alumnado relativas á modificación do calendario de exames, que requiriron un esforzo de coordinación a realizar en moi pouco tempo. Por este motivo non se puido remitir antes a proposta de horarios para a súa revisión.

Tamén indicou que desde o día de hoxe ata a data de celebración da Xunta de Facultade os horarios e calendarios modificados poderían sufrir algunha pequena variación, no caso de detectar erros, solapamentos...

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aprobar a modificación de horarios e calendarios do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2020-21, motivado pola COVID-19**, que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:
http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html

5. **Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.**

O decano informou de que ao igual que en cursos pasados é preciso aprobar e publicar a convocatoria de Prácticum para o curso 2020-21 e asignar os titores académicos ás prazas ofertadas.

A continuación deu a palabra á coordinadora do Prácticum que informou da convocatoria e do estado dalgunhas prazas que aínda estaban pendentes dalgún dato. Tamén indicou das dificultades que tivo desde o inicio da pandemia para conseguir acadar satisfactoriamente o Prácticum do curso 2019-20 e da necesidade (motivada pola Lei 40/2015), para o Prácticum do 2020-21, de asinar novos convenios ou prorrogar os xa existentes asinados con anterioridade a outubro de 2016, o cal coincidiu xusto nos meses máis difíciles nos que a incerteza dalgunhas empresas pola situación sanitaria dificultou aínda máis esta labor de posta ao día dos distintos convenios. Indicou tamén que a distribución dos titores académicos era moi similar a dos cursos pasados, e neste aspecto a profesora Olga Díaz Rubio solicitou titorizar a praza ofertada por ANFACO, ao cal os asistentes manifestaron o seu acordo.

Tamén se comentou o calendario aproximado.

Finalmente, os asistentes **aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Prácticum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2020-21 a cal se publicará debidamente no día de hoxe e que se incorpora como ANEXO á presente acta.**

Tamén acordaron delegar na coordinadora do Prácticum para finalizar a oferta de prazas en

función de se finalmente pode completar os datos que faltan.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto a representante do alumnado consultou se a defensa dos TFG do mes de febreiro sería presencial. O decano indicou que se decidirá pola comisión no momento de nomear o tribunal de avaliación, aínda que cos datos actuais parece a opción máis prudente, apoiada nos bos resultados obtidos o curso pasado, xa que a defensa por medios telemáticos desenvolveuse moi ben.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 21/12/2020

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 18 de decembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | Email |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams   Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que desculpa asistencia o profesor Xesús Casabiell por coincidirlle con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 03/12/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou sobre o estado das obras que se están realizando no centro, as aulas de docencia xa remataron a obra e agora está pendente de realizar o seu equipamento con mobiliario.

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.**

O decano indica que tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes, é preciso realizar a asignación e publicar a lista provisional de asignación de destinos tendo en conta os criterios establecidos no artigo 4.5 das Normas de Desenvolvemento do Practicum do GNHD e as preferencias manifestadas polo alumnado na súa solicitude.

O decano a continuación, deu lectura á lista provisional de asignación de destinos e informou de que arredor do 54% do alumnado obtivo a praza solicitada en 1ª opción. Quixo unha vez máis agradecer a labor levada a cabo pola coordinadora do Prácticum, a profesora Mª Ángeles Romero.

Finalmente os asistentes, tras un debate sobre o desenvolvemento do Prácticum, **acordaron por unanimidade aprobar a lista provisional de asignación de destinos do Prácticum para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO á presente acta. Tamén acordaron delegar no decano e presidente da Comisión a facultade para realizar todos os restantes actos e publicacións derivados da presente convocatoria, sempre e cando non se produzan reclamacións, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.**

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. residente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE | A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 14/01/2021

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.
4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 14 de xaneiro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | Email |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams    Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa asistencia a profesora Olga Díaz por realización de exame das materias que imparte, e da representante do alumnado por causa médica. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 21/12/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. O profesor Ángel Cobos manifestou por email a súa conformidade. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou da reunión mantida co reitor o pasado día 7 de xaneiro, na que se indicou que tanto a programación dos exames como da docencia do 2º semestre se manterían segundo o previsto. A continuación informou de que xa se rematou de instalar as cámaras e tamén de que se vai a impartir formación ao profesorado acerca do uso das mesmas. Xa para rematar fixo algunhas aclaracións sobre o protocolo COVID-19 e a Instrución 7/2020 da Secretaría Xeral sobre cambio nas datas de realización de exames por incidencia da COVID-19. O profesor Xesús Casabiell informou da incorporación de 3 novos casos de COVID-19 entre o alumnado.

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.**

O decano indica que, tras a publicación da lista provisional de asignación de destinos do Prácticum o pasado día 21 de decembro, houbo un período ata o 11 de xaneiro de reclamacións á mesma, durante o que se recibiu unha solicitude da alumna Itziar Hierro de la Torre, a que deu lectura e que se acompaña como ANEXO I á presente acta. Os asistentes tras comentar e valorar os motivos expostos, accederon á solicitude da alumna por consideralos axeitados e non influír sobre as prazas asignadas ao restante alumnado.

Finalmente, os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a lista definitiva de asignación de destinos do Prácticum para o curso 2020-21, que se acompaña como ANEXO II á presente acta.**

4. **Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.**

O decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2021-22 para os títulos do centro. A continuación deu lectura a comunicación de oferta de prazas do curso anterior realizada para o GNHD.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade, para o Grao en Nutrición Humana e Dietética, manter a oferta de prazas para o curso 2021-22 que a do curso actual: 60 prazas de inicio, 6 de continuación e 3 para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros**.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto houbo varias intervencións: a profesora Beatriz Vazquez para consultar acerca da posibilidade de realizar a revisión de exames por medios telemáticos para evitar aglomeracións, con resposta afirmativa por parte do decano; e Ana Botana, Ángeles Romero e Ramiro Barcia en relación coa formación para uso das cámaras instaladas nas aulas que foron aclaradas polo decano.

Sen máis temas que tratar o Sr. residente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 25/01/2021

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 25 de xaneiro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams    Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa asistencia a profesora Beatriz Vázquez por exame, a representante de CODINUGAL por motivos laborais e tamén da representación do alumnado por imposibilidade de asistencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 14/01/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou de que ao día seguinte está convocada unha reunión coa xerencia da USC para informar sobre as novas medidas impostas pola Comunidade Autónoma en relación coa pandemia.

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.**

O decano indica que, tras a publicación da lista definitiva de asignación de destinos do Prácticum o pasado día 15 de xaneiro, recibiuse o día 16 de xaneiro renuncia da alumna Nuria López Pérez, que lle fora asignada praza na entidade Coesco Deza S.L.U.

Os asistentes tras comentar este asunto **acordaron por unanimidade aceptar a renuncia presentada pola alumna e tamén acordaron que esta praza se oferte novamente entre as vacantes deste curso por se houbera algún alumno interesado na mesma**.

O decano tamén indica que con posterioridade á publicación da lista definitiva, xurdiu unha incidencia coa praza asignada ao alumno Juan Prados Lence, ofertada pola entidade Medesmel Clinic, S.L., a cal manifestou a súa imposibilidade de acoller ao alumnado asignado, tratando de ser resolta pola coordinación do Prácticum aínda que finalmente non foi posible.

A continuación deu lectura á convocatoria do Prácticum que indica no seu apartado 9 literalmente o seguinte:

*"...*
*Se o estudante non recibise a formación por neglixencia ou incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas, elixindo o seu destino de entre as vacantes ofertadas na convocatoria."*

Tamén ao Regulamento de prácticas académicas externas da USC aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015 que indica no artigo 17 (Dereitos dos estudantes) literalmente o seguinte:

*"3. No caso das prácticas curriculares se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación na seguinte convocatoria."*

O decano informa de que para dar cumprimento ao indicado na normativa, tentouse contactar co alumno para revisar as vacantes e adxudicarlle a praza máis acorde as súas preferencias, pero non foi posible nin por correo electrónico nin telefonicamente; e, con posterioridade, comunicouse coa Facultade o 20 de xaneiro de 2021 a través do Rexistro Electrónico da USC. Acompáñase como ANEXO a este acta o documento recibido.

Tras a lectura do documento e un amplo debate sobre este asunto que contou tamén coa intervención da coordinadora do Prácticum, os asistentes **acordaron por unanimidade adxudicarlle ao alumno unha das prazas vacantes, seguindo a orde de prelación indicada polo mesmo inicialmente na súa solicitude de Prácticum, sendo o destino adxudicado a Sociedade Deportiva Compostela, Avenida Fernando Casas Novoa, 20, Santiago de Compostela e deixando aberta a posibilidade de elixir outro destino de entre as vacantes ofertadas na convocatoria.**

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto houbo intervencións do profesor Ángel Cobos e Lourdes Vázquez solicitando aclaracións sobre a realización de exames presenciais a alumnado que tiveran COVID19 ao que o decano contestou segundo o indicado na normativa de aplicación.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 08/02/2021

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. PDA curso 2021-22.
5. Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.
6. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 8 de febreiro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | Email |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Dafne Nogueiras Liste | Alumna | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams        Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa asistencia da profesora Aida Jover e Ángeles Romero por coincidirlles con docencia e Olga Díaz por cita médica. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 25/01/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou de que a docencia seguiría online ata o vindeiro día 17 de febreiro, tal e como estaba previsto e a partir desa data estaremos ao que as autoridades sanitarias e a USC indiquen.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2020-21.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Cal Crespo, Iria | Alimentación vexetariana nas distintas etapas da vida. |
| 2 | Carus San Martín, Jose | Trihalometanos e derivados en auga potable. Efectos sobre a saúde. |
| 3 | Ferreiro Espasandín, Sonia | Malabsorción de fructosa. Tratamento nutricional. |
| 4 | Nogueiras Liste, Dafne | Análise das aplicacións medicinais históricas e actuais do regaliz. |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG:

| TRIBUNAL | SUPLENTES TRIBUNAL |
|---|---|
| **Presidente:** Olga Díaz Rubio<br>**Secretario:** Elena Freire Paz<br>**Vocal:** María Ángeles García Fernández | 1º María Sagrario García Martín<br>2º Asteria María Luzardo Álvarez<br>3º Marcelino Maneiro Maneiro |
| **Data da Defensa:** 22/02/2021 | |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2020-2021, segundo a táboa precedente**.

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Normativa de TFG do GNHD e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, **que a presentación e defensa dos TFG da 1ª oportunidade do**

**curso 2020-2021 se realizará por medios telemáticos**.

4. **PDA curso 2021-22.**

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2021-22 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Solicitude de creación dun grupo de centro adicional de docencia interactiva de laboratorio para a materia G2071106 Química II (pasa de 3 a 4), de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía debido ao elevado nº de alumnos que cursan a materia e polo nº de repetidores que deben volver a realizar as prácticas, o cal redundaría nunha mellora da calidade docente.
- Solicitude de redución de grupos de docencia interactiva.
  - Departamento de Fisioloxía solicita redución de grupos de docencia interactiva, debido á falta de recursos humanos; noutro caso resultaralles imposible simultanear a docencia con outros centros da USC. As materias e grupos afectados serían os seguintes:
    - G2071109 Fisioloxía Humana II: suprimir 1 grupo de laboratorio (pasando de 4 a 3).
    - G2071110 Fisioloxía Humana I: suprimir 1 grupo de laboratorio (pasando de 4 a 3).
  - Solicítase a redución de 1 grupo de docencia interactiva de laboratorio na materia G2071101 Física para Ciencias da Vida (pasando de 4 a 3), por cuestións organizativas relativas á coordinación de grupos do 1º curso.
- Na materia G2071424 Prácticum introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2020-21 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.
- Na materia G2071425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2019-20 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2021-22 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de

PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

5. **Convocatoria de Prácticum, curso 2020-21.**

O decano indica que neste punto só quere informar de que no caso do alumno Juan Prados finalmente, despois de varios intercambios de escritos, elixiu a praza do Clúster Alimentario de Galicia, tras ofertarlle un total de 28 prazas na que se incluía tamén a praza á que renunciou a alumna Nuria López na entidade Coesco Deza, S.L.U, esperando que se desenvolva con total normalidade.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 09/04/2021

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2021-22.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Seguimento do GNHD 2019-20: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
6. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 9 de abril de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | Email |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams      Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa asistencia da profesora Ángeles Romero, Olga Díaz por coincidirlles con docencia e Marta Pérez Fandiño por motivos laborais. O profesor Ramiro Barcia remitiu e-mail manifestando o seu acordo coa documentación remitida. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 08/02/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou de que, dada a complexidade cada vez maior para a organización dos horarios derivado do incremento do nº de cursos e das necesidades de compatibilizar o horario do profesorado nos distintos centros, vaise dispoñer dunha nova aula de informática, a nº4, de cara ao vindeiro curso, que contará con 19 postos e estará situada detrás da aula de informática nº2.

Tamén de que aínda se atopa pendente de asinar o convenio acordado coa Secretaría Xeral de Universidades para o acondicionamento de 2 novos laboratorios para o Grao en Bioquímica, que ao mesmo tempo se utilizarán para outras titulacións, permitindo un maior flexibilidade e dispoñibilidade de cara á impartición das prácticas de laboratorio.

A continuación tamén indicou que se vai acometer proximamente a 1ª parte da reparación da climatización do edificio de laboratorios, quedando a 2ª parte para o vindeiro curso.

Tamén informou que xa manifestara a USC a súa desconformidade coas datas previstas para a confección dos horarios que, tras o retraso do calendario académico e ao coincidir a Semana Santa nese mesmo período, dificultaron a elaboración e aprobación, a cal foi preciso realizar en moi pouco tempo.

3. **Proposta de horarios para o curso 2021-22.**

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do calendario académico e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días e nesta mesma reunión.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2021-22 do Grao en Nutrición Humana e Dietética** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da

Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html

4. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

O decano informa de que hai 61 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2020-21, dos cales 4 xa defenderon o seu TFG en febreiro, 9 xa teñen proposta aprobada en comisións pasadas, 47 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión e 1 non a presenta. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Abella del Valle, Celso | Efecto da alimentación no trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDA) |
| Acosta Escobar, Yolanda Paola | O kéfir e os seus beneficios para a saúde |
| Agra Baúlo, Lucía | Suplementos Nutricionais na Síndrome de Ovario Poliquístico |
| Alonso González, Mariña | A influencia da alimentación no ciclo menstrual |
| Arteche Arbiol, Unai | Comer san fóra da casa tamén é posible |
| Balado Cabana, Pablo | Análise dos diferentes tipos de etiquetado frontal dos alimentos |
| Bernárdez Darriba, Digna María | Permeabilidade intestinal; relación ca microbiota, o sistema inmune e os alimentos |
| Blanco Abeijón, Mario | Estratexias de pérdida de peso en deportes de loita e a súa relación coa saúde e o rendimento deportivo |
| Bueno López, Lara | Efectos dos ácidos graxos poliinsaturados de cadea longa (LC-PUFAs) na descendencia. |
| Calvo Corzón, Alexia | Guía alimentaria para a terceira idade |
| Carbayo Barrio, Jesús | Evidencia científica dos fitoterapéuticos comerciais empregados como coadxuvantes no tratamento da obesidade e as súas comorbilidades. |
| Castiñeira López, Sheila | ¿Es posible la fortificación de productos de panadería y pastelería con vitamina D? |
| Castiñeiras Liñares, Mireya | O papel do DHA na saúde materno-infantil |
| Cediel , Johann Sebastian | Desenvolvemento dun cuestionario de avaliación nutricional para a súa aplicación en corredores de longa distancia |
| Fariña Oubiña, Adrián | Dieta e suplementación en deportista de tríatlon. Adaptación á situación de pandemia. |
| Fernández Labrada, Tamara | Ácido Linoleico Conxugado (CLA): efectos na saúde e contido no leite |
| Fernández López, Concepción | Microbiota intestinal e COVID-19, a paisaxe e a tormenta |
| Fernández Rodríguez, Cecilia | Nutrición enteral e fórmulas comerciais no Hospital Lucus Augusti |
| Fernández Vázquez, Carla | Papel da dieta e a suplementación con inositol no Síndrome de Ovario Poliquístico |
| González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. |
| González Rodríguez, Nerea | Avaliación dos hábitos alimentarios de traballadoras e traballadores españois en dias laborables |
| Hierro de la Torre, Itziar del | Efecto da nutrición na prevención de patoloxías oculares |
| Landeira Vilariño, Uxía | Sintomatoloxía da COVID-19 e factores de risco nutricionais |
| Mariño Veiga, Silvia | Malos hábitos nutricionais na poboación infantil |
| Mendonça Paredes, Carmen Consuelo | Crononutrición como estratexia terapéutica na obesidade |
| Míguez Ocampo, Laura | Autofaxia e xaxún intermitente |
| Míguez Suárez, Gabriel | Avaliación da presenza de residuos farmacolóxicos en feces humanas como conscuencia dunha inxesta involuntaria |
| Montero Cuadrado, Ángel | Aloe vera: Compostos bioactivos e aplicacións biomédicas |
| Naya Varela, Álvaro | Efecto da Ashwagandha no manexo da obesidade e as súas comorbilidades |

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Nogueira Río, Nerea | Avaliación das aplicacións informáticas de apoio nutricional dirixidas ó público en xeral. |
| Paramos Torreira, Andrea | Batch Cooking para estudantes universitarios |
| Patiño Vázquez, Martín | Relación entre a nutrición e a alopecia |
| Pérez Armada, Claudia | Elaboración de pratos saudables de quinta gama para consumo a domicilio |
| Pérez Rodríguez, Débora | Mitos sobre nutrición deportiva e importancia da suplementación |
| Prados Lence, Juan | Efectos do consumo de froitos vermellos na saúde cardiovascular |
| Riotorto Villar, Ania | Efectos sobre a saúde derivados do consumo de edulcorantes non calóricos |
| Rodríguez Campaño, Andrea | SARS-CoV-2 e Seguridade Alimentaria |
| Rodríguez González, Verónica | Interrelación entre a microbiota, o sistema inmune e a alimentación |
| Rodríguez López, Eva | Uso de probióticos no control da ansiedade pola comida |
| Sánchez Lebon, Leticia Pilar | Aplicación do sistema de puntuación estandarizado do WCRF / AICR para a análise de hábitos alimentarios e estilo de vida. |
| Sangião Sánchez, Carla | O poder das emocións na conduta alimentaria |
| Sieiro Pérez, Ana María | Revisión bibliográfica do Baby Led Weaning (BLW) e análise do coñecemento actual. |
| Souto Prieto, Antonio | A funcionalidade da Fibra no Enfermo Renal Crónico (ERC) |
| Teijeiro Soto, Uxía | Influencia da microbiota materna, os probióticos e os prebióticos no trastorno do espectro do autismo (TEA) |
| Toceda Aldao, Angela | Percepción dos sinais de fame e saciedade na alimentación complementaria |
| Varela Fernández, Álvaro | Edulcorantes e os seus efectos na microbiota humana |
| Vázquez Carregal, María | As Zonas Azuis: o segredo para desfrutar dunha elevada esperanza de vida. |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abella del Valle, Celso | Efecto da alimentación no trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDA) | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| Acosta Escobar, Yolanda Paola | O kéfir e os seus beneficios para a saúde | Patricia Regal López | 640 | 50% | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 50% | | | |
| Agra Baúlo, Lucía | Suplementos Nutricionais na Síndrome de Ovario Poliquístico | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% | | | |
| Alonso González, Mariña | A influencia da alimentación no ciclo menstrual | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | | | |
| Arteche Arbiol, Unai | Comer san fóra da casa tamén é posible | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| Balado Cabana, Pablo | Análise dos diferentes tipos de etiquetado frontal dos alimentos | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| Bernárdez Darriba, Digna María | Permeabilidade intestinal; relación ca microbiota, o sistema inmune e os alimentos | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | | | | |
| Blanco Abeijón, Mario | Estratexias de pérdida de peso en deportes de loita e a súa relación coa saúde e o rendimento deportivo | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| Bueno López, Lara | Efectos dos ácidos graxos poliinsaturados de cadea longa (LC-PUFAs) na descendencia. | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% | | | |
| Cal Crespo, Iria | Alimentación vexetariana nas distintas etapas da vida | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| Calvo Corzón, Alexia | Guía alimentaria para a terceira idade | Patricia Regal López | 640 | 50% | Ana Mª Martínez Lorente | G2071 | 50% | | | |
| Carbayo Barrio, Jesús | Evidencia científica dos fitoterapéuticos comerciais empregados como coadxuvantes no tratamento da obesidade e as súas comorbilidades. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| Carus San Martín, Jose | Trihalometanos e derivados en auga potable. Efectos sobre a saúde. | Carlos Herrero Latorre | 750 | 100% | | | | | | |
| Castiñeira López, Sheila | ¿Es posible la fortificación de productos de panadería y pastelería con vitamina D? | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| Castiñeiras Liñares, Mireya | O papel do DHA na saúde materno-infantil | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| Cediel , Johann Sebastian | Desenvolvemento dun cuestionario de avaliación nutricional para a súa aplicación en corredores de longa distancia | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 100% | | | | | | |
| Fariña Oubiña, Adrián | Dieta e suplementación en deportista de tríatlon. Adaptación á situación de pandemia. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | | | | |

| ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Fernández Labrada, Tamara | Ácido Linoleico Conxugado (CLA): efectos na saúde e contido no leite | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| Fernández López, Concepción | Microbiota intestinal e COVID-19, a paisaxe e a tormenta | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | | | | |
| Fernández Rodríguez, Cecilia | Nutrición enteral e fórmulas comerciais no Hospital Lucus Augusti | Patricia Regal López | 640 | 50% | Nazaret Rodríguez Novo | G2071 | 50% | | | |
| Fernández Vázquez, Carla | Papel da dieta e a suplementación con inositol no Síndrome de Ovario Poliquístico | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% | | | |
| Ferreiro Blazetic, Verónica | Dietas cetogénicas; alternativas terapéuticas | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| Ferreiro Espasandín, Sonia | Malabsorción de fructosa. Tratamento nutricional | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| Freijedo Rodríguez, Valeria | Importancia de la vitamina D en la infección por COVID-19 | Lucia Moure Rodríguez | 615 | 50% | Raquel Barbosa Lorenzo | 615 | 50% | | | |
| Gerpe Barreiro, Mayte | Entrada de superbacterias en la cadena alimentaria y posibles efectos sobre el consumidor | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | | | |
| Gil Prado, Laura | Alimentación sostible e saudable, adaptada ó primeiro e terceiro mundo. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | | | |
| González Rodríguez, Nerea | Avaliación dos hábitos alimentarios de traballadoras e traballadores españois en dias laborables | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 50% | | | |
| Hierro de la Torre, Itziar del | Efecto da nutrición na prevención de patoloxías oculares | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| Landeira Vilariño, Uxía | Sintomatoloxía da COVID-19 e factores de risco nutricionais | Asteria M. Luzardo Álvarez | 310 | 100% | | | | | | |
| López Pérez, Nuria | | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| Mariño Veiga, Silvia | Malos hábitos nutricionais na poboación infantil | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Nicolás Piedrafita Páez | G2071 | 50% | | | |
| Mendonça Paredes, Carmen Consuelo | Crononutrición como estratexia terapéutica na obesidade | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| Míguez Ocampo, Laura | Autofaxia e xaxún intermitente | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| Míguez Suárez, Gabriel | Avaliación da presenza de residuos farmacolóxicos en feces humanas como conscuencia dunha inxesta involuntaria | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| Montero Cuadrado, Ángel | Aloe vera: Compostos bioactivos e aplicacións biomédicas | Angel Cobos García | 780 | 50% | Olga Díaz Rubio | 780 | 50% | | | |
| Naya Varela, Álvaro | Efecto da Ashwagandha no manexo da obesidade e as súas comorbilidades | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| Nogueira Río, Nerea | Avaliación das aplicacións informáticas de apoio nutricional dirixidas ó público en xeral. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | G2071 | 50% | | | |
| Nogueiras Liste, Dafne | Análise das aplicacións medicinais históricas e actuais do regaliz | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| Oliván López, Laura | Presenza de metais pesados no mexillón da especie Mytilus galloprovincialis e efectos sobre a saúde humana. | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| Orin Acosta, Dannally | La nutrición como determinante del desarrollo y mantenimiento del sistema inmunológico | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| Paramos Torreira, Andrea | Batch Cooking para estudantes universitarios | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Nuria Callejo López | G2071 | 50% | | | |
| Patiño Vázquez, Martín | Relación entre a nutrición e a alopecia | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 100% | | | | | | |
| Pérez Armada, Claudia | Elaboración de pratos saudables de quinta gama para consumo a domicilio | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | | | | |
| Pérez Rodríguez, Débora | Mitos sobre nutrición deportiva e importancia da suplementación | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| Prados Lence, Juan | Efectos do consumo de froitos vermellos na saúde cardiovascular | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| Riotorto Villar, Ania | Efectos sobre a saúde derivados do consumo de edulcorantes non calóricos | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| Rodríguez Campaño, Andrea | SARS-CoV-2 e Seguridade Alimentaria | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 100% | | | | | | |
| Rodríguez González, Verónica | Interrelación entre a microbiota, o sistema inmune e a alimentación | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| Rodríguez López, Eva | Uso de probióticos no control da ansiedade pola comida | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| Rodríguez Rodríguez, Javier | Enfermidade celíaca: relación entre micronutrientes e anticorpos anti-transglutaminasa. | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| Sánchez Lebon, Leticia Pilar | Aplicación do sistema de puntuación estandarizado do WCRF / AICR para a análise de hábitos alimentarios e estilo de vida. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Ana Mª Martínez Lorente | G2071 | 50% | | | |
| Sangião Sánchez, Carla | O poder das emocións na conduta alimentaria | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| Sieiro Pérez, Ana María | Revisión bibliográfica do Baby Led Weaning (BLW) e análise do coñecemento actual. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Antía Pérez Vázquez | G2071 | 50% | | | |
| Sosa Fernández, Paula | Nutrición no transplante renal. Revisión bibliográfica. | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% | | | |
| Souto Prieto, Antonio | A funcionalidade da Fibra no Enfermo Renal Crónico (ERC) | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | Secundino Cigarrán Guldrís | G2071 | 25% | Juan Antonio Latorre Catalá | G2071 | 25% |
| Teijeiro Soto, Uxía | Influencia da microbiota materna, os probióticos e os prebióticos no trastorno do espectro do autismo (TEA) | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | G2071 | 50% | | | |
| Toceda Aldao, Angela | Percepción dos sinais de fame e saciedade na alimentación complementaria | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 100% | | | | | | |

| ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Varela Fernández, Álvaro | Edulcorantes e os seus efectos na microbiota humana | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| Vázquez Carregal, María | As Zonas Azuis: o segredo para desfrutar dunha elevada esperanza de vida. | Olga Díaz Rubio | 780 | 100% | | | | | | |

A continuación informou de que tamén se fará a oportuna modificación do PDA 2020-21.

5. **Seguimento do GNHD 2019-20: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.**

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do GNHD para o curso 2019-20 que se acompaña como ANEXO a este acta,** que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

normalidade.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE | A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 24/05/2021

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Revisión do informe de abandono potencial.
4. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 24 de maio de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams     Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que foi invitada á reunión a nova representante do alumnado (Alba Cerezo) que se estima será nomeada na vindeira Xunta de Centro pero desculpou asistencia por coincidirlle con exame. A

continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 09/04/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. O profesor Ángel Cobos detectou un erro no punto 5. "*Seguimento do GNHD 2019-20: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro*" consistente na denominación incorrecta do Grao en Nutrición. Unha vez corrixido o erro detectado e non habendo ningún outro reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou de que xa foi asinado o convenio acordado coa Secretaría Xeral de Universidades para o acondicionamento dos laboratorios do Grao en Bioquímica, o que suporá unha achega aproximada duns 187.000 € para este ano. De cara as anualidades previstas para os próximos anos (3 adicionais), será preciso asinar anualmente novos convenios nos que se fixarán os importes a percibir, de ser o caso.

A continuación tamén indicou que en relación á reparación da climatización do edificio de laboratorios, xa foi adxudicada estando prevista a realización a finais do mes de xuño.

En canto á docencia do vindeiro curso, informou de que non hai novidades, está prevista de xeito presencial e polo momento establecéronse distancias de seguridade menores para outros niveles educativos pero non se indicou nada ao respecto das ensinanzas universitarias.

Tamén informou do accidente de tráfico e dos danos ocasionados no edificio de laboratorios.

Xa para finalizar presentou o documento das novas titulacións que a Xunta ten previsto implantar ata o 2030, segundo o difundido ás universidades e que será posto á disposición do profesorado para analizar a posibilidade de que a Facultade poda participar nestes novos proxectos de titulacións.

3. **Revisión do informe de abandono potencial.**

O decano informou de que se recibiu o informe de abandono potencial, no que se indica o alumnado de 1º curso que non superou ningún crédito durante o 1º semestre. O coordinador do título remitiulles coma sempre unha pequena enquisa na que ademais se lles oferta a posibilidade de apoio titorial para reverter a situación. Recibíronse tan só 4 respostas dun total de 10 e en todos os casos o alumnado indica que a súa intención e continuar os estudos do GNHD.

Suscitouse un amplo debate entre os asistentes sobre a conveniencia ou non de levar a cabo actuacións neste senso, pero finalmente os asistentes **acordaron** por asentimento que se vai a confeccionar un breve formulario para todas as titulacións de grao do centro que se remitiría a este alumnado para valorar a posibilidade de deseñar algunha acción ou actividade de titoría e/ou orientación dirixida ao mesmo. Tamén acordaron seguir demandando á Área de Calidade a recepción desta información xusto á finalización do período de actas do 1º semestre para poder facer actuacións efectivas.

4. **Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

O decano informa de que o pasado 7 de maio publicouse no taboleiro electrónico da USC a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, a cal establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución dispoñible no enlace: https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/resolucionXeral/30/carga.htm

Para isto, é preciso que previamente a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día.

Recibíronse un total de 4 solicitudes que se corresponden cos seguintes TFGs:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Fariña Oubiña, Adrián | Dieta e suplementación en deportista de tríatlon. Adaptación á situación de pandemia. |
| Landeira Vilariño, Uxía | Sintomatoloxía da COVID-19 e factores de risco nutricionais |
| Naya Varela, Álvaro | Efecto da Ashwagandha no manexo da obesidade e as súas comorbilidades |
| Vázquez Carregal, María | As Zonas Azuis: o segredo para desfrutar dunha elevada esperanza de vida. |

Tras analizar a documentación remitida polo alumnado os asistentes **acordaron por asentimento emitir informe favorable** por considerar que compren coas condicións e requisitos esixidos.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 07/06/2021

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2020-21.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 7 de xuño de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Alba Cerezo Sotelino | Alumna | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams        Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que desculpa asistencia a profesora Aida Jover por coincidirlle co exame da materia e Mª Ángeles Romero por ter outra reunión previamente concertada. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 24/05/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou de que en relación aos actos de graduación do alumnado do GNHD, o protocolo da USC para estes actos indica que os actos académicos de graduación só se poderán celebrar nas instalacións da Universidade, en horario de mañá e coa asistencia só de membros da comunidade universitaria. Os actos que non se celebren nas instalacións da Universidade non terán a consideración de acto académico de graduación e serán responsabilidade dos organizadores e dos titulares dos establecementos nos que se realicen, sendo a eventual participación de membros da comunidade universitaria a título persoal. Entón está á espera de que o alumnado lle comunique se o van a realizar nas instalacións do centro e a data.

Tamén indicou que o inicio do vindeiro curso académico a docencia está prevista de xeito presencial pero que aínda non se concretou pola administración a separación a ter en conta nos espazos docentes das universidades, aínda que xa se concretou para outros niveis educativos, esperando que a situación mellore con respecto á actual.

3. **Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2020-21.**

O decano informou de que dentro do período de aprobación das programacións docentes por parte dos departamentos, se remitiu un modelo orientativo que recollía as especificacións indicadas no plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-22, acompañado do citado plan e do enlace á memoria do título. Ademais os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións e fóronse introducindo as modificacións necesarias para cumprir a normativa e ao mesmo tempo adaptarse ao indicado na citada memoria. A continuación, o coordinador do título informou de xeito resumido da situación das distintas materias.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2021-22 do Grao en Nutrición Humana e Dietética,** sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto houbo intervencións relacionadas coa información do alumnado que non pode asistir aos exames motivado pola COVID19 que se pon á disposición do profesorado no campus virtual e a obrigatoriedade de establecer unha data de exame alternativa para este alumnado.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 30/06/2021

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Revisión do informe de abandono potencial.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 30 de xuño de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Aida Jover Ramos | Responsable de Calidade do Centro (RCC) | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Alba Cerezo Sotelino | Alumna | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams    Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a vicedecana da Facultade, Asteria Mª Luzardo, e de que desculpa asistencia da profesora Mª Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/06/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou de que a Facultade está a facer una difusión das súas titulacións nas redes sociais de xeito rotatorio, promocionando cada día unha titulación de grao ou máster do centro a cal está tendo boa acollida e conta con un número importante de visitas.

Tamén que se recibiu o borrador do Regulamento de uso dos espazos da Universidade de Santiago de Compostela o cal se remitirá para que todos podan facer as suxestións ao mesmo que estimen oportunas.

3. **Revisión do informe de abandono potencial.**

O coordinador do GNHD informou que, tal e como se acordou noutras comisións de título para unificar as accións a realizar, remitiu ao resto de coordinadores a enquisa sobre abandono potencial do GNHD que a estimaron adecuada como punto de partida para ser utilizada nos distintos graos do centro; tratándose da mesma enquisa recollida na acta da pasada comisión do 2 de outubro de 2019. En canto aos resultados da mesma, indicou que para o GNHD o alumnado que contestou manifestou a súa intención de continuar cursando a titulación.

O decano propón que, para resolver o problema de que este informe se reciba tan avanzado o curso académico, adicionalmente á enquisa realizada, o coordinador de 1º curso manteña unha reunión co profesorado das distintas materias ao final do 1º semestre para detectar con rapidez a este alumnado e tratar de minimizar os casos de abandono dos estudos.

Os asistentes aceptaron por asentimento esta proposta e o coordinador de 1º curso comprometeuse a realizar esta reunión.

4. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2020-21.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Agra Baúlo, Lucía | Suplementos Nutricionais na Síndrome de Ovario Poliquístico |
| 2 | Alonso González, Mariña | A influencia da alimentación no ciclo menstrual |

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 3 | Arteche Arbiol, Unai | Comer san fóra da casa tamén é posible |
| 4 | Bernárdez Darriba, Digna María | Permeabilidade intestinal; relación ca microbiota, o sistema inmune e os alimentos |
| 5 | Bueno López, Lara | Efectos dos ácidos graxos poliinsaturados de cadea longa (LC-PUFAs) na descendencia. |
| 6 | Carbayo Barrio, Jesús | Evidencia científica dos fitoterapéuticos comerciais empregados como coadxuvantes no tratamento da obesidade e as súas comorbilidades. |
| 7 | Castiñeira López, Sheila | ¿Es posible la fortificación de productos de panadería y pastelería con vitamina D? |
| 8 | Castiñeiras Liñares, Mireya | O papel do DHA na saúde materno-infantil |
| 9 | Fernández Labrada, Tamara | Ácido Linoleico Conxugado (CLA): efectos na saúde e contido no leite |
| 10 | Fernández López, Concepción | Microbiota intestinal e COVID-19, a paisaxe e a tormenta |
| 11 | Fernández Vázquez, Carla | Papel da dieta e dos posibles suplementos como Micronutrientes, Ácidos Graxos Omega-3 e Berberina no Síndrome do Ovario Poliquístico |
| 12 | Ferreiro Blazetic, Verónica | Dietas cetogénicas; alternativas terapéuticas |
| 13 | Freijedo Rodríguez, Valeria | Importancia da vitamina D na infección por COVID-19 |
| 14 | Gerpe Barreiro, Mayte | Entrada de superbacterias na cadea alimentaria e posibles efectos sobre o consumidor |
| 15 | Gil Prado, Laura | Alimentación sostible e saudable, adaptada ó primeiro e terceiro mundo. |
| 16 | Landeira Vilariño, Uxía | Sintomatoloxía da COVID-19 e factores de risco nutricionais |
| 17 | Mariño Veiga, Silvia | Malos hábitos nutricionais na poboación infantil |
| 18 | Míguez Ocampo, Laura | Autofaxia e xaxún intermitente |
| 19 | Míguez Suárez, Gabriel | Avaliación da presenza de residuos farmacolóxicos en feces humanas como conscuencia dunha inxesta involuntaria |
| 20 | Montero Cuadrado, Ángel | Aloe vera: Compostos bioactivos e aplicacións biomédicas |
| 21 | Nogueira Río, Nerea | Avaliación das aplicacións informáticas de apoio nutricional dirixidas ó público en xeral. |
| 22 | Paramos Torreira, Andrea | BatchCooking para estudantes universitarios |
| 23 | Patiño Vázquez, Martín | Relación entre a nutrición e a alopecia |
| 24 | Prados Lence, Juan | Efectos do consumo de froitos vermellos na saúde cardiovascular |
| 25 | Riotorto Villar, Ania | Efectos sobre a saúde derivados do consumo de edulcorantes non calóricos |
| 26 | Rodríguez González, Verónica | Interrelación entre a microbiota, o sistema inmune e a alimentación |
| 27 | Sangião Sánchez, Carla | O poder das emocións na conduta alimentaria |
| 28 | Sieiro Pérez, Ana María | Revisión bibliográfica sobre Baby Led Weaning (BLW) e análise do coñecemento actual. |
| 29 | Souto Prieto, Antonio | A funcionalidade da Fibra no Enfermo Renal Crónico (ERC) |
| 30 | Teijeiro Soto, Uxía | Influencia da microbiota materna, os probióticos e os prebióticos no trastomo do espectro do autismo (TEA) |
| 31 | Toceda Aldao, Angela | Percepción dos sinais de fame e saciedade na alimentación complementaria |
| 32 | Varela Fernández, Álvaro | Edulcorantes e os seus efectos na microbiota humana |
| 33 | Vázquez Carregal, María | As Zonas Azuis: o segredo para desfrutar dunha elevada esperanza de vida. |

O decano indica que no caso da alumna Carla Fernández Vázquez, o título non coincide co da proposta aprobada pola Comisión no seu momento polo que será preciso decidir si se permite a defensa do mesmo nesta 2ª oportunidade.

Os asistentes fixeron un intercambio de impresións sobre este asunto e resaltaron a necesidade de cumprir o establecido na normativa de TFG, polo que debería ter solicitado no prazo correspondente a modificación do título do TFG, sen embargo acordan **aceptar por asentimento a defensa do traballo fin de grao da alumna nesta oportunidade por apreciar que non se modifica o seu contido con respecto á proposta inicialmente aprobada.**

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor

de TFG:

| TRIBUNAL Nº1 | SUPLENTES TRIBUNAL Nº1 |
|---|---|
| **Data da defensa:** 13/07/2021 | |
| **Presidente:** Carlos Herrero Latorre<br>**Vocal:** Marcelino Maneiro Maneiro<br>**Secretaria:** Asteria Mª Luzardo Álvarez | Eugenio A. Rodríguez Núñez<br>Laura Rodríguez Silva<br>Mª Mercedes Rodríguez Vieytes |
| **Alumnos asignados:** do 1 ao 9 | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Data da defensa:** 13/07/2021 | |
| **Presidenta:** Rosa Mª Peña Crecente<br>**Vocal:** Jose Manuel Miranda López<br>**Secretaria:** Lucía Moure Rodríguez | Mª Ángeles Romero Rodríguez<br>Bernardo Valdés Paços<br>Beatriz Isabel Vázquez Belda |
| **Alumnos asignados:** do 10 ao 12 e do 15 ao 19 | |
| **TRIBUNAL Nº3** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº3** |
| **Data da defensa:** 13/07/2021 | |
| **Presidenta:** Consuelo Pita Calvo<br>**Vocal:** Mª do Mar Pérez Fra<br>**Secretaria:** Carolina Graciela Nebot García | José Váquez Tato<br>Mª Lourdes Vázquez Oderiz<br>Ramiro Barcia Vieitez |
| **Alumnos asignados:** 13, do 20 ao 24, 26 e 30 | |
| **TRIBUNAL Nº4** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº4** |
| **Data da defensa:** 13/07/2021 | |
| **Presidente:** Luis Alberto Ramil Novo<br>**Vocal:** Jorge Proupín Castiñeiras<br>**Secretaria:** Patricia Regal López | María Villanueva López<br>Jesús Eulogio Blanco Álvarez<br>José Blanco Méndez |
| **Alumnos asignados:** 14, 25, do 27 ao 29 e do 31 ao 33 | |

Os asistentes **acordan por asentimento aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de xullo do curso 2020-2021, segundo a táboa precedente**.

Tamén **acordan por asentimento**, segundo o recollido na Normativa de TFG do GNHD e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, **que a presentación e defensa dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2020-2021 se realizará por medios telemáticos**.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto a representante de CODINUGAL, Marta Fandiño, solicitou información acerca dos actos de graduación do alumnado ao que o decano indicou que no caso do curso 2019-20 aínda o alumnado no tiña decidido cando realizalo, e no caso do curso 2020-21 terá lugar no Auditorio Gustavo Freire nun acto organizado polo alumnado e do que está totalmente

desvinculado o centro ao non realizarse nas instalacións da USC.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 06/09/2021

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 6 de setembro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | VC |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Alba Cerezo Sotelino | Alumna | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a vicedecana da Facultade, Asteria Mª Luzardo, e de que desculpa asistencia do profesorado: Ángel Cobos, Olga Díaz e Aida Jover. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/06/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou sobre as distancias de seguridade a aplicar para o vindeiro curso que se recollen na Guía de actuación fronte a COVID-19 da USC que indica que nos niveis de risco medio-baixo e medio, de conformidade coas disposicións das autoridades sanitarias, con carácter xeral a distancia de seguridade interpersoal nas aulas será de 1,2 metros. No caso de bancadas fixas enténdese cumprida esa distancia deixando un posto intermedio baleiro, sempre que as características das instalacións e da ventilación o posibiliten. Tendo en conta isto non será preciso modificar os horarios do vindeiro curso e a docencia poderase impartir de xeito presencial.

Tamén informou da elaboración ao igual que o curso anterior, do Protocolo COVID-19 do curso 2021-22 que se atopa dispoñible na páxina web da Facultade.

A continuación fixo algunhas aclaracións sobre os accesos ao centro e sobre a necesidade de manter a ventilación dos espazos ao igual que o curso anterior, uso do xiz, mandos a distancia, medidores de $CO_2$, prácticas de campo, ...

Indicou que a coordinación do título remitirá ao profesorado un resumo das cuestións máis relevantes para o comezo do curso.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2020-21.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Abella del Valle, Celso | Efecto da alimentación no trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDA) |
| 2 | Acosta Escobar, Yolanda Paola | O kéfir e os seus beneficios para a saúde |
| 3 | Balado Cabana, Pablo | Análise dos diferentes tipos de etiquetado frontal dos alimentos |
| 4 | Cediel , Johann Sebastian | Desenvolvemento dun cuestionario de avaliación nutricional para a súa aplicación en corredores de longa distancia |
| 5 | Fariña Oubiña, Adrián | Dieta e suplementación en deportista de tríatlon. Adaptación á situación de pandemia. |
| 6 | González Rodríguez, Nerea | Avaliación dos hábitos alimentarios de traballadoras e traballadores españois en dias laborables |
| 7 | Naya Varela, Álvaro | Efecto da Ashwagandha no manexo da obesidade e as súas comorbilidades |
| 8 | Oliván López, Laura | Presenza de metais pesados no mexillón da especie Mytilus galloprovincialis e efectos sobre a saúde humana. |
| 9 | Orin Acosta, Dannally | A nutrición como determinante do desenvolvemento e mantemento do sistema inmunitario |
| 10 | Pérez Armada, Claudia | Elaboración de pratos saudables de quinta gama para consumo a domicilio |
| 11 | Rodríguez López, Eva | Uso de probióticos no control da ansiedade pola comida |

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 12 | Sánchez Lebon, Leticia Pilar | Aplicación do sistema de puntuación estandarizado do WCRF / AICR para a análise de hábitos alimentarios e estilo de vida. |
| 13 | Sosa Fernández, Paula | Nutrición no transplante renal. Revisión bibliográfica. |

A continuación, o decano do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación remitida polo coordinador do TFG, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de presentación posibles o 13 ou 14 de setembro:

| TRIBUNAL Nº1 | SUPLENTES TRIBUNAL Nº1 |
|---|---|
| **Presidente:** Eugenio A. Rodríguez Núñez<br>**Vocal:** Mª Ángeles Romero Rodríguez<br>**Secretaria:** Mª Mercedes Rodríguez Vieytes | José Váquez Tato<br>Mª Lourdes Vázquez Oderiz<br>Jesús Eulogio Blanco Álvarez |
| **Alumnos asignados:** do 1 ao 7 | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Presidenta:** Beatriz Isabel Vázquez Belda<br>**Vocal:** Laura Rodríguez Silva<br>**Secretario:** Bernardo Valdés Paços | María Villanueva López<br>Miguel Blanco Álvarez<br>José Blanco Méndez |
| **Alumnos asignados:** do 8 ao 13 | |

Os asistentes **acordan por asentimento aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2020-2021, segundo a táboa precedente**.

Despois dun breve debate, tamén **acordan por asentimento**, segundo o recollido na Normativa de TFG do GNHD e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, **que a presentación e defensa dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2020-2021 se realizará por medios telemáticos**, esperando xa poder levar a cabo todo de xeito presencial de cara ao vindeiro curso.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 07/10/2021

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
4. Actas consolidadas curso 2020-21.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 7 de outubro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | VC |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | Email |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | VC |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | VC |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Alba Cerezo Sotelino | Alumna | VC |

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a vicedecana da Facultade, Asteria Mª Luzardo, de que o profesor Jesús Casabiell remitiu por correo electrónico os seus comentarios aos puntos da orde do día, e de que desculpa asistencia do profesorado Aida Jover, Mª Ángeles Romero e Ana Botana. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 06/09/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou dos seguintes temas:

- Da celebración na Facultade da festividade de San Alberte Magno o vindeiro día 15 de novembro.
- Sobre o recoñecemento por parte da Xunta de Galicia do Campus Terra como campus de especialización do Sistema Universitario Galego nas áreas estratéxicas de agricultura, gandaría e sector forestal sostibles, o cal suporá un importante aporte económico distribuído en varias anualidades que espera repercuta tamén nas titulacións do centro.
- A mellora da situación sanitaria polo que é de esperar que axiña desaparezan algunhas das restricións existentes na actualidade.

3. **Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.**

O decano informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GNHD, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes aproban por asentimento a proposta de liñas temáticas de TFG para o GNHD que se acompaña como ANEXO á presente acta.

4. **Actas consolidadas curso 2020-21.**

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2020-21, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado e as súas cualificacións, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén ao que corresponde renuncia. O decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de “matrícula de honra” corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Neste curso polo nº de alumnado matriculado correspondería outorgar 3 matrículas de honra, pero despois de contactar cos distintos tribunais e á vista das cualificacións obtidas polo

alumnado, non se pode establecer unha prelación clara entre o alumnado cualificado, motivo polo cal a comisión decidiu por asentimento **non outorgar esta mención no curso 2020-21**.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 17/11/2021

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
5. Convocatoria de Prácticum, curso 2021-22.
6. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 17 de novembro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Alba Cerezo Sotelino | Alumna | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez Fandiño, que comunicou a necesidade de asistencia por medios electrónicos. Ademais informa de que asiste como invitada a vicedecana da Facultade, Asteria Mª Luzardo, e de que desculpa a asistencia do profesor Ángel Cobos, Jesús Casabiell, Aida Jover e Mª Lourdes Vázquez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 07/10/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou dos seguintes temas:

- Da celebración da festividade de San Alberte Magno, que tivo lugar o pasado día 15, desenvolvéndose o acto con normalidade e con bastante participación.
- Sobre as reunións que se están realizando como consecuencia do recoñecemento por parte da Xunta de Galicia do Campus Terra como campus de especialización do Sistema Universitario Galego nas áreas estratéxicas de agricultura, gandaría e sector forestal sostibles, co obxecto de distribuír o crédito asignado nas distintas anualidades de xeito adecuado.
- Tamén informou da convocatoria de elección de reitor, representantes no Claustro Universitario e a representantes de estudantes nas xuntas de centro.

3. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

O decano informa de que hai 48 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2021-22, dos cales 8 presentaron a súa proposta nesta oportunidade, 7 téñena vixente de cursos anteriores e 2 solicitaron modificación da proposta que xa tiñan aprobada. A continuación foi dando lectura ás mesmas e tamén aos documentos remitidos polo alumnado que solicitou as modificacións.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar todas as propostas de TFG presentadas que son as seguintes:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Capelo Valarezo, Yuliana Elizabeth | O sobrepeso e a obesidade na menopausa: abordaxe nutricional |
| González Dios, Iván | Avaliación dos hábitos e patróns de alimentación da poboación infanto-xuvenil. |
| Lago Barrio, Carolina | Golden rice e déficit de vitamina A |
| Maquieira Fernández, Ángel | Cafeína, fontes, beneficios, curiosidades e riscos |
| Porteiro Méndez, Antía | Hacia unha dieta sostible e saudable: cambios nos patróns dietéticos e na industria alimentaria |
| Sas Barbeito, Laura | Efecto dunha intervención nutricional en nenos de 8 a 10 anos |
| Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados |
| Villar Seijo, Eugenia María | Interacción materno-fetal e recomendacións dietéticas derivadas |

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2021-22 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe**

**entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Blanco Abeijón, Mario | Estratexias de pérdida de peso en deportes de loita e a súa relación coa saúde e o rendimento deportivo | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 2 | Calvo Corzón, Alexia | Guía alimentaria para a terceira idade | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 3 | Capelo Valarezo, Yuliana Elizabeth | O sobrepeso e a obesidade na menopausa: abordaxe nutricional | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 4 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 5 | Fernández Rodríguez, Cecilia | Nutrición enteral e fórmulas comerciais no Hospital Lucus Augusti | Patricia Regal López | 640 | 50% | Nazaret Rodríguez Novo | G2071 | 50% |
| 6 | González Dios, Iván | Avaliación dos hábitos e patróns de alimentación da poboación infanto-xuvenil. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Silvia Mariño Veiga | G2071 | 50% |
| 7 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% |
| 8 | Hierro de la Torre, Itziar del | Efecto da nutrición na prevención de patoloxías oculares | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | |
| 9 | Lago Barrio, Carolina | Golden rice e déficit de vitamina A | Carlos Herrero Latorre | 750 | 100% | | | |
| 10 | Maquieira Fernández, Ángel | Cafeína, fontes, beneficios, curiosidades e riscos | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 11 | Mendonça Paredes, Carmen Consuelo | Crononutrición como estratexia terapéutica na obesidade | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% |
| 12 | Porteiro Méndez, Antía | Hacia unha dieta sostible e saudable: cambios nos patróns dietéticos e na industria alimentaria | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 13 | Rodríguez Campaño, Andrea | Estudo do uso da sucralosa e os seus efectos sobre a saúde | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 100% | | | |
| 14 | Sas Barbeito, Laura | Efecto dunha intervención nutricional en nenos de 8 a 10 anos | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Antía Pérez Vázquez | G2071 | 50% |
| 15 | Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | |
| 16 | Varela Fernández, Álvaro | Edulcorantes e os seus efectos na microbiota humana | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 17 | Villar Seijo, Eugenia María | Interacción materno-fetal e recomendacións dietéticas derivadas | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% |

O decano informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G2071).

4. **Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

O decano informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución. Para isto, é preciso que previamente a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, e o remita xunto coa documentación ao Comité de Bioética.

Recibíronse un total de 3 solicitudes que se corresponden cos seguintes TFGs:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Capelo Valarezo, Yuliana Elizabeth | O sobrepeso e a obesidade na menopausa: abordaxe nutricional |
| González Dios, Iván | Avaliación dos hábitos e patróns de alimentación da poboación infanto-xuvenil. |
| Sas Barbeito, Laura | Efecto dunha intervención nutricional en nenos de 8 a 10 anos |

Tras analizar a documentación remitida polo alumnado os asistentes **acordaron por asentimento emitir informe favorable** por considerar que compren coas condicións e

requisitos esixidos.

5. **Convocatoria de Prácticum, curso 2021-22.**

O decano informou de que ao igual que en cursos pasados é preciso aprobar e publicar a convocatoria de Prácticum para o curso 2021-22 da que ser remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación indicou que na presente edición se simplificou a convocatoria e o procedemento de solicitude, xa que a maioría dos anexos salvo a oferta de prazas estarán dispoñibles na nova web que se creou para as prácticas externas na intranet da USC e ademais vaise a utilizar un formulario de solicitude confeccionado a través de Microsoft Forms que facilitará e simplificará o proceso para o alumnado.

A continuación a coordinadora de prácticas externas informou das prazas dispoñibles e dalgunhas que aínda estaban pendentes de sinatura de convenios. Tamén se informou do calendario aproximado de solicitudes, listas, reclamacións e renuncias, para finalmente incorporarse o alumnado a principios do mes de febreiro.

Finalmente tras os comentarios oportunos, **os asistentes aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Prácticum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2021-22** a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén acordaron **autorizar ao decano a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite** ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e **delegar no decano a elaboración e publicación** das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto houbo unha consulta da representante do alumnado sobre a realización das enquisas de satisfacción do alumnado.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 12/01/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2021-22.
4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 12 de xaneiro de 2022 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Alba Cerezo Sotelino | Alumna | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión informa de que asiste como invitada a vicedecana da Facultade, Asteria Mª Luzardo, e desculpa a asistencia da profesora Olga Díaz e Ángeles Romero e da representante do CODINUGAL Marta Pérez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 17/11/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou da comunicación efectuada en días pasados polo reitor indicando que se mantén a presencialidade para o período de exames garantíndose o cumprimento dos protocolos e normas que afectan á seguridade sanitaria nos espazos universitarios. Tamén sobre o contido da Instrución 1/2022 da Secretaría Xeral sobre o aprazamento ou cambio nas probas de avaliación por incidencia da COVID-19 que garante o dereito de todo o estudantado a ser avaliado.

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2021-22.**

O decano informa de que se convocou unha reunión da comisión para o 20 de decembro ao recibir unha solicitude de praza de Prácticum por parte de estudantado con discapacidade. Finalmente ao solicitar praza non adxudicada a outros estudantes non foi preciso aplicar criterios distintos dos habituais e por ese motivo se desconvocou a reunión.

Tamén de que no período de reclamacións á lista provisional de asignación de destinos do Prácticum se recibiu unha alegación por parte dun alumno, o cal por causas sobrevidas quedou sen o medio de desprazamento que lle permitiría acudir á localidade da praza asignada e solicita se lle conceda o seguinte destino solicitado (Real Conservera Española, S.L.), que se atopa moi preto do seu domicilio e non foi solicitado por ningún outro alumnado, co cal non afectaría a ninguén máis que o interesado.

Tras un intercambio de opinións sobre este asunto os asistentes **acordaron** por unanimidade **aceptar a modificación proposta** e asignarlle ao alumno Iván González Dios a praza de Prácticum na entidade Real Conservera Española, S.L.

4. **Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.**

O decano informou de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de proposta de oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23 para os títulos do centro. A continuación informou das cuestións máis salientables da comunicación recibida.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento**, para o Grao en Nutrición Humana e Dietética, **manter** para o curso 2022-23 a oferta de prazas do curso actual: **60 prazas ordinarias, 6 cota de traslados nacionais e 3 de cota para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros**.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 03/02/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2022-23.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 3 de febreiro de 2022 reúnense no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Ana María Botana López | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Alba Cerezo Sotelino | Alumna | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Beatriz Vázquez Belda que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpan asistencia Olga Díaz Rubio e de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

O decano e presidente da Comisión informa de que asiste como invitada a vicedecana da

Facultade, Asteria Mª Luzardo, e desculpa a asistencia da profesora Olga Díaz Rubio. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/01/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano informou da existencia dunha alta incidencia de contaxios que provoca retrasos na comunicación por parte da oficina COVID, polo que pediu ao profesorado que tal e como indica o Protocolo para a xestión de casos COVID-19 se facilite ao alumnado que pasa a unha situación de illamento o dereito de recibir a docencia de forma non presencial. Tamén informou da necesidade de seguir mantendo unha correcta ventilación e hixiene nos distintos espazos do centro.

Os asistentes realizaron as consultas oportunas en relación a este asunto e tamén se informou de algunhas dificultades no son.

3. **PDA curso 2022-23.**

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2022-23 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Solicitude de creación de grupos de centro adicionais de docencia interactiva de laboratorio:
    - Para a materia G2071102 Química I, creación de 1 grupo (pasando de 3 a 4), de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Física polo elevado número de alumnos que cursan a materia e tamén por cuestións organizativas dos grupos de docencia.
    - Para a materia G2071332 Garantía de Calidade, creación de 1 grupo (pasando de 2 a 3), de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, debido ao elevado nº de alumnos que cursan a materia o que redundaría nunha mellora da organización e da calidade docente.
- Solicitude de redución de grupos de docencia interactiva. O Departamento de Fisioloxía

solicita redución de grupos de docencia interactiva, debido á falta de recursos humanos; noutro caso resultaralles imposible simultanear a docencia con outros centros da USC. As materias e grupos afectados serían os seguintes:

- G2071109 Fisioloxía Humana II: suprimir 1 grupo de laboratorio (pasando de 4 a 3) e 1 de seminario (pasando de 3 a 2).
- G2071110 Fisioloxía Humana I: suprimir 1 grupo de laboratorio (pasando de 4 a 3) e 1 de seminario (pasando de 3 a 2).

- Modificación de distribución de horas de docencia. Na materia G2071102 Química I, tal e como figura en Xescampus na liña correspondente ao centro, e segundo o acordado o curso anterior, solicitamos a modificación da distribución do nº de horas de docencia que será impartida na súa totalidade pola Área 755 Química Física.
- Na materia G2071424 Prácticum introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2021-22 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.
- Na materia G2071425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2020-21 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2022-23 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

4. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2021-22.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Maquieira Fernández, Ángel | Cafeína, fontes, beneficios, curiosidades e riscos |
| 2 | Rodríguez Campaño, Andrea | Estudo do uso da sucralosa e os seus efectos sobre a saúde |
| 3 | Varela Fernández, Álvaro | Edulcorantes e os seus efectos na microbiota humana |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de presentación posibles o 16 ou 17 de febreiro:

| TRIBUNAL | SUPLENTES TRIBUNAL |
|---|---|
| **Presidente:** José Vázquez Tato<br>**Secretario:** Raquel Barbosa Lorenzo<br>**Vocal:** Mª Lourdes Vázquez Oderiz | 1º Miguel Blanco Álvarez<br>2º Ana Mª Botana López<br>3º José Blanco Méndez |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2021-2022, segundo a táboa precedente**.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto os asistentes solicitaron aclaracións sobre a docencia non presencial ao alumnado con COVID e tamén comunicaron problemas relacionados co son nalgunhas aulas e noutras coa carencia de cámaras axeitadas. O decano comprometeuse a resolver estas incidencias e, no caso de non conseguilo, trasladar puntualmente a docencia ou o equipamento entre aulas.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 17/03/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do GNHD 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 17 de marzo de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Francisco José Fraga López | Decano | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión informa de que desculpan asistencia Beatriz Vázquez Belda, Olga Díaz Rubio, Ana Mª Botana López e Marta Pérez Fandiño e de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/02/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O decano, en primeiro lugar, despediuse como presidente da comisión debido á súa próxima incorporación ao novo equipo reitoral da USC como vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo e pediu aos membros que mantiveran a súa colaboración co equipo decanal que quedará en funcións ata a celebración de eleccións.

A continuación informou de que de cara ao vindeiro curso a USC ten previsto elaborar normativa que permita atender ás necesidades de conciliación do persoal docente e investigador na elaboración dos horarios e POD. Non foi posible facelo para este curso, polo que nos vindeiros días remitirase aos centros e departamentos unhas indicacións que se deberán observar no proceso de programación do vindeiro curso.

3. **Seguimento do GNHD 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.**

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O decano cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

A representante do CODINUGAL, Marta Pérez, aínda que desculpou a asistencia á reunión, remitiu un correo electrónico indicando que considera que a satisfacción do alumnado co Grao podería mellorar se o alumnado contase dentro do seu profesorado con graduados en nutrición humana e dietética, e suxire incorporalo como unha acción de mellora. Os asistentes, tras analizar esta proposta, acordaron por asentimento non propoñela como acción de mellora ao considerar que é preciso dispoñer na titulación de profesorado variado procedente de distintos departamentos e áreas de coñecemento, nos cales se irá integrando paulatinamente novo profesorado seguindo a normativa ao respecto. Polo tanto, seguindo a citada normativa cabe esperar a incorporación, entre outros titulados, de graduados en nutrición humana e dietética como persoal docente e investigador da USC ao longo dos vindeiros anos nas distintas figuras de profesorado.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do GNHD para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO a este acta,** que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e*

*Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Francisco José Fraga López | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 01/04/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2022-23.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
6. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 1 de abril de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana en funcións | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez Fandiño que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes

medios. Tamén informa de que desculpan asistencia Ana Mª Botana López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 17/03/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A presidenta informou de que o Comité de Xestión COVID-19 adaptou recentemente o Protocolo de xestión de casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela de conformidade co establecido polo protocolo de "Vixilancia e control do SARS-CoV-2 na etapa de transición en Galicia" da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Indica que como principal novidade e con carácter xeral, elimínase a necesidade de illamento e corentena para as persoas que sexan casos sospeitosos ou confirmados de COVID-19, polo que só se deberá comunicar á Oficina de Xestión COVID aquelas situacións nas que a intensidade dos síntomas non permitan realizar a actividade diaria, de conformidade co previsto no Protocolo de Xestión de Casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, o persoal que pertenza a un colectivo vulnerable poderá solicitar o traballo a distancia durante o período de 10 días establecido nas recomendacións para casos confirmados e casos sospeitosos de COVID-19.

Tamén informou de que ao longo do día se remitirá un correo a todo o profesorado para que remitan as súas propostas para a convocatoria para o financiamento de equipamentos e infraestruturas docentes, no marco do convenio de financiamento da Xunta de Galicia, que serán comunicadas á Vicerreitoría de Planificación Científica.

Xa para rematar, indicou que están convocadas as eleccións a decano/a da Facultade, o cal se fixo o antes posible para tratar de dotar ao centro dun equipo de traballo completo e estable. A votación terá lugar na Xunta de Centro que se celebrará o vindeiro 28 de abril.

3. **Proposta de horarios para o curso 2022-23.**

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do calendario académico e as incompatibilidades horarias do profesorado

que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, o cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días e na mesma reunión.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2022-23 do Grao en Nutrición Humana e Dietética** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios.

4. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

A presidenta informa de que hai 50 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2021-22, dos cales 3 xa defenderon o seu TFG en febreiro, 11 xa teñen proposta aprobada en comisións pasadas, 32 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión, 3 solicitan modificación das presentadas en anteriores ocasións e 1 non a presenta. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Afonso Jaimes, Yuneisis Yusely | Abordaxe nutricional en pacientes con demencia |
| Amado Ogando, Laura | Leite A2: (r)evolución no sector lácteo |
| Calvo Corzón, Alexia | Valoración do estado nutricional dun ciclista adolescente e prescrición dunha dieta con axudas ergoxénicas |
| Cameselle Llanos, Carla | Valorización dos compostos funcionais da baga de sabugueiro (Sambucus nigra, L.) cultivada en Galicia mediante o desenvolvemento dun produto funcional |
| Castro Castro, Isabel | Alimentos modificados xeneticamente e as alerxias: revisión de estudos realizados sobre cultivos modificados xeneticamente |
| Castro López, Lucía | Diabetes mellitus. Intervención nutricional en nenos con diabetes mellitus tipo 1 |
| Fandiño Vidal, Martín | Efectos dos edulcorantes polialcohois sobre a microbiota intestinal humana |
| Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional |
| Fernández Quiñoa, Ana | Disbiose inducida polo ambiente de traballo, efectos sobre a saúde e beneficio potencial do uso de probióticos. |
| Gómez de Cadiñanos Sastre, Almudena | Intervención nutricional na esclerose lateral amiotrófica |
| Gómez Longueira, Ana | Interacción entre o sistema inmune, o sistema nervioso e a microbiota. A súa influencia nalgúns trastornos psiquiátricos. |
| Iglesias Valcárcel, Melina | Influencia dunha nutrición vexetariana/vegana na presión arterial |
| León Nóvoa, Álvaro | Alimentación e manexo nutricional na saúde reprodutiva feminina |
| López Pérez, Nuria | Nutrición e depresión postparto |
| Martínez Rodríguez, Alba | A tríada da deportista feminina |

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Mosquera Silvarredonda, Guillermo | Suplementación proteica no deporte |
| Muiños Luque, Olga | O sistema circadiano e a súa importancia na nutrición humana. |
| Oliveira Vicente, Ángela | Guía de merendas para nenos en diferentes idades escolares |
| Paradela Dosil, Aurora | Avaliación da adecuación dos menús escolares galegos ás recomendacións de menús infantís saudables. |
| Peñalver Vizcaya, Juan Antonio | Avaliación da frecuencia de consumo de alimentos en poboación adulta galega con obesidade e alto risco de desenvolvemento de diabetes |
| Penido Quinteiro, Laura | A influencia do estado emocional sobre a alimentación |
| Pérez Fernández, Daniel | "Nutrición nas lesións deportivas de tecidos brandos" |
| Pérez Suárez, Almudena | Influencia da dieta no tratamento da asma |
| Pesantes Somogyi, Catherine | Influencia da microbiota materna na programación do sistema inmune do neonato |
| Porteiro Méndez, Antía | Hacia unha dieta sostible e saudable: cambios nos patróns dietéticos e na industria alimentaria |
| Reinoso Deaño, Gloria | Valoración dos hábitos alimentarios na mocidade en España e posibles riscos asociados |
| Roade Pérez, Paula | As alteracións dixestivas na fibromialxia e a súa abordaxe nutricional: un novo enfoque |
| Santana Cabrera, Sofía | Valoración do leite materno como factor de prevención da dermatite atópica |
| Sas Barbeito, Laura | Efecto dunha intervención nutricional en nenos de 8 a 10 anos |
| Taibo Eirea, Susana | Microbiota intestinal en Enfermidades Inflamatorias Intestinais |
| Varela Vázquez, Lucía | Efectos dos contaminantes químicos medioambientais sobre a microbiota intestinal humana |
| Vázquez Díaz, Diego | Influencia da dieta e da microbiota intestinal no rendemento deportivo |
| Vilán Míguez, Diana | Relación entre a nutrición e a artrite reumatoide |
| Vilela Torron, Lucía | Hábitos de almorzo e a súa influencia na obesidade infantil. |
| Viso González, Susana | A alimentación nos primeiros mil días de vida: da concepción á alimentación complementaria |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2021-22 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Afonso Jaimes, Yuneisis Yusely | Abordaxe nutricional en pacientes con demencia | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | | | | |
| 2 | Amado Ogando, Laura | Leite A2: (r)evolución no sector lácteo | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| 3 | Blanco Abeijón, Mario | Estratexias de pérdida de peso en deportes de loita e a súa relación coa saúde e o rendimento deportivo | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 4 | Calvo Corzón, Alexia | Valoración do estado nutricional dun ciclista adolescente e prescrición dunha dieta con axudas ergoxénicas | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 5 | Cameselle Llanos, Carla | Valorización dos compostos funcionais da baga de sabugueiro (Sambucus nigra, L.) cultivada en Galicia mediante o desenvolvemento dun produto funcional | Olga Díaz Rubio | 780 | 50% | Federica Farabegoli | G2071 | 25% | Paula Fajardo Bernárdez | G2071 | 25% |
| 6 | Capelo Valarezo, Yuliana Elizabeth | O sobrepeso e a obesidade na menopausa: abordaxe nutricional | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 7 | Castro Castro, Isabel | Alimentos modificados xeneticamente e as alerxias: revisión de estudos realizados sobre cultivos modificados xeneticamente | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | | | | |
| 8 | Castro López, Lucía | Diabetes mellitus. Intervención nutricional en nenos con diabetes mellitus tipo 1 | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | 780 | 50% | | | |
| 9 | Fandiño Vidal, Martín | Efectos dos edulcorantes polialcohois sobre a microbiota intestinal humana | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 10 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | | | | |
| 11 | Fernández Quiñoa, Ana | Disbiose inducida polo ambiente de traballo, efectos sobre a saúde e beneficio potencial do uso de probióticos. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | 780 | 50% | | | |
| 12 | Gómez de Cadiñanos Sastre, Almudena | Intervención nutricional na esclerose lateral amiotrófica | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 13 | Fernández Rodríguez, Cecilia | Nutrición enteral e fórmulas comerciais no Hospital Lucus Augusti | Patricia Regal López | 640 | 50% | Nazaret Rodríguez Novo | G2071 | 50% | | | |
| 14 | Gómez Longueira, Ana | Interacción entre o sistema inmune, o sistema nervioso e a microbiota. A súa influencia nalgúns trastornos psiquiátricos. | Asteria M. Luzardo Álvarez | 310 | 100% | | | | | | |
| 15 | González Dios, Iván | Avaliación dos hábitos e patróns de alimentación da poboación infanto-xuvenil. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Silvia Mariño Veiga | G2071 | 50% | | | |
| 16 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | | | |
| 17 | Hierro de la Torre, Itziar del | Efecto da nutrición na prevención de patoloxías oculares | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 18 | Iglesias Valcárcel, Melina | Influencia dunha nutrición vexetariana/vegana na presión arterial | Raquel Barbosa Lorenzo | 615 | 50% | Lucia Moure Rodríguez | 615 | 50% | | | |
| 19 | Lago Barrio, Carolina | Golden rice e déficit de vitamina A | Carlos Herrero Latorre | 750 | 100% | | | | | | |
| 20 | León Nóvoa, Álvaro | Alimentación e manejo nutricional na saúde reproductiva feminina | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| 21 | López Pérez, Nuria | Nutrición e depresión postparto | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 22 | Maquieira Fernández, Ángel | Cafeína, fontes, beneficios, curiosidades e riscos | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 23 | Martínez Rodríguez, Alba | A tríada da deportista feminina | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| 24 | Mendonça Paredes, Carmen Consuelo | Crononutrición como estratexia terapéutica na obesidade | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| 25 | Mosquera Silvarredonda, Guillermo | Suplementación proteica no deporte | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 26 | Muiños Luque, Olga | O sistema circadiano e a súa importancia na nutrición humana. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 27 | Oliveira Vicente, Ángela | Guia de merendas para nenos en diferentes idades escolares | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 28 | Paradela Dosil, Aurora | Avaliación da adecuación dos menús escolares galegos ás recomendacións de menús infantís saudables. | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | | | | |
| 29 | Penido Quinteiro, Laura | A influencia do estado emocional sobre a alimentación | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 30 | Peñalver Vizcaya, Juan Antonio | Avaliación da frecuencia de consumo de alimentos en poboación adulta galega con obesidade e alto risco de desenvolvemento de diabetes | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 31 | Pérez Fernández, Daniel | "Nutrición nas lesións deportivas de texidos brandos" | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| 32 | Pérez Rodríguez, Débora | Mitos sobre nutrición deportiva e importancia da suplementación | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| 33 | Pérez Suárez, Almudena | Influencia da dieta no tratamento da asma | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | | | | |
| 34 | Pesantes Somogyi, Catherine | Influencia da microbiota materna na programación do sistema inmune do neonato | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% | Saskia Camille Flament Simon | 991 | 50% | | | |
| 35 | Porteiro Méndez, Antía | Hacia unha dieta sostible e saudable: cambios nos patróns dietéticos e na industria alimentaria | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Antía Pérez Vázquez | G2071 | 50% | | | |
| 36 | Reinoso Deaño, Gloria | Valoración dos hábitos alimentarios na mocidade en España e posibles riscos asociados | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | | | |
| 37 | Roade Pérez, Paula | As alteracións dixestivas na fibromialxia e a súa abordaxe nutricional: un novo enfoque | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 38 | Rodil García, Gabriela | | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| 39 | Rodríguez Campaño, Andrea | Estudo do uso da sucralosa e os seus efectos sobre a saúde | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 100% | | | | | | |
| 40 | Santana Cabrera, Sofía | Valoración do leite materno como factor de prevención da dermatite atópica | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | | | |
| 41 | Sas Barbeito, Laura | Efecto dunha intervención nutricional en nenos de 8 a 10 anos | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Marta Pérez Fandiño | G2071 | 50% | | | |
| 42 | Taibo Eirea, Susana | Microbiota intestinal en Enfermidades Inflamatorias Intestinais | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% | Saskia Camille Flament Simon | 991 | 50% | | | |
| 43 | Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | | | | |
| 44 | Varela Fernández, Álvaro | Edulcorantes e os seus efectos na microbiota humana | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | | | | |
| 45 | Varela Vázquez, Lucía | Efectos dos contaminantes químicos medioambientais sobre a microbiota intestinal humana | José Manuel Miranda López | 640 | 100% | | | | | | |
| 46 | Vázquez Díaz, Diego | Influencia da dieta e da microbiota intestinal no rendemento deportivo | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% | Saskia Camille Flament Simon | 991 | 50% | | | |
| 47 | Vilán Míguez, Diana | Relación entre a nutrición e a artrite reumatoide | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | | | |
| 48 | Vilela Torron, Lucía | Hábitos de almorzo e a súa influencia na obesidade infantil. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Natalia Fernández Hospido | G2071 | 50% | | | |
| 49 | Villar Seijo, Eugenia María | Interacción materno-fetal e recomendacións dietéticas derivadas | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | | | |
| 50 | Viso González, Susana | A alimentación nos primeiros mil días de vida: da concepción á alimentación complementaria | José Manuel Miranda López | 640 | 100% | | | | | | |

5. **Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

A presidenta informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución, a cal se remitiu coa convocatoria xunto coa documentación presentada polo alumnado. Segundo o procedemento previsto, é preciso que a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día. A continuación remítese o informe e a documentación do alumnado para que o Comité de Bioética da USC emita un informe que logo se incorpora como anexo ao TFG.

Recibíronse un total de 3 solicitudes que se corresponden cos seguintes TFGs:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Amado Ogando, Laura | Leite A2: (r)evolución no sector lácteo |
| Calvo Corzón, Alexia | Valoración do estado nutricional dun ciclista adolescente e prescrición dunha dieta con axudas ergoxénicas |
| Reinoso Deaño, Gloria | Valoración dos hábitos alimentarios na mocidade en España e posibles riscos asociados |

Tras analizar a documentación remitida polo alumnado os asistentes **acordaron por asentimento emitir informe favorable** por considerar que compren coas condicións e requisitos esixidos.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto houbo intervencións para aclarar cuestións relativas aos equipamentos e infraestruturas docentes susceptibles de incluír nas propostas. A presidenta aclarou que se pode incluír software necesario para a docencia e que é preciso incorporar presuposto estimativo.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA — A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 20/04/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 20 de abril de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana en funcións | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | VC |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez Fandiño e Concepción Gay González que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpan asistencia Ana Mª Botana, Olga Díaz e Beatriz Vázquez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 01/04/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A presidenta informou de que a Xerencia, de conformidade co acordado polo Comité de Xestión COVID-19 da USC, comunicou que mantería o uso de máscara nos interiores das instalacións da USC durante o día de hoxe, á espera de publicar unha instrución na que se regulará o uso da máscara no interior dos edificios da USC desde o xoves 21 de abril e que polo momento aínda non se recibiu.

Tamén informou sobre o contido das propostas relativas á convocatoria para o financiamento de equipamentos e infraestruturas docentes, no marco do convenio de financiamento da Xunta de Galicia, que serán comunicadas á Vicerreitoría de Planificación Científica e que se centrarán en completar a dotación de videoconferencia nas aulas do centro que aínda non dispoñen deste equipamento, xa que a convocatoria non permite solicitar outro tipo de dotacións.

3. **Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

A presidenta informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución, a cal se remitiu coa convocatoria xunto coa documentación presentada polo alumnado. Segundo o procedemento previsto, é preciso que a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día. A continuación remítese o informe e a documentación do alumnado para que o Comité de Bioética da USC emita un informe que logo se incorpora como anexo ao TFG.

Dado que se detectou que non todos os alumnos afectados por este procedemento o levaran a cabo, abriuse un novo prazo no que se recibiron un total de 3 solicitudes que se corresponden cos seguintes TFGs:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. |
| Porteiro Méndez, Antía | Hacia unha dieta sostible e saudable: cambios nos patróns dietéticos e na industria alimentaria |
| Vilela Torron, Lucía | Hábitos de almorzo e a súa influencia na obesidade infantil. |

Tras analizar a documentación remitida polo alumnado os asistentes **acordaron por**

**asentimento emitir informe favorable** por considerar que cumpren coas condicións e requisitos esixidos.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto houbo intervencións para aclarar cuestións relativas ás programacións docentes das materias para o vindeiro curso 2022-23 que xa teñen o prazo aberto para a súa introdución.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 06/06/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2022-23.
4. Revisión do informe de abandono potencial.
5. Proposta de publicación de traballos fin de grao no repositorio institucional da USC (Minerva).
6. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 6 de xuño de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | VC |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Olga Díaz, Beatriz Vázquez, Ángel Cobos e Marta Pérez que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021,

aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Ana Mª Botana. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 20/04/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou dos seguintes asuntos:

A USC atópase en proceso de renovación de diversas normativas para adaptalas ao RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade. Como novidade estase traballando no desenvolvemento dunha normativa que regule a semipresencialidade nas titulacións.

En relación ás prácticas de campo, a USC vai mellorar a dotación económica destinada ás mesmas.

A Xerencia informou de que ten previsto a creación dun centro de formación que englobe as actividades organizadas a través do Centro de Linguas Modernas, Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe, Programa de Formación e Innovación Docente, ... co obxecto de formar ao colectivo de PDI, PAS e persoal investigador con formación específica axeitada a cada un dos sectores.

Tamén informou de que se mantivo unha reunión coa área TIC xa que se vai dispoñer de financiamento procedente do Ministerio de Universidades para a renovación de equipos obsoletos vinculados a docencia, considerando como tales os que teñen unha antigüidade de 10 anos ou máis, xa que orixinan riscos na seguridade da información. A revisión dos equipos afectados e a substitución levaraa a cabo de xeito centralizado a USC e xestionarase a través da área TIC, polo que non vai depender do centro. Afectará aos equipos dos docentes e tamén aos dalgunhas aulas de informática.

3. **Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2022-23.**

A decana informou de que, como cada curso académico, os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de

cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador, o cal informou que tras revisar todas as programacións quedan catro con algunhas cuestións menores pendentes de resolver que afecta ás materias Nutrición Humana, Valoración do Estado Nutricional, Nutrición no Ciclo Vital e Actividade Física e Soporte Nutricional Avanzado, relacionados coa eliminación do plan de continxencia nalgunhas versións das programacións.

A decana informou que se contactará co departamento afectado para resolver estas pequenas incidencias.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2022-23 do Grao en Nutrición Humana e Dietética,** sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión, unha vez se resolvan as incidencias detectadas nas materias indicadas.

4. **Revisión do informe de abandono potencial.**

A decana indicou de que se recibiu o informe de abandono potencial, no que se informa do alumnado que iniciou estudos na USC no curso 2021-22 e non superou ou non se presentou a ningunha materia do 1º semestre. O obxecto deste informe é que as comisións de título o analicen e valoren a posibilidade de deseñar algunha acción ou actividade de titoría/orientación dirixida a este alumnado.

A continuación, cedeu a palabra ao coordinador do título que insistiu unha vez máis que este informe se recibe moi tarde co que apenas se dispón de marxe de manobra para levar a cabo algunha actuación. Informou de que a taxa de abandono estimada na memoria do título ascende a 6,67% e a evolución desta taxa ao longo dos últimos cursos foi bastante irregular con un valor medio de arredor do 23%. Pero hai que ter en conta que esta taxa conta con dúas compoñentes: alumnado que abandona definitivamente os estudos e alumnado que cambia de titulación. Precisaríamos dispoñer da taxa de cambio para facer unha boa análise da situación, pero vendo as cifras que se manexan a nivel nacional para as titulacións da área de Ciencias da Saúde (taxa abandono 17,4% e taxa de cambio de 7,1%) a situación do GNHD en principio é bastante parecida.

A continuación, os asistentes acordaron por asentimento ofertar ao principio de curso ao alumnado que o demande un programa personalizado de titorización/orientación que os guíe dende o punto de vista académico e permita reducir os casos de abandono existentes.

5. **Proposta de publicación de traballos fin de grao no repositorio institucional da USC (Minerva).**

A decana informou de que a normativa de TFG recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tamén informou de que este proceso aínda se atopa pendente de levar a cabo coas titulacións do centro, polo que sería preciso decidir que TFG se propoñen para a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, finalmente acordaron por asentimento, para os traballos defendidos desde os inicios da titulación ata o curso 2020-21, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron a mención de matrícula de honra na materia, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación. De cara aos vindeiros cursos académicos, na consolidación de actas académicas poderá a comisión decidir se incorpora algún máis.

6. **Rogos e preguntas.**

O coordinador do título indicou que recibira comunicación da profesora Ana Botana indicando que como xa non ten docencia no título, sería recomendable a súa substitución.

O profesor Ramiro Barcia, tamén manifestou que sería preciso a súa substitución como coordinador do Módulo de Formación Básica e do 1º curso, formando parte da Comisión tan só como responsable de Calidade, motivado pola excesiva carga de traballo que ten na actualidade.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 30/06/2022

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 30 de xuño de 2022 reúnense na aula 5 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Olga Díaz, Beatriz Vázquez e Lourdes Vázquez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 06/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou das reunións mantidas pola Xunta de Galicia a través da Secretaria Xeral de Universidades e as universidades do Sistema Universitario Galego para reordenar o mapa de titulacións, eliminar duplicidades de titulacións non singulares e implantar outras novas vinculadas a perfís de futuro; o que permitiría implantar 9 novos títulos de grao aos que finalmente se engadiron outros 2: biomedicina, bioeconomía, ciencias gastronómicas, conservación e restauración do patrimonio cultural, marketing incluíndo loxística empresarial, enoloxía, economía financeira e actuarial, enxeñaría de software, musicoloxía, antropoloxía e ciencia de materiais. Nos vindeiros meses espera ter máis información ao respecto sobre todo este asunto.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

a decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2021-22.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polo alumnado é a seguinte:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Amado Ogando, Laura | Leite A2: (r)evolución no sector lácteo |
| 2 | Cameselle Llanos, Carla | Valorización dos compostos funcionais da baga de sabugueiro (Sambucus nigra, L.) cultivada en Galicia mediante o desenvolvemento dun produto funcional |
| 3 | Fandiño Vidal, Martín | Efectos dos edulcorantes polialcohois sobre a microbiota intestinal humana |
| 4 | Fernández Quiñoa, Ana | Disbiose inducida polo ambiente de traballo, efectos sobre a saúde e beneficio potencial do uso de probióticos. |
| 5 | Gómez Longueira, Ana | Interacción entre o sistema inmune, o sistema nervioso e a microbiota. A súa influencia nalgúns trastornos psiquiátricos. |
| 6 | Lago Barrio, Carolina | Golden rice e déficit de vitamina A |
| 7 | León Nóvoa, Álvaro | Alimentación e manejo nutricional na saúde reproductiva feminina |
| 8 | Martínez Rodríguez, Alba | A tríada da deportista feminina |
| 9 | Mendonça Paredes, Carmen Consuelo | Crononutrición como estratexia terapéutica na obesidade |
| 10 | Peñalver Vizcaya, Juan Antonio | Avaliación da frecuencia de consumo de alimentos en poboación adulta galega con obesidade e alto risco de desenvolvemento de diabetes |
| 11 | Pérez Fernández, Daniel | "Nutrición nas lesións deportivas de texidos brandos" |
| 12 | Pesantes Somogyi, Catherine | Influencia da microbiota materna na programación do sistema inmune do neonato |
| 13 | Porteiro Méndez, Antía | Hacia unha dieta sostible e saudable: cambios nos patróns dietéticos e na industria alimentaria |
| 14 | Reinoso Deaño, Gloria | Valoración dos hábitos alimentarios na mocidade en España e posibles riscos asociados |
| 15 | Roade Pérez, Paula | As alteracións dixestivas na fibromialxia e a súa abordaxe nutricional: un novo enfoque |
| 16 | Santana Cabrera, Sofía | Valoración do leite materno como factor de prevención da dermatite atópica |
| 17 | Sas Barbeito, Laura | Efecto dunha intervención nutricional en nenos de 8 a 10 anos |
| 18 | Varela Vázquez, Lucía | Efectos dos contaminantes químicos medioambientais sobre a microbiota intestinal humana |
| 19 | Villar Seijo, Eugenia María | Interacción materno-fetal e recomendacións dietéticas derivadas |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de defensa posibles o 18 ou 19 de xullo:

| TRIBUNAL Nº1 | SUPLENTES TRIBUNAL Nº1 |
|---|---|
| **Presidente:** José Blanco Méndez<br>**Vocal:** Ramiro Barcia Vieitez<br>**Secretario:** Miguel Blanco Álvarez | Ana de Castro Ríos<br>Juan Ángel Díaz Pazos<br>Carlos Manuel Franco Abuín |
| **Alumnos asignados:** do 1 al 8 e o 10 e 15 | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Presidenta:** Ana Mª Botana López<br>**Vocal:** Mª Mercedes Camiña García<br>**Secretaria:** Alejandra Cardelle Cobas | Ángel Cobos García<br>Jesús Antonio Casabiell Pintos<br>Elena Freire Paz |
| **Alumnos asignados:** o 9, do 11 ao 14 e do 16 ao 19 | |

Os asistentes **acordan por asentimento aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de xullo do curso 2021-2022, segundo a táboa precedente**.

4. **Rogos e preguntas.**

O coordinador do título indicou que recibira consulta sobre as causas xustificadas para o cambio de data dun exame oficial.

Neste sentido revisando a normativa da USC ao respecto, recolle que as datas das probas de avaliación oficiais non poderán modificarse salvo naquelas situacións nas que, por forza maior ou imposibilidade sobrevida, resulten irrealizables nas datas establecidas, tal e como indica o artigo 4.3 da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico. As peticións de cambios de datas que se poidan producir por outras circunstancias deberán dirixirse ao profesorado da materia, que avaliará se existe ou non causa de forza maior ou imposibilidade sobrevida de entidade que xustifique o cambio de data.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA — A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 05/09/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 5 de setembro de 2022 reúnense na aula 5 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez e Olga Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 30/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou en primeiro lugar sobre as Xornadas de Benvida da USC que van ter lugar os vindeiros días 13, 14 e 15 de setembro en Santiago e Lugo, as cales inclúen actividades culturais e deportivas gratuítas con DJ´s, concertos, obradoiros, visitas guiadas, ... e están abertas a toda a comunidade universitaria. O día grande será o 14 e as actividades estarán repartidas ao longo de todo o día, en distintas quendas e pola maior parte dos centros dos campus, todo isto para facilitar a asistencia de toda a comunidade universitaria.

A continuación, indicou que para este curso non están previstas restricións motivadas pola COVID-19, pero que é posible que para algunhas actividades sexa preciso dar algún tipo de recomendación, como pode ser nas prácticas de laboratorio.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

a decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2021-22.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polo alumnado é a seguinte:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Capelo Valarezo, Yuliana Elizabeth | O sobrepeso e a obesidade na menopausa: abordaxe nutricional |
| 2 | Fernández Rodríguez, Cecilia | Nutrición enteral e fórmulas comerciais no Hospital Lucus Augusti |
| 3 | González Dios, Iván | Avaliación dos hábitos e patróns de alimentación da poboación infanto-xuvenil. |
| 4 | Hierro de la Torre, Itziar del | Efecto da nutrición na prevención de patoloxías oculares |
| 5 | Oliveira Vicente, Ángela | Guía de merendas para nenos en diferentes idades escolares |
| 6 | Paradela Dosil, Aurora | Avaliación da adecuación dos menús escolares galegos ás recomendacións de menús infantís saudables. |
| 7 | Pérez Suárez, Almudena | Influencia da dieta no tratamento da asma |
| 8 | Taibo Eirea, Susana | Microbiota intestinal en Enfermidades Inflamatorias Intestinais |
| 9 | Vázquez Díaz, Diego | Influencia da dieta e da microbiota intestinal no rendemento deportivo |
| 10 | Viso González, Susana | A alimentación nos primeiros mil días de vida: da concepción á alimentación complementaria |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de defensa posibles o 14 ou 15 de setembro:

| TRIBUNAL | SUPLENTES TRIBUNAL |
|---|---|
| **Presidente:** José Blanco Méndez<br>**Vocal:** Ana Mª Botana López<br>**Secretaria:** Mª Mercedes Camiña García | Alejandra Cardelle Cobas<br>Olga Díaz Rubio<br>Elena Freire Paz |

Os asistentes **acordan por asentimento aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2021-2022, segundo a táboa precedente**.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 04/10/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
4. Actas consolidadas curso 2021-22.
5. Proposta de publicación de TFG 2021-22 no repositorio institucional da USC (Minerva).
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 4 de outubro de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Beatriz Vázquez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Olga Díaz, Mª Ángeles Romero e Marta Pérez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 05/09/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou en primeiro lugar da consulta sobre a posibilidade de que os estudantes no exercicio do seu dereito de acceso aos seus propios exames e revisión das cualificacións, poidan asistir acompañados doutras persoas para o seu asesoramento.

A Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, establece no artigo 8.3 que "... A revisión será persoal e a realizará o profesorado encargado da docencia, salvo casos excepcionais debidamente autorizados polo director do departamento..." Concíbese así a revisión de cualificacións como un acto académico que se integra no proceso formativo, como parte da avaliación, que o/a estudante ha de realizar persoalmente e no que ten dereito a obter unha explicación verbal por parte do profesor/a das razóns polas que lle outorga unha determinada cualificación. Sendo así, non cabe neste proceso a actuación do/a estudante por representación nin coa asistencia de terceiras persoas.

No caso das reclamacións contra a cualificación outorgada estamos ante un procedemento formalizado no que o/a estudante pode exercer os dereitos que lle corresponden como persoa interesada, con todas as garantías do procedemento administrativo. Por iso, de acordo co art. 53.1 a) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo o previsto no artigo 9 da normativa da Universidade, unha vez realizada a revisión e co propósito de formular reclamación o/a estudante tería en dereito a acceder ao exame e a obter copia do mesmo, logo de solicitalo ao decanato ou dirección do centro e de acreditar o pago das taxas correspondentes. Tamén podería contar con asesoramento para formular a reclamación sobre a cualificación cando o considere adecuado na defensa dos seus intereses ou actuar mediante representante, coa acreditación correspondente (artigos 53.1.g) e 9 da Lei 39/2015 respectivamente).

A continuación informou de que no caso de que o profesorado realice modificación dos contidos da guía docente, independentemente de que o poña en coñecemento do seu departamento, é preciso que o poña en coñecemento do coordinador do título pola incidencia que poda ter tanto en cuestións vinculadas a calidade como de recoñecementos de materias doutras titulacións.

Tamén informou de que no caso do título de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, ao non cumprir o artigo 6 do Decreto 222/2011, relativo ao nº de estudantes de novo ingreso, a Vicerreitoría de Titulacións solicitoulle, a instancias da Secretaria Xeral de Universidades, e sen prazo para convocar comisións ou xunta de centro, optar para o título entre as alternativas seguintes: extinción, modificación, substitución ou fusión. As opcións elixidas foron fusión ou substitución, o cal foi comunicado á Xunta de Galicia e estase á espera de que nos indiquen a opción que deberemos acometer.

3. **Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.**

A decana informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GNHD, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por asentimento a proposta de liñas temáticas de TFG para o GNHD que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

4. **Actas consolidadas curso 2021-22.**

A decana indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2021-22, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado e as súas cualificacións, as mencións de "matrícula de honra" se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén ao que corresponde renuncia. A decana tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de "matrícula de honra" corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa. Neste curso polo nº de alumnado matriculado correspondería outorgar 2 matrículas de honra.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais recollidas polo coordinador do TFG, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2021-22 ás alumnas Carla Cameselle Llanos e Susana Taibo Eirea**.

5. **Proposta de publicación de TFG 2021-22 no repositorio institucional da USC (Minerva).**

A decana informou de que a normativa de TFG recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a

Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación. O coordinador consultou aos distintos tribunais e non propuxeron para publicación TFGs distintos aos de matrícula de honra.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, finalmente acordaron por unanimidade, para os TFG do curso 2021-22, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron a mención de matrícula de honra na materia, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 11/11/2022

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2022-23.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 11 de novembro de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Ramiro Barcia Vieitez | Presidente e responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | VC |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | VC |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Beatriz Vázquez e Marta Pérez que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia

por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Juan A. Díaz Pazos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/10/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O presidente indicou que nesta reunión non tiña novos informes.

3. **Calendario convocatoria de fin de carreira 2022-23.**

En relación á convocatoria fin de carreira 2022-23, o presidente informou de as solicitudes do alumnado só afectan a dúas materias, sendo as datas propostas as seguintes, unha vez postos en contacto co profesorado e alumnado afectado:

| Materia | Código | Data | Hora | Aula |
|---|---|---|---|---|
| Dietoterapia e Soporte Nutricional I | G2071328 | 10/01/2023 | 10:00 | Aula 4 PP |
| Nutrición Comunitaria e Educación Nutricional | G2071329 | 16/12/2022 | 10:00 | Aula 3 PP |

Os asistentes **aproban por asentimento as datas propostas para o exame da convocatoria fin de carreira 2022-23.**

4. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

O presidente informa de que hai 46 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2022-23, dos cales 3 presentaron a súa proposta nesta oportunidade, 12 téñena vixente de cursos anteriores e 2 solicitaron modificación da proposta que xa tiñan aprobada. A continuación cedeu a palabra á secretaria que foi dando lectura ás mesmas e tamén aos documentos remitidos polo alumnado que solicitou as modificacións, segundo o indicado no apartado 2.13 do Procedemento de asignación de titores e presentación de propostas de TFG do GNHD. Os asistentes tamén tiveron neste punto un debate relativo ao recollido na normativa do GNHD no caso de que o alumnado realice modificacións das propostas de TFG previamente aprobadas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade o seguinte:**

**A) Aceptar as seguintes propostas de TFG presentadas:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Gómez Goyanes, Zaira | Microbiota e saúde hormonal na muller |
| Muiños Luque, Olga | O sistema circadiano e a súa importancia na nutrición humana. |
| Rodil García, Gabriela | Educación nutricional a través do Mindful eating |
| Valíño Marqués, Alberto | Axudas ergoxénicas nutricionales no ciclismo |

**B) Aceptar de forma condicionada a seguinte proposta de TFG presentada cos comentarios que a seguir se indican:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG | Motivo |
|---|---|---|
| Gómez de Cadiñanos Sastre, Almudena | Intervención nutricional na esclerose lateral amiotrófica | Deberá presentar unha modificación na que indique un título máis axeitado ao resumo proposto |

O presidente informa que de acordo co indicado no artigo 2.7. do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de Traballos Fin de Grao do GNHD, o alumnado cuxa proposta resulte aceptada con condicións deberá entregar na Secretaría do Centro, no prazo máximo de 15 días naturais dende a data de comunicación da decisión, unha proposta modificada segundo as indicacións que motivaron o condicionamento.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Afonso Jaimes, Yuneisis Yusely | Abordaxe nutricional en pacientes con demencia | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 2 | Blanco Abeijón, Mario | Estratexias de pérdida de peso en deportes de loita e a súa relación coa saúde e o rendimento deportivo | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 3 | Calvo Corzón, Alexia | Valoración do estado nutricional dun ciclista adolescente e prescrición dunha dieta con axudas ergoxénicas | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 4 | Castro Castro, Isabel | Alimentos modificados xeneticamente e as alerxias: revisión de estudos realizados sobre cultivos modificados xeneticamente | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | |
| 5 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 6 | Gómez Goyanes, Zaira | Microbiota e saúde hormonal na muller | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 7 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% |
| 8 | Iglesias Valcárcel, Melina | Influencia dunha nutrición vexetariana/vegana na presión arterial | Raquel Barbosa Lorenzo | 615 | 50% | Lucia Moure Rodríguez | 615 | 50% |
| 9 | Mosquera Silvarredonda, Guillermo | Suplementación proteica no deporte | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 10 | Muiños Luque, Olga | O sistema circadiano e a súa importancia na nutrición humana. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 11 | Penido Quinteiro, Laura | A influencia do estado emocional sobre a alimentación | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 12 | Rodil García, Gabriela | Educación nutricional a través do Mindful eating | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 13 | Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | |
| 14 | Valiño Marqués, Alberto | Axudas ergoxénicas nutricionales no ciclismo | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% |
| 15 | Vilán Míguez, Diana | Relación entre a nutrición e a artrite reumatoide | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% |
| 16 | Vilela Torron, Lucía | Hábitos de almorzo e a súa influencia na obesidade infantil. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Natalia Fernández Hospido | G2071 | 50% |

O presidente informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G2071) e se publicará no taboleiro

electrónico as propostas aceptadas.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 29/11/2022

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2022-23.
4. Aprobación de proposta de TFG e asignación de titores.
5. Proposta de modificación do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 29 de novembro de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Olga Díaz, Beatriz Vázquez, Lourdes Vázquez e Mª Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día..

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 11/11/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A presidenta indicou que dada a proximidade da última Xunta de Facultade apenas se dispón de novos informes. Tan solo informou de que no pasado mes de novembro contactou co centro o delegado do reitor para deportes para manter unha reunión con clubs deportivos de toda Galicia co obxecto de establecer novos convenios de prácticas externas para o alumnado do GNHD e colaboración para a impartición de talleres sobre nutrición deportiva tanto aos deportistas como, no caso de menores, ás súas familias. Esta reunión tivo lugar o pasado 7 de novembro e asistiu tanto a decana como tamén a coordinadora do Prácticum Ángeles Romero. A pesar de realizarse a reunión en datas moi próximas a de lanzamento da convocatoria de Prácticum 2022-23, foi posible a sinatura de varios convenios e incorporar á oferta deste curso 2022-23 varias prazas.

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2022-23.**

A decana informou de que ao igual que en cursos pasados é preciso aprobar e publicar a convocatoria de Prácticum para o curso 2022-23 da que ser remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación informou das prazas dispoñibles e dalgunhas que aínda estaban pendentes de sinatura de convenios. Ademais asignáronse os titores académicos da USC ás novas prazas e modificouse a asignación noutras debido a baixa do profesorado na titulación.

A decana indicou que tanto a convocatoria como as listas provisional e definitiva de asignación de destinos se publicarán no taboleiro electrónico da USC, pero ademais esta mesma información, e moita outra de interese para alumnado e titores, estará dispoñible na intranet da Facultade en https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias, facendo clic en *"Información académica"*, *"Grao en Nutrición Humana e Dietética"*, *"Prácticas"*.

Finalmente tras os comentarios oportunos, os asistentes **aprobaron** por asentimento a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Prácticum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2022-23 a cal se acompaña como ANEXO I á presente acta, e tamén acordaron **autorizar á decana** a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e **delegar** na decana a elaboración e publicación das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión.

4. **Aprobación de proposta de TFG e asignación de titores.**

A presidenta informa de que na pasada comisión do título, aceptouse de forma condicionada a proposta de TFG da alumna Almudena Gómez de Cadiñanos Sastre, xa que debería presentar unha modificación na que indique un título máis axeitado ao resumo proposto.

Recibiuse no prazo indicado no Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de Traballos Fin de Grao do GNHD a nova proposta da alumna que se remitiu xunto coa convocatoria da comisión. Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar a proposta de TFG presentada:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Gómez de Cadiñanos Sastre, Almudena | A nutrición como parte do tratamento na escleroses lateral amiotrófica |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Afonso Jaimes, Yuneisis Yusely | Abordaxe nutricional en pacientes con demencia | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 2 | Blanco Abeijón, Mario | Estratexias de pérdida de peso en deportes de loita e a súa relación coa saúde e o rendimento deportivo | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 3 | Calvo Corzón, Alexia | Valoración do estado nutricional dun ciclista adolescente e prescrición dunha dieta con axudas ergoxénicas | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 4 | Castro Castro, Isabel | Alimentos modificados xeneticamente e as alerxias: revisión de estudos realizados sobre cultivos modificados xeneticamente | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | |
| 5 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 6 | Gómez de Cadiñanos Sastre, Almudena | A nutrición como parte do tratamento na escleroses lateral amiotrófica | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% |
| 7 | Gómez Goyanes, Zaira | Microbiota e saúde hormonal na muller | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 8 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% |
| 9 | Iglesias Valcárcel, Melina | Influencia dunha nutrición vexetariana/vegana na presión arterial | Raquel Barbosa Lorenzo | 615 | 50% | Lucia Moure Rodríguez | 615 | 50% |
| 10 | Mosquera Silvarredonda, Guillermo | Suplementación proteica no deporte | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 11 | Muiños Luque, Olga | O sistema circadiano e a súa importancia na nutrición humana. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 12 | Penido Quinteiro, Laura | A influencia do estado emocional sobre a alimentación | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 13 | Rodil García, Gabriela | Educación nutricional a través do Mindful eating | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 14 | Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | |
| 15 | Valiño Marqués, Alberto | Axudas ergoxénicas nutricionales no ciclismo | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% |
| 16 | Vilán Míguez, Diana | Relación entre a nutrición e a artrite reumatoide | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% |
| 17 | Vilela Torron, Lucía | Hábitos de almorzo e a súa influencia na obesidade infantil. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Natalia Fernández Hospido | G2071 | 50% |

A presidenta informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G2071) e se publicará no taboleiro

electrónico as propostas aceptadas.

5. **Proposta de modificación do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.**

A decana informa que derivado da dificultade existente por parte do profesorado de saber se a proposta de TFG que o alumnado lle presenta para asinar se trata dunha nova proposta ou dunha modificación doutra previamente aprobada pola comisión, o coordinador do TFG propuxo modificar no Procedemento de asignación de titores e propostas de TFG o modelo de proposta incorporando nova información. Tras un intercambio de impresións sobre este asunto, os asistentes acordaron por asentimento modificar no Procedemento de asignación de titores e propostas de TFG o modelo de proposta, o cal se acompaña integro como ANEXO II á presente acta.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto coordinador do título indicou que o profesor Luis Ramil propuxo que se valorara a posibilidade de estender a docencia ata o final do período lectivo. A decana informou neste sentido da necesidade de respectar o calendario aprobado pola USC para cada curso académico.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 11/01/2023

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2022-23.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 11 de xaneiro de 2023 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Ramiro Barcia Vieitez | Presidente e responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| 7 | Cabo Pin, Alba | Enfermidade celiaca e calidade de vida en idade pediátrica | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | 780 | 50% |
| 8 | Calvo Corzón, Alexia | Valoración do estado nutricional dun ciclista adolescente e prescrición dunha dieta con axudas ergoxénicas | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 9 | Castro Castro, Isabel | Alimentos modificados xeneticamente e as alerxias: revisión de estudos realizados sobre cultivos modificados xeneticamente | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | |
| 10 | Castro López, Lucía | Diabetes mellitus. Intervención nutricional en nenos con diabetes mellitus tipo 1 | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | 780 | 50% |
| 11 | Cerezo Sotelino, Alba | Abordaxe nutricional en pacientes diagnosticados de cancro de cabeza e pescozo. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% |
| 12 | Couso Núñez, Carlos | Consumo de alcohol durante a etapa universitaria | Lucia Moure Rodríguez | 615 | 100% | | | |
| 13 | Crespo Castander, Abraham | Papel dos probióticos e microbiota no tratamento do lupus eritematoso sistemico | Saskia Camille Flament Simon | 60 | 50% | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% |
| 14 | Díez Díez, Isabel | Necesidades nutricionais da muller no deporte de competición | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 15 | Fernández Álvarez, Alejandro | Desenvolvemento do concepto "carro saudable" para a educación nutricional | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 100% | | | |
| 16 | Fernández Comesaña, Lucía | Microbiota intestinal en persoas con sobrecrecemento bacteriano no intestino delgado (SIBO) | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% | Saskia Camille Flament Simon | 60 | 50% |
| 17 | Fernández Verba, Irene Paula | Esofaxite eosinofílica | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 18 | García Faedo, Raquel | Influenza da frecuencia de comidas e o xaxún na saúde humana | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | |
| 19 | Gómez de Cadiñanos Sastre, Almudena | A nutrición como parte do tratamento na escleroses lateral amiotrófica | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% |
| 20 | Gómez Goyanes, Zaira | Microbiota e saúde hormonal na muller | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% |
| 21 | Gómez Perales, Alberto | Consumo crecente de bebidas vexetais e diferenzas nutricionais co leite. | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | |
| 22 | Gonzalez Argiz, Belen | Baby Led Weaning (BLW) e alimentación complementaria tradicional: análise do coñecemento actual | Patricia Regal López | 640 | 50% | Mª Ángeles Novo Martínez | G2071 | 50% |
| 23 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% |
| 24 | Iglesias Valcárcel, Melina | Influencia dunha nutrición vexetariana/vegana na presión arterial | Raquel Barbosa Lorenzo | 615 | 50% | Lucia Moure Rodríguez | 615 | 50% |
| 25 | Istillarte De la Puente, Marina | Síndrome de deficiencia enerxética relativa no deporte: consecuencias para a saúde e o rendemento do deportista | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 26 | Martínez Suárez, Diego | Potencial efecto ergoxénico dos probióticos nos deportes de resistencia. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 27 | Miñones Leiva, José Francisco | Dieta, xenes e ambiente obesóxeno: a tríade da obesidade. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% |
| 28 | Miragaya Tomé, Salomé | Análise contrastada de proxenitores e xestores de comedor sobre a alimentación de usuarios de escolas infantís | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 29 | Mosquera Silvarredonda, Guillermo | Suplementación proteica no deporte | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 30 | Muiños Luque, Olga | O sistema circadiano e a súa importancia na nutrición humana. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 31 | Núñez González, Alberto | Influencia do estrés no comportamento alimentario | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% |
| 32 | Penido Quinteiro, Laura | A influencia do estado emocional sobre a alimentación | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 33 | Pérez Fernández, Patricia | Dieta macrobiótica | Ramiro Barcia Vieitez | 60 | 100% | | | |
| 34 | Permuy Pardo, Juan Ramón | Potencial terapéutico da vitamina D | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 35 | Requejo Arias, Mireya | Estudo sobre o valor pronóstico dos criterios GLIM en pacientes oncohematolóxicos: comparación de diferentes ferramentas para a estimación da masa muscular. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Uxía Rodríguez Lavandeira | G2071 | 50% |
| 36 | Ríos Rodríguez, Alejandro | Microbiota e permeabilidade intestinal | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 37 | Rivas Pereira, Sara | Alimentación na etapa escolar, no comedor ou na casa? | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Sheila Castiñeira López | G2071 | 50% |
| 38 | Rodil García, Gabriela | Educación nutricional a través do Mindful eating | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 39 | Rodríguez Cedrón, Jesús José | Estudo sobre o consumo de mel do municipio de Cervantes e a súa relación coa Dieta Atlántica | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 100% | | | |
| 40 | Selgas Fernández, Elena | Pautas para o manexo nutricional da enfermidade renal enfocadas a mellorar o seguimento da dieta por parte do paciente | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | |
| 41 | Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | |
| 42 | Valiño Marqués, Alberto | Axudas ergoxénicas nutricionales no ciclismo | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% |
| 43 | Vilán Míguez, Diana | Relación entre a nutrición e a artrite reumatoide | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% |
| 44 | Vilariño Rodríguez, Berta | O futuro da alimentación: explorando a carne sintética | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |
| 45 | Vilela Torron, Lucía | Hábitos de almorzo e a súa influencia na obesidade infantil. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Natalia Fernández Hospido | G2071 | 50% |
| 46 | Villar Parada, Johana | Revisión bibliográfica dos últimos avances no enfoque nutricional da enfermidade renal crónica (ERC). | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Carlos M. Franco Abuín | 640 | 50% |
| 47 | Zheng , Furui | Langosta migratoria como alimento: composición nutricional e riscos. | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | |

5. **Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.**

A decana informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GNHD, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por asentimento a proposta de liñas temáticas de TFG para o GNHD que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

6. **Revisión ponderacións ABAU.**

A decana informa de que como consecuencia da modificación das modalidades e materias que integran o Bacharelato, é preciso actualizar a táboa de ponderación das materias da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais do sistema universitario de Galicia. A continuación amosou a proposta de ponderación facilitada pola USC, consensuada entre todos os distritos e que segue criterios comúns para toda España, para a súa análise. Tras unha revisión exhaustiva da mesma os asistentes non consideraron preciso realizar alegacións. A decana informou de que proximamente estas táboas de ponderación se someterán á consideración da vindeira Xunta de Centro para decidir se finalmente é preciso realizar algunha alegación.

7. **Rogos e preguntas.**

Neste punto o profesor Juan Ángel Díaz Pazos informou de que estaba facendo simulacións de horarios para ver as posibilidades de incorporar de cara ao futuro nos mesmos cambios propostos por docentes da titulación.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA | A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 04/09/2023

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.
5. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 4 de setembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Marta Pérez Fandiño | Representante Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) | VC |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa a asistencia de Ángel Cobos, Olga Díaz e Rosa Peña e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 30/06/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou sobre o número de matriculados no momento actual que ascende a 58.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2022-23.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polo alumnado é a seguinte:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Bouza López, Ana | Trastornos do comportamento alimentario e reprodución |
| 2 | Crespo Castander, Abraham | Papel dos probióticos e microbiota no tratamento do lupus eritematoso sistemico |
| 3 | Díez Díez, Isabel | Necesidades nutricionais da muller no deporte de competición |
| 4 | Iglesias Valcárcel, Melina | Influencia dunha nutrición vexetariana/vegana na presión arterial |
| 5 | Miñones Leiva, José Francisco | Dieta, xenes e ambiente obesóxeno: a tríade da obesidade. |
| 6 | Mosquera Silvarredonda, Guillermo | Suplementación proteica no deporte |
| 7 | Núñez González, Alberto | Influencia do estrés no comportamento alimentario |
| 8 | Pérez Fernández, Patricia | Dieta macrobiótica |
| 9 | Rodil García, Gabriela | Educación nutricional a través do Mindful eating |
| 10 | Zheng, Furui | Langosta migratoria como alimento: composición nutricional e riscos. |

A continuación, a decana deu lectura ao correo remitido polo coordinador do TFG coa proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de defensa posibles o 13 ou 14 de setembro:

| TRIBUNAL | SUPLENTES TRIBUNAL |
|---|---|
| **Presidenta:** Rosa María Peña Crecente | Jorge Proupín Castiñeiras |
| **Vocal:** Asteria María Luzardo Álvarez | Luis Alberto Ramil Novo |
| **Secretaria:** María do Mar Pérez Fra | Laura Rodríguez Silva |

Os asistentes **acordan por asentimento aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2022-2023, segundo a táboa precedente**.

4. **Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.**

A decana informa de se recibiu unha solicitude para o recoñecemento de materias de alumnado

que cursou o ciclo formativo de grao superior da LOE *"Dirección de servizos de restauración"* que non está recollido no catálogo de validacións para técnicos superiores de formación profesional segundo o acordo coa Xunta de Galicia e as tres universidades galegas.

Remitiuse xunto coa convocatoria da Comisión información acerca do ciclo proposto para que o profesorado tivera a oportunidade de revisar o plan de estudos e tamén do seu equivalente na LOXSE, *"Restauración"*. Ademais, solicitouse ao profesorado informes para as materias con posibilidades de recoñecemento. Segundo o Real Decreto 1618/2011, de 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudios no ámbito de la Educación Superior, non existe relación directa entre os títulos de FP e Grao polo que non existe obriga de recoñecemento dun número mínimo de créditos.

Á vista de todos isto os asistentes, despois dun debate sobre este asunto, **acordaron por unanimidade solicitar a actualización** do *"Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios"* coa seguinte ampliación:

**Grao en Nutrición Humana e Dietética**

| **Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE** | **Tipo de materia** | **Materia e créditos recoñecidos** | **ECTS** |
|---|---|---|---|
| Dirección de servizos de restauración | Obrigatoria | Garantía de Calidade<br>Restauración Colectiva | 3<br>6 |
| **Ciclo de grao superior do plan de estudos LOXSE** | **Tipo de materia** | **Materia e créditos recoñecidos** | **ECTS** |
| Restauración | Obrigatoria | Garantía de Calidade<br>Restauración Colectiva | 3<br>6 |

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 04/10/2023

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Actas consolidadas curso 2022-23.
4. Proposta de publicación de TFG 2022-23 no repositorio institucional da USC (Minerva).
5. Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.
6. Proposta de modificación de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Farmacia da USC.
7. Calendario convocatoria de fin de carreira 2023-24.
8. Dispensa de asistencia a clase.
9. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 4 de outubro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial e de que desculpan a asistencia de Lourdes Vázquez, Olga Díaz, Rosa Peña e Beatriz Vázquez e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. Tamén informa de que

non foi posible a asistencia de Marta Pérez representante do CODINUGAL por problemas técnicos co servicio de videoconferencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/09/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana indicou que nesta ocasión non tiña informes.

3. **Actas consolidadas curso 2022-23.**

A decana indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2022-23, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado e as súas cualificacións, as mencións de "matrícula de honra" se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén ao que corresponde renuncia. A decana tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de "matrícula de honra" corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa. Neste curso polo nº de alumnado matriculado correspondería outorgar 2 matrículas de honra.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais recollidas polo coordinador do TFG, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2022-23 á alumna Mireya Requejo Arias**.

4. **Proposta de publicación de TFG 2022-23 no repositorio institucional da USC (Minerva).**

A decana informou de que a normativa de TFG recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes sobre os TFG defendidos, finalmente **acordaron por unanimidade, para os TFG do curso 2022-23, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron a mención de matrícula de honra na materia, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.**

5. **Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.**

A decana informa de se recibiu unha solicitude para o recoñecemento de materias de alumnado que cursou o ciclo formativo de grao superior da LOE *"Documentación e Administración Sanitarias"* que non está recollido no catálogo de validacións para técnicos superiores de formación profesional segundo o acordo coa Xunta de Galicia e as tres universidades galegas.

Remitiuse xunto coa convocatoria da Comisión información acerca do ciclo proposto para que o profesorado tivera a oportunidade de revisar o plan de estudos e tamén do seu equivalente na LOXSE, *"Documentación Sanitaria"*. Ademais, solicitouse ao profesorado informes para as materias con posibilidades de recoñecemento. Segundo o Real Decreto 1618/2011, de 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudios no ámbito de la Educación Superior, existe relación directa entre os títulos de FP e Grao polo que existe en principio obriga de recoñecemento dun número mínimo de créditos. Tamén indica que cando o recoñecemento se solicite para cursar ensinanzas conducentes á obtención dun título que dea acceso ao exercicio dunha profesión regulada, deberá comprobarse que os estudos alegados responden ás condicións esixidas nos currículos e plans de estudo cuxa superación garante a cualificación profesional necesaria.

Á vista de todos isto os asistentes, despois dun debate sobre este asunto, **acordaron por unanimidade informar desfavorablemente o recoñecemento de materias do GNHD para o ciclo formativo de Grao Superior LOE *"Documentación e Administración Sanitarias"* e do seu equivalente na LOXSE *"Documentación Sanitaria"* por non acadar adecuadamente os obxectivos e competencias de ningunha das materias do Grao.**

6. **Proposta de modificación de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Farmacia da USC.**

O 28 de setembro de 2017, mediante acordo desta Comisión, aprobouse a táboa para o recoñecemento de competencias do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD), procedente do Grao en Farmacia da USC, plan de estudos do B.O.E. 03/03/2011. Con posterioridade, o 21 de novembro de 2018 aprobouse unha modificación. Tras a revisión da programación docente da materia Saúde Pública do GNHD e de materias do Grao en Farmacia, o profesorado que imparte a materia emitiu informe de recoñecemento favorable ao recoñecemento da mesma, polo que se trae a esta Comisión para sometelo á súa consideración e se procede ampliar a táboa existente.

Tras un intercambio de impresións sobre este tema, os asistentes **acordaron por unanimidade ampliar a táboa de recoñecementos para o alumnado do Grao en Nutrición Humana e**

**Dietética (GNHD), procedente do Grao en Farmacia da USC, plan de estudos do B.O.E. 03/03/2011 coa seguinte incorporación:**

| DESTINO: | | UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |
|---|---|---|
| CENTRO: | 5011 | FACULTADE DE CIENCIAS |
| TITULACIÓN: | G2071P01 | GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA |
| PLAN DE ESTUDIOS: | BOE 03/03/2011 | |
| PROCEDENCIA: | | UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| CENTRO: | 5035 | FACULTADE DE FARMACIA |
| TITULACIÓN: | G2081V01 | GRAO EN FARMACIA |
| PLAN DE ESTUDIOS: | BOE 03/03/2011 | |

| GRAO EN FARMACIA | | | | GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| COD. | MATERIAS CURSADAS | CAR. | CRÉD. | COD. | MATERIAS RECOÑECIDAS (*) | CAR. | CRÉD. |
| G2081226<br>G2081324 | Saúde Pública I<br>Saúde Pública II | OB<br>OB | 4.50<br>4.50 | G2071324 | Saúde Pública | OB | 6.00 |

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

7. **Calendario convocatoria de fin de carreira 2023-24.**

A decana cedeu a palabra ao profesor Casabiell que imparte docencia na materia afectada pola convocatoria fin de carreira e indicou que tras remitir varios correos electrónicos á alumna que a solicitou non foi posible contactar con ela polo que propón que o centro fixe a data do exame.

Tras diversas propostas sobre este asunto **acordan por unanimidade delegar na decana para que fixe a data de celebración da convocatoria fin de carreira, na medida do posible co acordo de profesorado e alumna.**

8. **Dispensa de asistencia a clase.**

A decana informa sobre unha solicitude de dispensa de asistencia a clase por parte dunha alumna do Grao, debido ao desenvolvemento da súa actividade profesional á que deu lectura. A continuación indica á comisión a problemática da concesión de dispensa de asistencia a clase no caso das titulacións da rama de Ciencias da Saúde con materias de alto contido práctico, e tras varias intervencións dos membros da comisión, **acórdase por unanimidade emitir un informe desfavorable á solicitude de dispensa.**

9. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA | A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 10/11/2023

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
5. Proposta de modificación da memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Convocatoria anual de tramitación de titulacións.
6. Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.
7. Calendario convocatoria fin de carreira 2023/2024.
8. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 10 de novembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | VC |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Rosa Peña, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa a asistencia de Ángel Cobos, Beatriz Vázquez, Olga Díaz, Ángeles Romero e Marta

Pérez e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/10/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana indicou que nesta ocasión non tiña informes.

3. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

A presidenta informa de que hai 54 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2023-24, dos cales 9 xa teñen proposta aprobada en comisións pasadas e 4 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión. A continuación foi dando lectura ás mesmas. Tamén advertiu hai unha solicitude que non subiu a proposta polo que será rexeitada.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Gandoy Pintor, Lucía | Trastornos da conduta alimentaria. Últimas actualizacións. |
| Lopez Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados artesanais: Etiquetado e procedementos a seguir nas xeaderías. |
| Naveiras Teijeiro, Laura | Adherencia á Dieta Atlántica en pacientes hospitalarios |
| Picallo Gómez, Yanira | Alerxias alimentarias en educación infantil, principais alérxenos e o seu correcto etiquetado. |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | DATA AP. | ALUMNADO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 01/04/2022 | Afonso Jaimes, Yuneisis Yusely | Abordaxe nutricional en pacientes con demencia | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | |
| 2 | 25/04/2023 | Cabo Pin, Alba | Enfermidade celiaca e calidade de vida en idade pediátrica | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | 780 | 50% |
| 3 | 01/04/2022 | Castro Castro, Isabel | Alimentos modificados xeneticamente e as alerxias: revisión de estudos realizados sobre cultivos modificados xeneticamente | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | |
| 4 | 25/04/2023 | Fernández Verba, Irene Paula | Esofaxite eosinofílica | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 5 | 10/11/2023 | Gandoy Pintor, Lucía | Trastornos da conduta alimentaria. Últimas actualizacións. | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 6 | 30/06/2023 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% |
| 7 | 10/11/2023 | Lopez Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados artesanais: Etiquetado e procedementos a seguir nas xeaderías. | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | |
| 8 | 25/04/2023 | Martínez Suárez, Diego | Potencial efecto ergoxénico dos probióticos nos deportes de resistencia. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% |
| 9 | 10/11/2023 | Naveiras Teijeiro, Laura | Adherencia á Dieta Atlántica en pacientes hospitalarios | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina Tejera Pérez | G2071 | 50% |
| 10 | 25/04/2023 | Permuy Pardo, Juan Ramón | Potencial terapéutico da vitamina D | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% |
| 11 | 10/11/2023 | Picallo Gómez, Yanira | Alerxias alimentarias en educación infantil, principais alérxenos e o seu correcto etiquetado. | Jesús E. Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | |
| 12 | 17/11/2021 | Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | |
| 13 | 25/04/2023 | Vilariño Rodríguez, Berta | O futuro da alimentación: explorando a carne sintética | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | |

A presidenta informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G2071) e se publicará no taboleiro electrónico as propostas aceptadas.

4. **Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

A presidenta informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución, a cal se remitiu coa convocatoria xunto coa documentación presentada polo alumnado. Segundo o procedemento previsto, é preciso que a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día. A continuación remítese o informe e a documentación do alumnado para que o Comité de Bioética da USC emita un informe que logo se incorpora como anexo ao TFG.

Recibíronse un total de 2 solicitudes que se corresponden cos seguintes TFGs:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Lopez Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados artesanais: Etiquetado e procedementos a seguir nas xeaderías. |
| Naveiras Teijeiro, Laura | Adherencia á Dieta Atlántica en pacientes hospitalarios |

A decana indicou que unha vez analizadas as solicitudes, no caso da correspondente a Andrea López Oujo, conclúe que a enquisa vaise facer a empresarios do sector dos xeados polo que

segundo a normativa de protección de datos, dato persoal é toda información sobre una persoa física identificada o identificable, polo que quedarían fóra as persoas xurídicas e empresarios individuais. Por este motivo, non precisaría informe do Comité de Bioética.

Tras analizar a documentación remitida polo alumnado os asistentes **acordaron por asentimento emitir informe favorable para a solicitude de Laura Naveiras e non emitir informe sobre a de Andrea López** ao considerar que non precisa informe do Comité.

5. **Proposta de modificación da memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Convocatoria anual de tramitación de titulacións.**

A presidenta indica que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (disposición transitoria 5ª) e a planificación proposta pola Vicerreitoría de Titulacións, é preciso levar a cabo a adscrición do GNHD a un ámbito de coñecemento e tamén dos créditos de formación básica dos cales polo menos a metade deberán estar vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento ao que se inscribe o título.

Adicionalmente tamén indicou que sería preciso substituír a materia optativa *Química e Gastronomía* que deixou de ofertarse o pasado curso 2021-22 por outra de interese para o alumnado. A materia proposta sería a denominada *Ergoxenia* co mesmo número de créditos e organización temporal dentro do plan de estudos. A continuación deu lectura á ficha da materia xunto co compromiso do departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía para asumir a docencia.

Tamén indicou que tendo en conta o citado Real Decreto 822 e a guía da ACSUG, todas estas serían modificacións non substanciais do título.

Tendo en conta a convocatoria anual de tramitación de titulacións aprobada polo Consello de Goberno o pasado 11 de outubro, sería preciso presentar o Anexo V da citada convocatoria achegando a versión modificada dos apartados correspondentes da memoria, ademais do informe motivado da Comisión de Calidade do Centro e o acordo de Xunta de Facultade.

Os asistentes tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título acordaron por unanimidade levar a cabo as seguintes modificacións:

1. Adscribir o Grao en Nutrición Humana e Dietética ao ámbito de coñecemento denominado: *"fisioterapia, podoloxía, nutrición e dietética, terapia ocupacional, óptica e optometría e logopedia"*
2. Vincular os créditos de formación básica aos seguintes ámbitos de coñecemento:
    - Bioquímica e biotecnoloxía, inclúe a materia *Bioquímica*

- Física e astronomía, inclúe a materia *Física para Ciencias da Vida*
- Fisioterapia, podoloxía, nutrición e dietética, terapia ocupacional, óptica e optometría e logopedia, inclúe as materias:
    - *Bioloxía Humana*
    - *Anatomía e Histoloxía Humana*
    - *Fisioloxía Humana I*
    - *Fisioloxía Humana II*
    - *Fundamentos Antropolóxicos da Alimentación*
- Matemáticas e estatística, inclúe a materia *Bioestatística*
- Química, inclúe as materias:
    - *Química I*
    - *Química II*

3. Substituír a materia optativa *Química e Gastronomía* por outra nova proposta denominada *Ergoxenia* co mesmo número de créditos (3) e organización temporal dentro do plan de estudos. Acompáñase como ANEXO a ficha da materia.

6. **Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en Nutrición Humana e Dietética para titulados en ciclos superiores de FP.**

A decana informa de se recibiu unha solicitude para o recoñecemento de materias de alumnado que cursou o ciclo formativo de grao superior da LOE *"Hixiene Bucodental"* e tamén *" Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear"* que non están recollidos no catálogo de validacións para técnicos superiores de formación profesional segundo o acordo coa Xunta de Galicia e as tres universidades galegas.

Remitiuse xunto coa convocatoria da Comisión información acerca dos ciclos propostos para que o profesorado tivera a oportunidade de revisar o plan de estudos e tamén dos seus equivalentes na LOXSE, *"Hixiene bucodental"* e *"Imaxe para o diagnóstico"*. Ademais, solicitouse ao profesorado informes para as materias con posibilidades de recoñecemento. Segundo o Real Decreto 1618/2011, de 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudios no ámbito de la Educación Superior, existe relación directa entre os títulos de FP e Grao polo que existe en principio obriga de recoñecemento dun número mínimo de créditos. Tamén indica que cando o recoñecemento se solicite para cursar ensinanzas conducentes á obtención dun título que dea acceso ao exercicio dunha profesión regulada, deberá comprobarse que os estudos alegados responden ás condicións esixidas nos currículos e plans de estudo cuxa superación garante a cualificación profesional necesaria.

Á vista de todos isto os asistentes, despois dun debate sobre este asunto, **acordaron por unanimidade solicitar a actualización** do "Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios" coa seguinte ampliación:

**Grao en Nutrición Humana e Dietética**

| Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE | Tipo de materia | Materia e créditos recoñecidos | ECTS |
|---|---|---|---|
| Hixiene bucodental | Formación Básica | Anatomía e Histoloxía Humana | 6 |
| | Obrigatoria | Fisiopatoloxía | 6 |
| Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear | Formación Básica | Anatomía e Histoloxía Humana | 6 |
| **Ciclo de grao superior do plan de estudos LOXSE** | **Tipo de materia** | **Materia e créditos recoñecidos** | **ECTS** |
| Hixiene bucodental | Formación Básica | Anatomía e Histoloxía Humana | 6 |
| | Obrigatoria | Fisiopatoloxía | 6 |
| Imaxe para o diagnóstico | Formación Básica | Anatomía e Histoloxía Humana | 6 |

7. **Calendario convocatoria de fin de carreira 2023-24.**

A decana informou de que en días pasados a UXA de Lugo nos comunicou a concesión a un estudante para concorrer á convocatoria fin de carreira coa materia Nutrición Comunitaria e Educación Nutricional. Polo tanto é preciso complementar as datas desta convocatoria que foron acordadas na anterior reunión da comisión. Tamén informou de que se contactou coas partes implicadas para fixar unha data de consenso de celebración desta convocatoria.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento fixar a data da convocatoria fin de carreira** para a materia Nutrición Comunitaria e Educación Nutricional o vindeiro 20 de decembro ás 10 horas.

8. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA — A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 28/11/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2023-24.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 28 de novembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Ramiro Barcia Vieitez | Presidente e responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente desculpa a asistencia de Beatriz Vázquez e Lourdes Vázquez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 10/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O presidente indicou que se recibiu correo do SXOPRA para a difusión entre os centros das declaracións de intencións para o seu coñecemento e a eventual presentación de alegacións ou suxestións para o caso das modificación substanciais e de novas propostas.

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2023-24.**

O presidente informou de que ao igual que en cursos pasados é preciso aprobar e publicar a convocatoria de Prácticum para o curso 2023-24 da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación informou das prazas dispoñibles e dalgunhas que aínda estaban pendentes de sinatura de convenios. Ademais asignáronse os titores académicos da USC ás novas prazas e modificouse a asignación noutras entre outros motivos para dar cabida a novo profesorado e liberar a outro que ten moita titorización noutras titulacións do centro.

O presidente indicou que tanto a convocatoria como as listas provisional e definitiva de asignación de destinos se publicarán no taboleiro electrónico da USC, pero ademais esta mesma información, e moita outra de interese para alumnado e titores, estará dispoñible na intranet da Facultade en https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias, facendo clic en *"Información académica"*, *"Grao en Nutrición Humana e Dietética"*, *"Prácticas"*.

Finalmente tras os comentarios oportunos, os asistentes **aprobaron** por asentimento a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Prácticum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2023-24 a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén acordaron por asentimento **autorizar á decana** a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e, **delegar** na decana a elaboración e publicación das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión. Adicionalmente tamén acordaron por unanimidade para o caso de que se produza **empate** na asignación de prazas ao alumnado, que este se dirima tendo en conta o criterio indicado na Resolución do 13 de febreiro de 2012 da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a publicidade do acordo da comisión de seguimento do protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos, segundo a cal en primeiro lugar terá preferencia o alumnado que teña no seu expediente académico un maior número de matrículas de honra, de persistir o empate terase en conta a continuación o maior nº de sobresaíntes e así sucesivamente co resto de cualificacións.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE | A SECRETARIA |
| Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 09/01/2024

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2023-24.
4. Oferta de prazas curso 2024-25.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 9 de xaneiro de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial e desculpa a asistencia de Lourdes Vázquez Odériz. Informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 28/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou de que se presentou a solicitude para levar a cabo a 2ª edición do curso de verán no 2024: *"Abordaxe nutricional personalizada do deportista de alto rendemento"*, a cal foi admitida na fase de preselección.

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2023-24.**

A presidenta informa de que tras a publicación da convocatoria, finalizado o período de solicitudes e publicada a lista provisional de asignación de destinos do Prácticum 2023-24, recibiuse no período de reclamacións unha correspondente á alumna Marta López Gago que por circunstancias vinculadas a problemas de saúde de familiares próximos solicita cambiar a praza asignada en Club de Loita Lugo (código 17) pola número 52 no SERGAS, Hospital Meixoeiro de Vigo.

Tras a revisión da reclamación e da documentación presentada, finalmente os asistentes **acordaron** por asentimento **aceptar o cambio proposto pola alumna e asignarlle a praza co código 52 SERGAS**.

Tamén acordaron por asentimento **delegar na decana** para que, no caso de que se produza algunha **incidencia** con algunha outra das prazas asignadas, **recoloque nas vacantes ofertadas** na convocatoria ao alumnado afectado.

4. **Oferta de prazas curso 2024-25.**

A decana informa que o día 18 de decembro de 2023 a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2024-2025 nas titulacións de grao.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG). En consecuencia, solicítase que dende o centro se comunique á Vicerreitoría as propostas de oferta de prazas para as titulacións de grao das que son responsables ata as 14:00 horas do 31 de xaneiro de 2024. No mes de marzo as universidades do SUG deberán comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a proposta de prazas a ofertar para a súa análise e aprobación.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento**, para o Grao en Nutrición Humana e Dietética, **manter** para o curso 2024-25 a oferta de prazas do curso actual: **60 prazas ordinarias, 6 cota de traslados nacionais e 3 de cota para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros**.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 05/02/2024

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2024-25.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
5. Revisión ponderacións ABAU.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 5 de febreiro de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial e desculpa a asistencia de Rosa Mª Peña Crecente. Informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 09/01/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou de que se publicou a Resolución definitiva da fase de preselección de propostas para a Universidade de Verán 2024 e, tal e como adiantara na comisión anterior, foi admitida a solicitude para levar a cabo a 2ª edición do curso de verán no 2024: *"Abordaxe nutricional personalizada do deportista de alto rendemento"*, polo que nas vindeiras semanas se presentará toda a documentación requirida que posteriormente será avaliada pola USC para determinar se finalmente se leva a cabo. Está prevista a súa realización na 1ª semana de setembro de 2024.

Tamén informou do traslado da aula de valoración antropométrica da planta baixa á 2ª planta despois de levar a cabo a reconversión dun antigo laboratorio, o que permitirá dispoñer dun espazo máis amplo.

Xa para rematar informou da celebración os vindeiros días 13 e 14 de xuño da IV Jornada Nacional del Profesorado del Grado en Nutrición Humana y Dietética organizada pola Conferencia Española de Decanas y Decanos de Nutrición Humana y Dietética. Toda a información sobre a inscrición atópase dispoñible na web (https://www.cddnhyd.es/jornada-4/).

3. **PDA curso 2024-25.**

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2024-25 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos, propóñense as seguintes modificacións:

- Solicitude de creación dun grupo adicional de PDA de docencia interactiva de laboratorio para a materia G2071103 Bioloxía Humana (pasando de 3 a 4) por razóns organizativas para igualar o número de grupos de todas as materias do 1º curso 1º semestre.
- Solicitude de creación dun grupo de centro adicional de docencia interactiva de laboratorio para a materia G2071332 Garantía de Calidade (pasando de 2 a 3), de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, para unha mellor organización da docencia debido ao elevado nº de alumnos que habitualmente cursan a materia.
- Na materia G2071424 Prácticum introduciuse na liña de centro a estimación de distribución

de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2023-24 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título.

- Na materia G2071425 Traballo Fin de Grao introduciuse na liña de centro a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2022-23 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2024-25 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

4. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2023-24.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Cabo Pin, Alba | Enfermidade celíaca e calidade de vida en idade pediátrica |
| 2 | Gandoy Pintor, Lucía | Trastornos da conduta alimentaria. Últimas actualizacións. |
| 3 | Naveiras Teijeiro, Laura | Adherencia á Dieta Atlántica en pacientes hospitalarios |
| 4 | Vilariño Rodríguez, Berta | O futuro da alimentación: explorando a carne sintética |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de presentación posibles o 14 ou 15 de febreiro:

| TRIBUNAL | SUPLENTES TRIBUNAL |
|---|---|
| **Presidente:** Jorge Proupín Castiñeiras<br>**Secretaria:** Alejandra Cardelle Cobas<br>**Vocal:** Consuelo Pita Calvo | 1º Alexandre Lamas Freire<br>2º Luis Alberto Ramil Novo<br>3º Eugenio Anselmo Rodríguez Núñez |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2023-2024, segundo a táboa precedente**.

5. **Revisión ponderacións ABAU.**

Na reunión da comisión de título celebrada o pasado 21 de xullo a decana informou de que como consecuencia da modificación das modalidades e materias que integran o Bacharelato, era preciso

actualizar a táboa de ponderación das materias da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais (ABAU) do sistema universitario de Galicia (SUG), e amosou, para a súa análise, a proposta de ponderación facilitada pola USC, consensuada entre todos os distritos e que segue criterios comúns para toda España. Tras unha revisión da mesma os asistentes non consideraron preciso realizar alegacións.

A decana informa que recentemente se aprobaron nos consellos de goberno das tres universidades do SUG os parámetros de ponderación que se aplicarán nas ABAU de 2024, e que a delegada do Reitor da USC para Asuntos de Ensino Medio e Representante da USC na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), Maite Flores Arias, remitiu unha mensaxe indicando que desde a CIUG considérase moi importante que o estudantado teña coñecementos da táboa de ponderacións antes de se matricular en 2º de Bacharelato, por iso, quérense aprobar proximamente en Consello de Goberno, os parámetros para as ABAU 2025. Por este motivo, solicítannos que, no caso de que se considere que debera haber cambios nas ponderacións que corresponden ao Grao en Nutrición Humana e Dietética, se informe o antes posible indicado ditos cambios.

Despois dun curto debate entre os membros da comisión sobre este asunto acordan por unanimidade manter a proposta de ponderación recibida.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto a profesora Beatriz Vázquez manifestou que o feito de que se permita ao alumnado modificar a matricula ata o 14 de febreiro xera moitos problemas para a organización da docencia debido a que as clases deste semestre comezan o 29 de xaneiro.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA — A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 20/03/2024

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 20 de marzo de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Daniel Presa Morales | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial e desculpa a asistencia de Rosa Mª Peña Crecente, Lourdes Vázquez, Beatriz Vázquez e Marta Pérez. Informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 05/02/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

En primeiro lugar a decana presentou e deu a benvida ao novo representante do estudantado do GNHD na comisión, Daniel Presa, recentemente nomeado.

Logo informou de que se atopa dispoñible na web da Conferencia Española de Decanas y Decanos de Nutrición Humana y Dietética (https://www.cddnhyd.es/jornada-4/) a información relativa á da *IV Jornada Nacional del Profesorado del Grado en Nutrición Humana y Dietética* que terá lugar os días 13 e 14 de xuño en Pamplona. Está dispoñible información sobre o programa, inscrición, premio ao mellor TFG, ...

A continuación cedeu a palabra ao responsable Académico de Mobilidade do centro que informou do interese amosado polo profesorado da Universidade de Biruni en Turquía para unha estancia curta no centro, en torno a 5 días, polo que solicitou a implicación do profesorado do centro para a acollida a estes docentes nas áreas que sexan máis axeitadas.

3. **Proposta de horarios para o curso 2024-25.**

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación agradeceu ao coordinador do título a súa implicación e dedicación na súa elaboración e organización xa que neste momento con 3 grados e 2 másteres practicamente implantados no curso 2024-25 é unha tarefa moi complexa e no caso do GNHD máis aínda xa que se propuxo por parte de profesorado do 1º curso unha proposta alternativa de horarios para a súa análise e ver as posibilidades de modificalos con respecto a cursos anteriores.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou de que se intentou dar saída a esta proposta alternativa que comentou a decana incluso permitindo a reserva de espazos de laboratorio e aulas de informática en primeiro lugar para o GNHD con respecto as demais titulacións do centro pero finalmente non puido ser encaixada. Os motivos son a saturación que experimentan os horarios, xa que practicamente non hai ocos dispoñibles para facer o horario estendido que se propoñía. Adicionalmente, a proposta de ter clases en paralelo en 2 aulas distintas choca coas ocupacións das restantes titulacións e tamén coa dispoñibilidade do persoal docente nunha parte moi importante das materias. O feito de ter que introducir 5 materias ao longo de 4 horas implica que non se respectan franxas horarias para o profesorado o que dificulta a compatibilización cos horarios doutros centros. Tampouco é factible 3 grupos de prácticas de laboratorio ao mesmo tempo. O coordinador indica que a proposta é moi axeitada e interesante pero sen reducir as horas de docencia das materias ou o período de exames non hai posibilidades de levalo a cabo. As restantes solicitudes de modificacións recibidas fóronse atendendo na medida do posible ao longo dos últimos días.

A continuación o profesor Ángel Cobos, Olga Díaz e Ángeles Romero fixeron algunhas suxestións de cambios en algunhas datas dos horarios.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2024-25 do Grao en Nutrición Humana e Dietética** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade, unha vez se inclúan os cambios propostos durante a reunión. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto o representante do estudantado, Daniel Presa, deu lectura e entregou copia á comisión das seguintes peticións:

*"1. O GNHD trátase dun grao de ciencias da saúde, polo que o seu contido debería estar baseado na evidencia científica, sólida e de calidade (metanálises, revisións bibliográficas, estudios observacionais con grandes muestras e ben diseñados, ou outros estudos de calidade en caso de non dispoñer dos anteriores).*

*2. Se o contido impartido neste grao non é recente, probablemente tampouco sexa vixente no 2024. Precisamos bibliografía e contidos vixentes para facer unha praxis vixente, e non neglixente. Gustaríanos contar coa evidencia acumulada ata o día de hoxe. Actualizar os contidos para unha antigüidade máxima de 5 anos (2019) podería ser un bo comezo.*

*3. Precisamos unha docencia de calidade que aborde con rigor temas de actualidade, como o enfoque integral da obesidade, a nutrición deportiva, as dietas sen productos animais e o nivel de evidencia do uso dos diferentes suplementos dietéticos, entre outros. Isto podería verse facilitado con profesorado especializado en áreas concretas da Nutrición, en lugar da docencia simultánea de tódalas ramas.*

*4. A poboación diana do noso grao é o ser humano, polo que a formación debe ser rigurosa e tamén humanista e respetuosa, tendo en conta e respetando a autonomía e a dignidade do paciente. Estratexias como a humillación non poden formar parte dos nosos tratamientos. Precisamos formación básica en Psicoloxía e prácticas como talleres con xogos de roles para aprender a tratar cos pacientes.*

*5. Dado que o alumnado do GNHD somos un grupo de risco para o desenvolvemento de trastornos da conducta alimentaria, sería recomendable non ter que usar os nosos propios datos antropométricos para a realización de exercicios teóricos, especialmente para cálculos de pérdida de peso. Neste sentido, tampouco parece recomendable que o profesorado imparta*

*consellos de saúde ao alumnado, especialmente se éste non os pide. Solicitamos considerar que non se faga.*

*6. Outro dos contidos esenciais que botamos en falta, é a lectura crítica de artigos, noticias, titulares e discursos, fundamental para combater o intrusismo, as pseudociencias, os discursos simplistas en redes sociais, os discursos ideolóxicos e/ou dos lobbies… fundamental para ser profesionais críticos, competentes e íntegros.*

*Quedo a disposición desta facultade para traballar na consecución destes obxectivos."*

A continuación os membros do profesorado asistentes comentáronlle cuestións relativas aos aspectos indicados polo representante do estudantado e amosaron a súa disposición para revisar estas cuestións para avanzar no proceso de mellora continua da titulación para o que as achegas dos estudantes sempre son ben acollidas.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 12/04/2024

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 12 de abril de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Daniel Presa Morales | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial e desculpa a asistencia de Mª Ángeles Romero e Marta Pérez, tamén informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 20/03/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou de que xa se publicou a resolución definitiva da fase de selección de propostas para a universidade de verán 2024 e foi seleccionada a proposta do centro: *"Abordaxe nutricional personalizada do deportista de alto rendemento"*, a cal vai xa pola 2ª edición. O curso de verán é similar ao do curso pasado e terá lugar a principios do mes de setembro.

Tamén informou de que vai ter lugar entre o 5 e 7 de setembro un curso para obter a certificación ISAK de nivel 1 impartido por antropometristas e que conta con 15 prazas que se van a ofertar ao estudantado de 3º e 4º curso e despois aos egresados. Ao estudantado de 1º e 2º curso non se vai ofertar debido a que caduca e non sería este o momento axeitado para obtela.

3. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

A presidenta informa de que hai 55 estudantes matriculados no TFG no momento actual no curso 2023-24, dos cales 4 xa defenderon o seu TFG en febreiro, 8 xa teñen proposta aprobada en comisións pasadas, 2 presentaron modificación da que xa tiñan aprobada, 40 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión e 1 non presentou proposta. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Acuña Piñeiro, Sara | Prevención da dermatite atópica modulando a microbiota materna durante a xestación |
| Aguiar López, Mª del Carmen | Manexo nutricional da mucosite causada polos tratamentos oncolóxicos |
| Alonso Abalde, Henar | Utilidade de suplementos queimagraxas para a perda de peso |
| Álvarez Moldes, Alejandro | Pautas de hidratación e rendemento deportivo no fútbol |
| Bermúdez Pillado, Lara | Influencia dos estróxenos na absorción do calcio e na saúde ósea feminina |
| Bertólez Oliveros, Cristina | Avaliación da Alfabetización Nutricional nunha mostra da poboación Lucense |
| Castedo Lobato, Elisa | Optimización do rendemento deportivo en deportes de forza a través dunha alimentación vexetal: perspectivas, evidencias e estratexias nutricionais |
| Castro Parada, Martín | Explorando os Efectos Potenciadores da Cafeína no Rendemento Cognitivo |
| De Lorenzo Serrano, Lucia | É a kombucha unha alternativa ao consumo de bebidas comerciais? |
| Er-rakkab El Foukali, Ayoub | Efectos cardiovasculares das bebidas enerxéticas |
| Esteban Domínguez, Xavier | Deseño e desenvolvemento dunha base de datos nutricional e ferramenta automatizada para a elaboración de menús en poboación española. |
| Fernandez Gandara, Paula | A publicidade: Amiga ou inimiga da alimentación saudable? |
| Fernández Paz, Laura | Avaliación da dieta de mulleres deportistas na modalidade de remo de banco fixo |
| Fraga Periscal, Irene | Proxecto de educación nutricional para a prevención da obesidade infantil no ámbito rural en Carballo |
| Garda Ponte, Candela | Estratexias nutricionais para a prevención e manexo da enfermidade de Alzheimer |
| González Tumbeiro, Uxía | Influencia das redes sociais nos hábitos alimentarios. |

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Hernández Aguilar, Oriana | Estratexias nutricionais para modular a microbiota intestinal na enfermidade celíaca. |
| Linares Rey, Paula | A microbiota intestinal e a súa relación coa saúde e coa enfermidade |
| López Blanco, Lucía | Influencia do glute na saúde da poboación e formulación dunha galleta salgada gluten-free. |
| López Gago, Marta | Educación nutricional no paciente candidato a cirurxía bariátrica |
| López Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados: prácticas correctas en xeaderías. |
| López Seijas, Nerea | Recomendacións dietéticas para o manexo da inmunoterapia contra o cancro |
| Muiños López, María | Factores familiares asociados á anorexia nerviosa |
| Parada Barral, Iván | Requisitos enerxéticos e distribución de macronutrientes no fútbol |
| París Lago, Daniel | Papel modulador dos ácidos grasos de cadena corta producidos pola microbiota intestinal na artritie reumatoide |
| Patao García, Tamara | Evidencias da relación entre a inxesta de lácteos e o acné vulgar. |
| Pereiro Nogueira, Juan | Avaliación da inxesta dietética nunha poblaciόn de judokas |
| Pérez Bañobre, Paloma | Proxecto de educación nutricional para a prevención do cancro colorrectal de inicio precoz |
| Pérez Rodríguez, Débora | Nutrición deportiva y suplementos en deportes de resistencia |
| Redondo Redondo, Sara | O desafío da alimentación na vellez |
| Riveiro Martínez, Yago | Nutrición en cancro estróxeno positivo. |
| Rivera Balsa, Alba | Nutrición aplicada a pacientes con déficit de DAO |
| Rubio Laiz, Irene | Estilos de vida e hábitos alimentarios na fertilidade |
| Sambad-baliña Durán, Oliver | O papel da nutrición na rehabilitación de lesións musculoesqueléticas |
| Sánchez Printes, Ainhoa | Avaliación nutricional de menús escolares en Lugo con énfase na Dieta Atlántica |
| Sanjurjo Novo, Araceli | Alimentación saudabel en persoas cuxos recursos se basean no Banco de Alimentos |
| Soutiño Ramirez, Carmen Victoria | Elaboración dunha guía nutricional para pacientes oncolóxicos |
| Suárez Vilches, José Manuel | Patróns de alimentación dun grupo de xogadores de baloncesto federados de entre 10 e 12 anos |
| Turrión San Pedro, Rubén | Microbiota bacteriana: saúde e enfermidade |
| Valerio López, Clara | Estratexias nutricionais para a abordaxe da disfunción mitocondrial nas enfermidades crónicas non transmisibles |
| Valíña Seijas, Lucía | Composición Corporal e adhesión á dieta atlántica en piragüistas |
| Varela Díaz, Lucía | Sobrepeso e obesidade en embarazo |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ALUMNADO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Acuña Piñeiro, Sara | Prevención da dermatite atópica modulando a microbiota materna durante a xestación | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% | | | |
| 2 | Afonso Jaimes, Yuneisis Yusely | Abordaxe nutricional en pacientes con demencia | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | | | | |
| 3 | Aguiar López, Mª del Carmen | Manexo nutricional da mucosite causada polos tratamentos oncolóxicos | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 4 | Alonso Abalde, Henar | Utilidade de suplementos queimagraxas para a pérdida de peso | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 100% | | | | | | |
| 5 | Álvarez Moldes, Alejandro | Pautas de hidratación e rendemento deportivo no fútbol | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 6 | Bermúdez Pillado, Lara | Influencia dos estróxenos na absorción do calcio e na saúde ósea feminina | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | | | |
| 7 | Bertólez Oliveros, Cristina | Avaliación da Alfabetización Nutricional nunha mostra da poboación Lucense | Patricia Regal López | 640 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | | | |
| 8 | Cabo Pin, Alba | Enfermidade celiaca e calidade de vida en idade pediátrica | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Alicia Del Carmen Mondragón Portocarrero | 780 | 50% | | | |
| 9 | Castedo Lobato, Elisa | Optimización do rendemento deportivo en deportes de forza a través dunha alimentación vexetal: perspectivas, evidencias e estratexias nutricionais | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 10 | Castro Castro, Isabel | Alimentos modificados xeneticamente e as alerxias: revisión de estudos realizados sobre cultivos modificados xeneticamente | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | | | | |
| 11 | Castro Parada, Martín | Explorando os Efectos Potenciadores da Cafeína no Rendemento Cognitivo | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 12 | De Lorenzo Serrano, Lucia | É a kombucha unha alternativa ao consumo de bebidas comerciais? | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 13 | Er-rakkab El Foukali, Ayoub | Efectos cardiovasculares das bebidas enerxeticas | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 14 | Esteban Domínguez, Xavier | Deseño e desenvolvemento dunha base de datos nutricional e ferramenta automatizada para a elaboración de menús en poboación española. | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 15 | Fernandez Gandara, Paula | A publicidade: Amiga ou inimiga da alimentación saudable? | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 16 | Fernández Paz, Laura | Avaliación da dieta de mulleres deportistas na modalidade de remo de banco fixo | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 17 | Fernández Verba, Irene Paula | Esofaxite eosinofílica | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 18 | Fraga Periscal, Irene | Proxecto de educación nutricional para a prevención da obesidade infantil no ámbito rural en Carballo | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 19 | Gandoy Pintor, Lucía | Trastornos da conduta alimentaria. Últimas actualizacións. | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 20 | Garda Ponte, Candela | Estratexias nutricionais para a prevención e manexo da enfermidade de Alzheimer | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | | | |
| 21 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | | | |
| 22 | González Tumbeiro, Uxía | Influencia das redes sociais nos hábitos alimentarios. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Pablo Vázquez Sande | 675 | 50% | | | |
| 23 | Hernández Aguilar, Oriana | Estratexias nutricionais para modular a microbiota intestinal na enfermidade celíaca. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | | | | |
| 24 | Linares Rey, Paula | A microbiota intestinal e a súa relación coa saúde e coa enfermidade | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 25 | López Blanco, Lucía | Influencia do glute na saúde da poboación e formulación dunha galleta salgada gluten-free. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Paula Fajardo Bernardez | G2071 | 50% | | | |
| 26 | López Gago, Marta | Educación nutricional no paciente candidato a cirurxía bariátrica | Patricia Regal López | 640 | 50% | Mª Jesús Garrido Ferrero | G2071 | 50% | | | |
| 27 | Lopez Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados: prácticas correctas en xeaderías. | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 28 | López Seijas, Nerea | Recomendacións dietéticas para o manexo da inmunoterapia contra o cancro | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% | Jesús E. Blanco Álvarez | 630 | 50% | | | |
| 29 | Martínez Suárez, Diego | Potencial efecto ergoxénico dos probióticos nos deportes de resistencia. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 30 | Muiños López, María | Factores familiares asociados á anorexia nerviosa | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 31 | Naveiras Teijeiro, Laura | Adherencia á Dieta Atlántica en pacientes hospitalarios | Patricia Regal López | 640 | 50% | Cristina Tejera Pérez | G2071 | 50% | | | |
| 32 | Parada Barral, Iván | Requisitos enerxéticos e distribución de macronutrientes no fútbol | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 33 | París Lago, Daniel | Papel modulador dos ácidos grasos de cadena corta producidos pola microbiota intestinal na artritie reumatoide | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 34 | Patao García, Tamara | Evidencias da relación entre a inxesta de lácteos e o acné vulgar. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 35 | Pereiro Nogueira, Juan | Avaliación da inxesta dietética nunha poblaciön de judokas | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 36 | Pérez Bañobre, Paloma | Proxecto de educación nutricional para a prevención do cancro colorrectal de inicio precoz | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 37 | Pérez García, Iris | | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| 38 | Pérez Rodríguez, Débora | Nutrición deportiva y suplementos en deportes de resistencia | Patricia Regal López | 640 | 50% | José Julio Porto Arias | G2071 | 50% | | | |
| 39 | Permuy Pardo, Juan Ramón | Potencial terapéutico da vitamina D | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 40 | Picallo Gómez, Yanira | Alerxias alimentarias en educación infantil, principais alérxenos e o seu correcto etiquetado. | Jesús E. Blanco Álvarez | 630 | 100% | | | | | | |
| 41 | Redondo Redondo, Sara | O desafío da alimentación na vellez | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Mª Belén García Gómez | 991 | 50% | | | |
| 42 | Riveiro Martínez, Yago | Nutrición en cancro estróxeno positivo. | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 43 | Rivera Balsa, Alba | Nutrición aplicada a pacientes con déficit de DAO | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |
| 44 | Rubio Laiz, Irene | Estilos de vida e hábitos alimentarios na fertilidade | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 45 | Sambad-baliña Durán, Oliver | O papel da nutrición na rehabilitación de lesións musculoesqueléticas | Pablo Cabezas Sainz | 410 | 100% | | | | | | |
| 46 | Sánchez Printes, Ainhoa | Avaliación nutricional de menús escolares en Lugo con énfase na Dieta Atlántica | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | | | |
| 47 | Sanjurjo Novo, Araceli | Alimentación saudabel en persoas cuxos recursos se basean no Banco de Alimentos | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Sara Rivas Pereira | G2071 | 50% | | | |
| 48 | Soutiño Ramirez, Carmen Victoria | Elaboración dunha guía nutricional para pacientes oncolóxicos | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Antía Pérez Vázquez | G2071 | 50% | | | |
| 49 | Suárez Vilches, José Manuel | Patróns de alimentación dun grupo de xogadores de baloncesto federados de entre 10 e 12 anos | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Laura Sas Barbeito | G2071 | 50% | | | |
| 50 | Turrión San Pedro, Rubén | Microbiota bacteriana: saúde e enfermidade | Jesús E. Blanco Álvarez | 630 | 50% | Roberto Bermudez Pose | 025 | 50% | | | |
| 51 | Valdés Gil, Patricia | Aplicación de sistemas de Xestión da Calidade na fabricación de alimentos fermentados | Ana Mª Botana López | 750 | 100% | | | | | | |
| 52 | Valerio López, Clara | Estratexias nutricionais para a abordaxe da disfunción mitocondrial nas enfermidades crónicas non transmisibles | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 53 | Valiña Seijas, Lucía | Composición Corporal e adhesión á dieta atlántica en piragüistas | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 54 | Varela Díaz, Lucía | Sobrepeso e obesidade en embarazo | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 100% | | | | | | |
| 55 | Vilariño Rodríguez, Berta | O futuro da alimentación: explorando a carne sintética | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |

4. **Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

A presidenta informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución. Segundo o procedemento previsto, é preciso que a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día. A continuación remítese o informe e a documentación do alumnado para que o Comité de Bioética da USC emita un informe que logo se incorpora como anexo ao TFG.

Recibíronse un total de 12 solicitudes, remitidas xunto coa convocatoria, que se corresponden cos seguintes TFGs:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Bertólez Oliveros, Cristina | Avaliación da Alfabetización Nutricional nunha mostra da poboación Lucense |
| De Lorenzo Serrano, Lucia | É a kombucha unha alternativa ao consumo de bebidas comerciais? |
| Fernandez Gandara, Paula | A publicidade: Amiga ou inimiga da alimentación saudable? |
| Fernández Paz, Laura | Avaliación da dieta de mulleres deportistas na modalidade de remo de banco fixo |
| López Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados: prácticas correctas en xeaderías. |
| Pereiro Nogueira, Juan | Avaliación da inxesta dietética nunha población de judokas |
| Picallo Gómez, Yanira | Alerxias alimentarias en educación infantil, principais alérxenos e o seu correcto etiquetado. |
| Redondo Redondo, Sara | O desafío da alimentación na vellez |
| Rivera Balsa, Alba | Nutrición aplicada a pacientes con déficit de DAO |
| Soutiño Ramirez, Carmen Victoria | Elaboración dunha guía nutricional para pacientes oncolóxicos |
| Suárez Vilches, José Manuel | Patróns de alimentación dun grupo de xogadores de baloncesto federados de entre 10 e 12 anos |
| Valíña Seijas, Lucía | Composición Corporal e adhesión á dieta atlántica en piragüistas |

A decana indicou que a maioría do alumnado tivo que modificar e/ou completar a súa solicitude, por non se atopar totalmente correcta e que aínda estaba pendente de recibir algunha modificación. A continuación suscitouse un amplo debate no que a decana deu máis información acerca do proceso e os asistentes consultaron e comentaron diversas cuestións sobre este asunto, sobre todo as dificultades que supón para o alumnado e incluso para os titores confeccionar correctamente a solicitude e a documentación correspondente.

Tras analizar as solicitudes remitidas polo alumnado, os asistentes **acordaron por asentimento delegar na decana** para que, unha vez recibida a documentación que falta, **emita o informe previo favorable ou desfavorable** segundo corresponda e os remita xunto coa documentación presentada ao Comité de Bioética.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 02/05/2024

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do GNHD 2022-23: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:30 do día 2 de maio de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Daniel Presa Morales | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/04/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou de que estes días recibíronse indicacións do servizo correspondente da universidade para a introdución na sede do Ministerio das modificacións non substancias do GNHD tramitadas nos meses pasados e neste momento xa se atopan introducidas.

3. **Seguimento do GNHD 2022-23: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.**

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

A decana cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do GNHD para o curso 2022-23 que se acompaña como ANEXO a este acta,** que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 04/06/2024

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2024-25.
4. Solicitudes de modificación de propostas de TFG.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 4 de xuño de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Daniel Presa Morales | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión desculpa a asistencia do profesorado Ángel Cobos, Olga Díaz e Rosa Peña e tamén indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 02/05/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana indica que nesta ocasión non hai informes.

3. **Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o vindeiro curso 2024-25.**

A decana indicou que, como cada curso académico, os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador, o cal informou dos principais cambios realizados e incidencias, indicando que neste momento non se atopa pendente de resolver ningunha.

O representante do alumnado Daniel, suxeriu que, dado que o Grao está vinculado ás ciencias da saúde, sería de moito interese contar cunha nova materia sobre formación humana ou polo menos incorporar algúns temas relacionados con isto nalgunha das materias. A decana indicou que probablemente para o vindeiro curso se acometa a modificación do Grao e farase unha revisión de todas as materias e tamén se tratará de incorporar formación neste sentido.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2024-25 do Grao en Nutrición Humana e Dietética,** sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

4. **Solicitudes de modificación de propostas de TFG.**

A decana informou de que algunhas solicitudes cursadas ao Comité de Bioética da USC vinculadas á realización de traballos fin de grao, tiveron informe desfavorable, recibido nestes últimos días. Sinalou que a dilación na subsanación das solicitudes por parte do alumnado retrasou o seu traslado polo centro ao Comité de Bioética, e unido a que o propio Comité se retrasou bastante na súa resposta fixo que o alumnado con informe desfavorable xa non dispuxera de prazo para modificar as súas propostas de TFG co obxecto de poder reorientar a elaboración do mesmo.

Como consecuencia de todo isto, o alumnado manifestou a súa preocupación e remitiu ao decanato, aínda que fóra do prazo establecido para os que defendan o TFG en xullo, as solicitudes de modificación de propostas TFG, dada a excepcionalidade producida nesta ocasión.

A continuación a decana deu lectura as modificacións das propostas de TFG presentadas polo alumnado e finalmente os asistentes decidiron, con carácter excepcional e co obxecto de non causar graves prexuízos ao alumnado, **aceptar por asentimento as propostas modificadas de TFG** que implican, na súa meirande parte, cambios no título, resumo ou plan de traballo e

cronograma pero non modifican titores ou cotitores e son as seguintes:

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Lopez Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados: prácticas correctas en xeaderías. |
| Pereiro Nogueira, Juan | Efectos da Nutrición na Recuperación e Prevención de Lesións en judokas |
| Picallo Gómez, Yanira | Alerxias alimentarias en educación infantil, principais alérxenos e o seu correcto etiquetado. |
| Suárez Vilches, José Manuel | Patróns de consumo alimentario en poboación infanto-xuvenil que práctica deporte |
| Valíña Seijas, Lucía | O beneficio da Dieta Atlántica no deporte |

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

A SECRETARIA

Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 28/06/2024

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
5. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 28 de xuño de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión desculpa a asistencia do profesorado Jesús Casabiell, e Ángeles Romero e tamén indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/06/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana indica que nesta ocasión non hai informes. E neste punto tan só informou aos asistentes da necesidade de indicar, nos informes de seguimento do TFG que elaboran os titores, o resultado da comprobación do TFG coa ferramenta antiplaxio Turnitin.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2023-24.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polo alumnado é a seguinte:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Acuña Piñeiro, Sara | Prevención da dermatite atópica modulando a microbiota materna durante a xestación |
| 2 | Aguiar López, Mª Del Carmen | Manexo nutricional da mucosite causada polos tratamentos oncolóxicos |
| 3 | Bermudez Pillado, Lara | Influencia dos estróxenos na absorción do calcio e na saúde ósea feminina |
| 4 | De Lorenzo Serrano, Lucia | É a kombucha unha alternativa ao consumo de bebidas comerciais? |
| 5 | Fernandez Gandara, Paula | A publicidade: Amiga ou inimiga da alimentación saudable? |
| 6 | Fernández Paz, Laura | Avaliación da dieta de mulleres deportistas na modalidade de remo de banco fixo |
| 7 | Fernández Verba, Irene Paula | Esofaxite eosinofílica |
| 8 | Linares Rey, Paula | A microbiota intestinal e a súa relación coa saúde e coa enfermidade |
| 9 | López Blanco, Lucía | Influencia do glute na saúde da poboación e formulación dunha galleta salgada gluten free. |
| 10 | López Gago, Marta | Educación nutricional no paciente candidato a cirurxía bariátrica |
| 11 | Lopez Oujo, Andrea | Alérxenos en xeados: prácticas correctas en xeaderías |
| 12 | López Seijas, Nerea | Recomendacións dietéticas para o manexo da inmunoterapia contra o cancro |
| 13 | Parada Barral, Iván | Requisitos enerxéticos e distribución de macronutrientes no fútbol |
| 14 | París Lago, Daniel | Papel modulador dos ácidos grasos de cadena corta producidos pola microbiota intestinal na artritie reumatoide |
| 15 | Pereiro Nogueira, Juan | Efectos da Nutrición na Recuperación e Prevención de Lesións en Judokas |
| 16 | Pérez Bañobre, Paloma | Proxecto de educación nutricional para a prevención do cancro colorrectal de inicio precoz |
| 17 | Picallo Gómez, Yanira | Alerxias alimentarias en educación infantil, principais alérxenos e o seu correcto etiquetado. |
| 18 | Rivera Balsa, Alba | Nutrición aplicada a pacientes con déficit de DAO |
| 19 | Sambad-Baliña Durán, Oliver | O papel da nutrición na rehabilitación de lesións musculoesqueléticas |
| 20 | Sanjurjo Novo, Araceli | Alimentación saudábel en persoas cuxos recursos se basean no Banco de Alimentos |
| 21 | Turrión San Pedro, Rubén | Microbiota bacteriana: saúde e enfermidade |
| 22 | Valíña Seijas, Lucía | O beneficio da Dieta Atlántica no deporte |
| 23 | Varela Díaz, Lucía | Sobrepeso e obesidade en embarazo |

A continuación, a decana cedeu a palabra ao coordinador do TFG para que fixera a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de defensa posibles o 15 ou 16 de xullo:

| TRIBUNAL Nº1 | SUPLENTES TRIBUNAL Nº1 |
|---|---|
| **Presidente/a:** Luis Alberto Ramil Novo<br>**Vocal:** Beatriz Isabel Vázquez Belda<br>**Secretario/a:** Luzía González Oca | Jesús Eulogio Blanco Álvarez<br>Carlos Manuel Franco Abuín<br>Jesús Antonio Casabiell Pintos |
| **Alumnos asignados:** do 1 ao 8 | |
| **TRIBUNAL Nº2** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Presidente/a:** José Vázquez Tato<br>**Vocal:** Ángel Cobos García<br>**Secretario/a:** Laura Rodríguez Silva | Rebeca Alvariño Romero<br>José Blanco Méndez<br>Pablo Cabezas Sainz |
| **Alumnos asignados:** do 9 ao 16 | |
| **TRIBUNAL Nº3** | **SUPLENTES TRIBUNAL Nº2** |
| **Presidente/a:** Mª Mercedes Rodríguez Vieytes<br>**Vocal:** Bernardo Valdes Paços<br>**Secretario/a:** Alexandre Lamas Freire | Mª Mercedes Camiña García<br>Alejandra Cardelle Cobas<br>Juan Ángel Díaz Pazos |
| **Alumnos asignados:** do 17 ao 23 | |

Os asistentes **acordan por asentimento aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de xullo do curso 2023-2024, segundo a táboa precedente**.

4. **Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.**

A decana informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GNHD, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por asentimento para o vindeiro curso a proposta de liñas temáticas de TFG para o GNHD que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA | A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 03/09/2024

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 3 de setembro de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Ramiro Barcia Vieitez | Presidente e responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Daniel Presa Morales | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental. Tamén indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago, e que desculpa a asistencia de Olga Díaz Rubio, Ángel Cobos e Rosa Mª Peña. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 28/06/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

O presidente informou aos asistentes da celebración durante esta semana no centro do Curso de Verán *“Abordaxe nutricional personalizada do deportista de alto rendemento”*.

3. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

O presidente indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2023-24.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polo alumnado é a seguinte:

| Nº | ALUMNO/A | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Alonso Abalde, Henar | Utilidade de suplementos queimagraxas para a perda de peso |
| 2 | Er-rakkab El Foukali, Ayoub | Efectos cardiovasculares das bebidas enerxéticas |
| 3 | González Tumbeiro, Uxía | Influencia das redes sociais nos hábitos alimentarios. |
| 4 | Hernández Aguilar, Oriana | Estratexias nutricionais para modular a microbiota intestinal na enfermidade celíaca. |
| 5 | Muiños López, María | Factores familiares asociados á anorexia nerviosa |
| 6 | Redondo Redondo, Sara | O desafío da alimentación na vellez |

A continuación, o presidente deu lectura a proposta de tribunal de avaliación feita polo coordinador do TFG, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de defensa posibles o 12 ou 13 de setembro:

| TRIBUNAL | SUPLENTES TRIBUNAL Nº1 |
|---|---|
| **Presidente/a:** Miguel Blanco Álvarez<br>**Vocal:** Carolina Graciela Nebot García<br>**Secretario/a:** Luzía González Oca | Jesús Eulogio Blanco Álvarez<br>María Lourdes Vázquez Odériz<br>Rebeca Alvariño Romero |

Os asistentes **acordan por asentimento aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2023-2024, segundo a táboa precedente**.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE — A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez — Asdo.: Concepción Gay González

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 02/10/2024

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Actas consolidadas curso 2023-24.
4. Proposta de publicación de TFG 2023-24 no repositorio institucional da USC (Minerva).
5. Calendario convocatoria de fin de carreira 2024-25.
6. Rogos e preguntas.

Ás 12:45 do día 2 de outubro de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión desculpa a asistencia do representante do alumnado, Daniel Presa, e tamén indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/09/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana indica que nesta ocasión non hai informes.

3. **Actas consolidadas curso 2023-24.**

A decana indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2023-24, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado e as súas cualificacións, as mencións de "matrícula de honra" se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén ao que corresponde renuncia. A decana tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de "matrícula de honra" corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

A continuación o coordinador do TFG indicou que se puxera en contacto cos distintos tribunais de avaliación do curso 2023-24 e transmitiu aos membros as súas consideracións.

Neste curso polo nº de alumnado matriculado correspondería outorgar 2 matrículas de honra, pero despois de contactar cos distintos tribunais e á vista das cualificacións obtidas polo alumnado, non se pode establecer unha prelación clara entre o alumnado cualificado, motivo polo cal a comisión decidiu por unanimidade **non outorgar esta mención no curso 2023-24**.

4. **Proposta de publicación de TFG 2023-24 no repositorio institucional da USC (Minerva).**

A decana informou de que a normativa de TFG recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes sobre os TFG defendidos, finalmente **acordaron por unanimidade, para os TFG do curso 2023-24, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron unha cualificación igual ou superior a 9,5 puntos**, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación, o cal afecta a un total de 9 estudantes.

5. **Calendario convocatoria de fin de carreira 2024-25.**

A decana informou de que neste momento xa se confirmaron solicitudes para a convocatoria fin de carreira de dúas materias do GNHD e de que cabe a posibilidade de que algún estudante máis a poda solicitar.

Tendo en conta o indicando os asistentes **acordan por unanimidade delegar na decana para que fixe a data de celebración da convocatoria fin de carreira**, tratando de atopar datas de consenso entre o profesorado e o alumnado sempre que sexa posible.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 20/11/2024

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas curso 2025-26.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Convocatoria de Prácticum, curso 2024-25.
6. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 20 de novembro de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión desculpa a asistencia do profesorado Ramiro Barcia, Rosa Peña e Ángel Cobos. Tamén indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago e a estudante Victoria Fernández Menéndez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 02/10/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana indica que nesta ocasión non hai informes.

3. **Oferta de prazas curso 2025-26.**

A decana informa que a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2025-2026 nas titulacións de grao.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

En consecuencia, solicítase que dende o centro se comunique á Vicerreitoría as propostas de oferta de prazas para as titulacións de grao das que son responsables ata as 14:00 horas do 29 de novembro de 2024. No mes de marzo as universidades do SUG deberán comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a proposta de prazas a ofertar para a súa análise e aprobación.

Tal e como se comunicou nunha reunión coa VR de Titulacións, este curso anticípase de xeito xeral asuntos relacionados coas titulacións oficiais, entre outros, a oferta de prazas coa idea de aprobala no Consello de Goberno de final de ano para comunicala con tempo suficiente á Secretaría Xeral de Universidades.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento**, para o Grao en Nutrición Humana e Dietética, **manter** para o curso 2025-26 a oferta de prazas do curso actual: **60 prazas ordinarias, 6 cota de traslados nacionais e 3 de cota para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros**.

4. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

A presidenta informa de que hai 79 estudantes matriculados no TFG no momento actual no curso 2024-25, dos cales 17 xa teñen proposta aprobada en comisións pasadas, das que 1 se atopa caducada quedando sen efectos, 3 solicitan modificación das aprobadas anteriormente e 16 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión.

De todas as propostas presentadas 1 vai a precisar informe do Comité de Ética polo que fixo a correspondente solicitude que será resolta pola Comisión de avaliación previa dos traballos académicos da Facultade de Ciencias no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou datos persoais, recentemente aprobada pola Xunta de Facultade.

A continuación foi dando lectura ás propostas presentadas, ás motivacións das modificacións e informou das incidencias producidas en 4 propostas (Pérez González, Presa Morales, Rey Pérez

e Sánchez Vázquez) ás que lles faltaba a firma dalgún cotitor ou que tiñan titorizacións incorrectas e que foi preciso substituír por outras propostas corrixidas.

Finalmente, os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Babío Prada, Alejandro | O xaxún, beneficios e contraindicacións |
| Blanco Gómez, Fernando | Avaliación do Perfil Lipídico e Control Glicémico en Pacientes Diabéticos: Un Estudo Poboacional. |
| Castro Castro, Isabel | Insuficiencia pancreática exocrina no adulto: causas principais, diagnóstico, tratamento e recomendacións dietéticas |
| Ferris García, Daniel | Antioxidantes e mellora do rendemento deportivo: ¿Mito ou realidade? |
| Franco Gulias, Ainoa | Estudo da adecuación nutricional e prevalencia de menús especiais en centros escolares públicos e privados |
| Iglesias Vázquez, Uxía | Requirimentos normativos e biolóxicos das fórmulas infantís de inicio comercializadas en España |
| Martín Reija, Inés | Impacto do estilo de vida na función renal: Un enfoque integral (dieta, actividade física, suplementación e consumo de antiinflamatorios) |
| Maseda Braña, Yoel | Dieta vexetariana na enfermidade renal crónica. |
| Méndez García, Antón | Modelos de evolución temporal do cambio de peso en humanos |
| Moledo Quintáns, Leticia | Péptidos opioides de orixe alimentaria e a súa relación co trastorno do espectro autista |
| Moreno Lorenzana, Carlota | Insectos na nutrición humana |
| Pérez González, Anaís | Guía alimentaria para embarazadas vexetarianas galegas |
| Permuy Pardo, Juan Ramón | Nutrición e lesión medular |
| Presa Morales, Daniel | O efecto da soia sobre a saúde humana |
| Rey Pérez, Sara | Estimación da prevalencia de exceso de peso en poboación infantil española |
| Sánchez Printes, Ainhoa | Avaliación nutricional de menús no Camiño de Santiago |
| Sánchez Vázquez, Ángela | Avaliación do estado nutricional dos pacientes en tratamento con fármacos análogos do GLP-1 e posibles intervencións a realizar |
| Vicho De la Fuente, Mónica | Lactancia materna exclusiva e microbiota do lactante: Importancia para a saúde |
| Vilas Campos, Irene | Proposta dun programa de formación nutricional en residencias xeriátricas |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2024-25 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | DATA AP. | ALUMNADO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 12/04/2024 | Álvarez Moldes, Alejandro | Pautas de hidratación e rendemento deportivo no fútbol | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 2 | 20/11/2024 | Babío Prada, Alejandro | O xaxún, beneficios e contraindicacións | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 100% | | | | | | |
| 3 | 12/04/2024 | Bertólez Oliveros, Cristina | Avaliación da Alfabetización Nutricional nunha mostra da poboación Lucense | Patricia Regal López | 640 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | | | |
| 4 | 20/11/2024 | Blanco Gómez, Fernando | Avaliación do Perfil Lipídico e Control Glicémico en Pacientes Diabéticos: Un Estudo Poboacional. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Aroa López Santamarina | 640 | 50% | | | |
| 5 | 12/04/2024 | Castedo Lobato, Elisa | Optimización do rendemento deportivo en deportes de forza a través dunha alimentación vexetal: perspectivas, evidencias e estratexias nutricionais | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 6 | 20/11/2024 | Castro Castro, Isabel | Insuficiencia pancreática exocrina no adulto: causas principais, diagnóstico, tratamento e recomendacións dietéticas | Ramiro Barcia Vieitez | 060 | 100% | | | | | | |
| 7 | 12/04/2024 | Castro Parada, Martín | Explorando os Efectos Potenciadores da Cafeína no Rendemento Cognitivo | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 8 | 12/04/2024 | Esteban Domínguez, Xavier | Deseño e desenvolvemento dunha base de datos nutricional e ferramenta automatizada para a elaboración de menús en poboación española. | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 9 | 20/11/2024 | Ferris García, Daniel | Antioxidantes e mellora do rendemento deportivo: ¿Mito ou realidade? | Ramiro Barcia Vieitez | 060 | 100% | | | | | | |
| 10 | 12/04/2024 | Fraga Periscal, Irene | Proxecto de educación nutricional para a prevención da obesidade infantil no ámbito rural en Carballo | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 11 | 20/11/2024 | Franco Gulias, Ainoa | Estudo da adecuación nutricional e prevalencia de menús especiais en centros escolares públicos e privados | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Aroa López Santamarina | 640 | 50% | | | |
| 12 | 12/04/2024 | Garda Ponte, Candela | Estratexias nutricionais para a prevención e manexo da enfermidade de Alzheimer | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | | | |
| 13 | 30/06/2023 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | | | |
| 14 | 20/11/2024 | Iglesias Vázquez, Uxía | Requirimentos normativos e biolóxicos das fórmulas infantís de inicio comercializadas en España | Patricia Regal López | 640 | 50% | Nerea González Rodríguez | 640 | 50% | | | |
| 15 | 20/11/2024 | Martín Reija, Inés | Impacto do estilo de vida na función renal: Un enfoque integral (dieta, actividade física, suplementación e consumo de antiinflamatorios) | Asteria Mª Luzardo Álvarez | 310 | 100% | | | | | | |
| 16 | 25/04/2023 | Martínez Suárez, Diego | Potencial efecto ergoxénico dos probióticos nos deportes de resistencia. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 17 | 20/11/2024 | Maseda Braña, Yoel | Dieta vexetariana na enfermidade renal crónica. | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 100% | | | | | | |
| 18 | 20/11/2024 | Méndez García, Antón | Modelos de evolución temporal do cambio de peso en humanos | José Vázquez Tato | 755 | 100% | | | | | | |
| 19 | 20/11/2024 | Moledo Quintáns, Leticia | Péptidos opioides de orixe alimentaria e a súa relación co trastorno do espectro autista | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 20 | 20/11/2024 | Moreno Lorenzana, Carlota | Insectos na nutrición humana | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | Laura Isabel Sinisterra Loaiza | G2071 | 50% | | | |
| 21 | 12/04/2024 | París Lago, Daniel | Papel modulador dos ácidos grasos de cadena corta producidos pola microbiota intestinal na artritie reumatoide | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 22 | 12/04/2024 | Patao García, Tamara | Evidencias da relación entre a inxesta de lácteos e o acné vulgar. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 23 | 20/11/2024 | Pérez González, Anaís | Guía alimentaria para embarazadas vexetarianas galegas | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Sara Rivas Pereira | G2071 | 50% | | | |
| 24 | 20/11/2024 | Permuy Pardo, Juan Ramón | Nutrición e lesión medular | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 25 | 20/11/2024 | Presa Morales, Daniel | O efecto da soia sobre a saúde humana | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Luis Cabañas Alite | G2071 | 50% | | | |
| 26 | 20/11/2024 | Rey Pérez, Sara | Estimación da prevalencia de exceso de peso en poboación infantil española | Cristina Candal Pedreira | 615 | 100% | | | | | | |
| 27 | 12/04/2024 | Riveiro Martínez, Yago | Nutrición en cancro estróxeno positivo. | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 28 | 12/04/2024 | Rubio Laiz, Irene | Estilos de vida e hábitos alimentarios na fertilidade | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 29 | 20/11/2024 | Sánchez Printes, Ainhoa | Avaliación nutricional de menús no Camiño de Santiago | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 30 | 20/11/2024 | Sánchez Vázquez, Ángela | Avaliación do estado nutricional dos pacientes en tratamento con fármacos análogos do GLP-1 e posibles intervencións a realizar | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 50% | Miguel Ángel Martínez Olmos | 610 | 50% | | | |
| 31 | 12/04/2024 | Soutiño Ramírez, Carmen Victoria | Elaboración dunha guía nutricional para pacientes oncolóxicos | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Antía Pérez Vázquez | G2071 | 50% | | | |
| 32 | 12/04/2024 | Suárez Vilches, José Manuel | Patróns de consumo alimentario en poboación infanto-xuvenil que práctica deporte | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Laura Sas Barbeito | G2071 | 50% | | | |
| 33 | 12/04/2024 | Valerio López, Clara | Estratexias nutricionais para a abordaxe da disfunción mitocondrial nas enfermidades crónicas non transmisibles | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 34 | 20/11/2024 | Vicho De la Fuente, Mónica | Lactancia materna exclusiva e microbiota do lactante: Importancia para a saúde | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% | Margarita Aguilera Gómez | G2071 | 25% | Alicia Ruiz Rodríguez | G2071 | 25% |
| 35 | 20/11/2024 | Vilas Campos, Irene | Proposta dun programa de formación nutricional en residencias xeriátricas | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |

A presidenta informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G2071) e se publicará no taboleiro electrónico as propostas aceptadas.

## 5. **Convocatoria de Prácticum, curso 2024-25.**

A decana informou de que ao igual que en cursos pasados é preciso aprobar e publicar a convocatoria de Prácticum para o curso 2024-25 da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación cedeu a palabra á coordinadora do Prácticum que

informou das prazas dispoñibles que ascenden arredor das 80 á espera de que se confirmen algunhas, salientando a oferta deste curso do SERGAS cun elevado número de prazas nos centros de saúde de atención primaria das zonas de Vigo e da Coruña e sen oferta en Lugo, salvo polas tradicionais prazas do HULA.

Finalmente tras os comentarios oportunos, os asistentes **aprobaron** por asentimento a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o Prácticum do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética para o curso 2024-25 a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén acordaron por asentimento **autorizar á decana** a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e, **delegar** na decana a elaboración e publicación das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión. Adicionalmente tamén acordaron por unanimidade para o caso de que se produza **empate** na asignación de prazas ao alumnado, que este se dirima tendo en conta o criterio indicado na Resolución do 13 de febreiro de 2012 da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a publicidade do acordo da comisión de seguimento do protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos, segundo a cal en primeiro lugar terá preferencia o alumnado que teña no seu expediente académico un maior número de matrículas de honra, de persistir o empate terase en conta a continuación o maior nº de sobresaíntes e así sucesivamente co resto de cualificacións.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A PRESIDENTA | A SECRETARIA |
| Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez | Asdo.: Concepción Gay González |

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 08/01/2025

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticum, curso 2024-25, reclamacións á lista provisional.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:15 do día 8 de xaneiro de 2025 reúnense na aula 2 da planta baixa do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Laura Saavedra García | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 20/11/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informa de que se remitirá a convocatoria para a solicitude de realización de prácticas de campo para o segundo semestre deste curso 2024-25, recentemente recibida..

3. **Convocatoria de Prácticum, curso 2024-25, reclamacións á lista provisional.**

A presidenta informa de que tras a publicación da convocatoria, finalizado o período de solicitudes e publicada a lista provisional de asignación de destinos do Prácticum 2024-25, recibiuse no período correspondente dúas reclamacións. A primeira da estudante Laura Barreiro que solicita, no caso de que quedara libre por renuncia ou por outra circunstancia, unha praza na cidade de Lugo dadas as dificultades para o desprazamento ou para o aluguer dunha vivenda noutra cidade. No caso de que isto non sexa posible prefire quedar ca praza que ten adxudicada neste momento. A segunda da estudante Ángela Sánchez que por motivos laborais e ante a posibilidade que lle ofertaron de compatibilizar o traballo coa realización do Prácticum solicita por orde de preferencia tres destinos próximos ao seu lugar de traballo, en prazas non asignadas a ningún estudante, que lle permitirían levar a cabo esta compatibilización.

Tras a revisión das reclamacións os asistentes acordaron por asentimento no caso da estudante Laura Barreiro **non outorgarlle praza na cidade de Lugo ao non dispoñer de prazas libres** e no caso da estudante Ángela Sánchez **aceptar o cambio proposto pola estudante e asignarlle a praza solicitada no primeiro lugar, a número 36 SERGAS** que se atopa libre. Derivado destes cambios, acordan por asentimento aprobar a lista definitiva de asignación de destinos que se acompaña como ANEXO a este acta e se publicará no taboleiro electrónico da USC e na intranet da Facultade.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e prace

A presidenta — A secretaria

Asteria Mª Luzardo Álvarez — Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

# Acta da Comisión de Título
## Reunión ordinaria: 03/02/2025

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2025-26.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 3 de febreiro de 2025 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Alicia Collazo Calvo | Estudante | P |
| Laura Saavedra García | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que desculpa asistencia os profesores Juan A. Díaz, Rosa Peña e Ángeles Romero e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 08/01/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informa de que está previsto que no mes de setembro teña lugar na Facultade a 3ª edición do curso da Universidade de Verán 2025 *"Abordaxe nutricional personalizada do deportista de alto rendemento"*, que terá lugar os días 4 e 5 sendo a súa duración de 16 horas.

Neste sentido a profesora Lourdes Vázquez informou tamén de que tamén está previsto outro curso da Universidade de Verán 2025 denominado *"Oncoloxía integrativa (VII). Humanizar a asistencia e promover unha atención integral centrada na persoa"*, que terá lugar do 14 ao 17 de xullo en Oia (Pontevedra) con unha duración de 30 horas.

3. **PDA curso 2025-26.**

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2025-26 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. Unha vez revisado, foi remito tanto ao PDI como aos departamentos co obxecto de que fixeran as propostas de modificación que consideraran oportunas. Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos, propóñense as seguintes modificacións:

- Solicitude de creación dun grupo adicional de PDA de docencia interactiva de laboratorio para a materia G2071103 Bioloxía Humana (pasando de 3 a 4) por razóns organizativas para igualar o número de grupos de todas as materias do 1º curso 1º semestre.
- Solicitude de retirada da oferta para o curso 2025-26, a solicitude do Departamento, da materia G2071445 Fisicoquímica de Alimentos e de Procesos Biolóxicos impartida pola Área 755 de Química Física, polo reiterado baixo número de matriculados, a cal se intentará substituír por outra materia que resulte axeitada para a titulación de cara a cursos seguintes. Os representantes do estudantado na comisión, tanto nesta sesión como en outras anteriores, manifestaron o seu interese en incluír algunha materia optativa con un perfil máis clínico e podería facerse, xa que o título foi implantado no curso 2010-11 e parece axeitado tratar de adaptalo e tratar de melloralo no posible.
- Na materia G2071424 Prácticum introduciuse na liña de centro a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2024-25 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título.
- Na materia G2071425 Traballo Fin de Grao introduciuse na liña de centro a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2023-24 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2025-26 da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

4. **Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.**

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2024-25.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os que se indican a continuación:

| Nº | ESTUDANTE | TITULO DO TFG |
|---|---|---|
| 1 | Blanco Gómez, Fernando | Avaliación do Perfil Lipídico e Control Glicémico en Pacientes Diabéticos: Un Estudo Poboacional. |
| 2 | Castro Parada, Martín | Explorando os Efectos Potenciadores da Cafeína no Rendemento Cognitivo |
| 3 | Garda Ponte, Candela | Estratexias nutricionais para a prevención e manexo da enfermidade de Alzheimer |
| 4 | Martínez Suárez, Diego | Potencial Efecto Ergoxénico dos Probióticos en Deportes de Resistencia |
| 5 | París Lago, Daniel | Papel modulador dos ácidos grasos de cadena corta producidos pola microbiota intestinal na artritie reumatoide |

A continuación, o coordinador do TFG fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta as incompatibilidades do profesorado para actuar como membro de tribunal e como titor/cotitor de TFG, sendo as datas de presentación posibles o 12 ou 13 de febreiro:

| TRIBUNAL | SUPLENTES TRIBUNAL |
|---|---|
| **Presidenta:** Mª Ángeles Romero Rodríguez | Rebeca Alvariño Romero |
| **Vocal:** Mª Lourdes Vázquez Odériz | Jesús Eulogio Blanco Álvarez |
| **Secretario:** Jorge Proupín Castiñeiras | Cristina Candal Pedreira |

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2024-2025, segundo a táboa precedente**.

5. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e prace

A presidenta — A secretaria

Asteria Mª Luzardo Álvarez — Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 07/03/2025

## Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Valoración da Comisión en relación á emisión de informe por reclamación recibida na Oficina de Análise das Reclamacións (OAR).
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 7 de marzo de 2025 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Rosa Mª Peña Crecente | Coordinadora do módulo Hixiene, Seguridade Alimentaria e Xestión da Calidade | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Beatriz Vázquez Belda | Coordinadora do módulo Saúde Pública e Nutrición Comunitaria | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez | Coordinadora de Prácticas Externas (Prácticum) | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Alicia Collazo Calvo | Estudante | P |
| Laura Saavedra García | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/02/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informa de que nesta ocasión non hai informes.

3. **Valoración da Comisión en relación á emisión de informe por reclamación recibida na Oficina de Análise das Reclamacións (OAR).**

A decana indica que o pasado 20 de xaneiro recibiuse no decanato do centro unha queixa anónima dun o dunha estudante remitida desde a Oficina de Análise das Reclamacións, co obxecto de que sexa emitido o informe sobre a mesma que indica a normativa aplicable. A continuación deu lectura ao resumo sinalado polo/a estudante no correo recibido e indicou que o seu contido era moi extenso, que algunhas partes da mesma non era posible amosalas por conter datos persoais do profesorado que as imparte, polo que amosou na pantalla aos asistentes só algunhas partes.

A continuación indicou que a reclamación foi remitida a cada docente, na parte que lle afectaba, co obxecto de que fixeran un informe detallado en relación as cuestións propostas polo/a estudante. Tamén informou de que nas materias afectadas non se detectaron irregularidades ou incidencias destacables ao longo destes cursos e as programacións docentes foron aprobadas no prazo correspondente tanto polo departamento afectado como polo centro. Adicionalmente sinalou que o contido dos informes feitos polo profesorado non era posible difundilos entre os membros polos motivos xa anteriormente indicados.

Despois desta explicación da decana, os asistentes foron intervindo e indicando as súas distintas opinións sobre este punto da orde do día. A maior parte dos asistentes declinaron facer unha valoración en relación á emisión do informe para a OAR por considerar que o profesorado implicado é o que ten un coñecemento máis polo miúdo das materias, os seus contidos e dos materiais e metodoloxías que utilizan na docencia.

Finalmente os asistentes acordaron por asentimento non facer unha valoración sobre á emisión do informe a enviar á Oficina de Análise de Reclamacións e remitirlles nada máis os informes do profesorado para que resolvan a reclamación.

4. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e prace

A presidenta | A secretaria

Asteria Mª Luzardo Álvarez | Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

# Acta da Comisión de Título

## Reunión ordinaria: 27/03/2025

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2025-26.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Recoñecemento de créditos: procedemento, solicitudes e nova normativa.
6. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 27 de marzo de 2025 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

## Relación de asistentes

| | | |
|---|---|---|
| Asteria Mª Luzardo Álvarez | Decana | P |
| Ramiro Barcia Vieitez | Responsable de Calidade do Centro | P |
| Jesús Casabiell Pintos | Coordinador de Título | P |
| Juan A. Díaz Pazos | Coordinador do módulo de Formación Básica e coordinador do 1º curso | P |
| Olga Díaz Rubio | Coordinadora do módulo Ciencias dos Alimentos e coordinadora do 2º curso | P |
| Mª Lourdes Vázquez Odériz | Coordinadora do módulo de Ciencias da Nutrición, a Dietética e a Saúde e do 3º curso | P |
| Ángel Cobos García | Coordinador do Traballo Fin de Grao e 4º curso | P |
| Concepción Gay González | Membro do PAS e Secretaria | P |
| Alicia Collazo Calvo | Estudante | P |

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que desculpa a asistencia dos representantes do profesorado, Beatriz Vázquez, Mª Ángeles Romero e Rosa Mª Peña e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/03/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informa de que nesta ocasión non hai informes.

3. **Proposta de horarios para o curso 2025-26.**

A decana informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación agradeceu ao coordinador do título a súa implicación e dedicación na súa elaboración e organización xa que neste momento con 3 grados e 2 másteres implantados é unha tarefa moi complexa para conciliar espazos e dispoñibilidade do profesorado que imparte en distintos centros.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, o cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días.

Tras revisar e analizar detidamente todas as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2025-26 do Grao en Nutrición Humana e Dietética** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade, unha vez se inclúan algún cambios propostos nas últimas horas. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:
https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios

4. **Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

A presidenta informa de que hai 79 estudantes matriculados no TFG no momento actual no curso 2024-25, dos cales 5 defenderon o TFG no mes de febreiro, 28 xa teñen proposta aprobada en comisións pasadas, 2 solicitan modificación das aprobadas anteriormente, 43 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación e 1 non presentou proposta.

Tamén indica que de todas as propostas presentadas 5 realizaron solicitude de informe ao Comité de Ética que serán resoltas pola Comisión de avaliación previa dos traballos académicos da Facultade de Ciencias no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou datos persoais.

En relación a este asunto a decana informa de que é consciente da existencia algunha enquisa para a recollida de datos por parte de estudantes do grao sen o respaldo do informe do Comité de Ética. Recórdalles aos membros que tal e como se recolle na Resolución reitoral sobre o

procedemento de avaliación previa de traballos fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, os traballos de investigación realizados ao abeiro dos estudos ofertados pola USC que se realicen con seres humanos, as súas mostras ou os seus datos fóra do marco de proxectos de investigación, deberán ser avaliados e informados favorablemente, previamente á súa realización, polo Comité de Ética da USC, polo que é preciso que os titores asesoren axeitadamente aos estudantes co obxecto de que non se produzan este tipo de situacións que poden dar lugar a consecuencias importantes por incumprimento, entre outras, da normativa en materia de protección de datos.

Neste sentido o coordinador propón modificar o modelo de proposta de TFG co obxecto de que tanto titora/cotitora e estudantes indiquen de xeito específico se o traballo require a solicitude de informe ao Comité de Ética para que se manifeste polas partes implicadas un compromiso efectivo para levar a cabo correctamente este proceso. A decana indicou que se levará esta modificación do modelo a unha reunión da Comisión para a súa aprobación para o vindeiro curso.

A continuación foi dando lectura ás propostas presentadas e tamén ás motivacións recibidas das propostas que solicitan modificación.

Finalmente, os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| Alonso Barbeira, Iñaki | Guía de dietas para a poboación maior de 65 anos |
| Bande Grande, Aldara | Influencia do ciclo menstrual nas necesidades nutricionais e no rendemento deportivo |
| Barreiro Penelas, Laura | Abordaxe nutricional na enfermidade inflamatoria intestinal: evidencia e recomendacións |
| Bonilla Maestu, Darío | Estrés e decisións alimentarias: o papel da inxesta emocional |
| Bueno Morcillo, Marina | Guía para unha alimentación saudable en persoas con trastorno da conduta alimentaria Evitativo/Restritivo dentro do Trastorno do Espectro Autista |
| Campal Villamayor, Kitiara | Comparación nutricional do pan de abella de diferentes orixes |
| Comesaña González, Antía | Guía de alimentos comerciais para pacientes con disfaxia segundo o estándar IDDSI |
| Conde García, Uxía | Patróns alimentarios do paciente con Trastorno de Ansiedade Xeneralizada (TAX) e abordaxe nutricional |
| Criado Prieto, Roberto | Optimización da dixestión in vitro para alimentos ricos en almidón. |
| Esshaibi Bayoud, Hoda | Alimentos fermentados e o seu impacto na saúde mental |
| Figueira Rodríguez, Aday | Presenza de fármacos nas augas de consumo en España |
| Freire Ruíz, David | Abordaxe nutricional diferencial basado na evidencia en EII, SII e SIBO |
| Freiria Álvarez, Iago | Entomofaxia: aceptación en Galicia |
| García Gómez, María Belén | Ecotipo de trigo e tempo de almacenamento en conxelación: impacto na calidade sensorial e aceptación do pan galego |
| García Hernández, Adrián | Nanotecnoloxía e biodispoñibilidade de nutrientes: aplicacións na mellora da absorción de suplementos e alimentos funcionais |
| García Poza, Alba | Nutrición e Tiroiditis de Hashimoto: Estratexias Baseadas na Evidencia para Optimizar a Función Tiroidea |
| Girondo Álvarez, Ainhoa | Deficiencias nutricionais en alerxias alimentarias e recomendacións dietéticas para afrontalas. |
| González Couce, Nerea | Influencia da nutrición na calidade do descanso e o seu impacto nos trastornos do sono. |
| González López, Paula | O xaxún intermitente e os seus efectos na microbiota intestinal humana |

| Nome e Apelidos | Título do TFG |
|---|---|
| González Pazos, Samuel | A enfermidade de Alzheimer como trastorno neuroendocrino: Enfoque nutricional da Diabetes Mellitus Tipo 3. |
| Hermo Romero, Mario | Deportes de resistencia e diabetes tipo 1. Dispositivos de monitoreo continuo da glucosa e xestión nutricional |
| Lama Vynogradova, Erika | O concepto 'dos xenes ao prato' como estratexia práctica na prevención e abordaxe da obesidade e as cardiopatías. |
| Llopiz Llovo, Lola Meng | Estratexias nutricionais na prevención e recuperación de lesións de xeonllo |
| Martínez Crugeiras, Iria | Dieta Mediterránea e Antioxidantes: Beneficios sobre a Saúde Metabólica e a Prevención de Enfermidades |
| Martínez Rodríguez, Pablo | Dieta antiinflamatoria aplicada ao ámbito deportivo. |
| Méndez Sánchez, Esperanza María | Determinación In Vitro da Dixestibilidade do Amidón e do Índice Glicémico de Diferentes Tipos de Pans do Mercado Galego |
| Mosquera Rodríguez, Alba | Guía alimentaria: Baby Led Weaning |
| Muiños Cotelo, Inés | Valoración dos menús das cafeterías das universidades |
| Naveiras Alba, Mario | Educación nutricional para pacientes ostomizados |
| Páez Rodríguez, Ana | A alimentación como ferramenta para o tratamento da dor crónica. |
| Rey Pérez, Sara | Análise da relación entre o peso autopercibido e o estado ponderal en población galega |
| Rivas de esteban, Dolly Cecilia | Evaluación nutricional e tendencias de consumo na oferta gastronómica dun hotel: almorzo e cea |
| Rivas Salgueiro, Laura | Deseño dunha intervención nutricional na tiroiditis de Hashimoto: Da evidencia científica á práctica clínica |
| Riveiro González, Olga | Nutrición, microbiota intestinal e Alzheimer: unha aproximación desde a neurociencia e a saúde dixestiva. |
| Rodríguez Santos, Clara | Implementación dunha práctica de laboratorio sobre a eficacia antioxidante en alimentos e bebidas utilizando a reacción oscilante de Briggs-Rauscher. |
| Ruíz Ramos, Olalla | Alimentación penal: Percepción e satisfacción das persoas privadas de liberdade. |
| Santomé Moares, Noa | A importancia do complexo vitamínico B na saúde e rendemento de deportistas adolescentes |
| Soto Areal, María | Horarios laborais e o seu impacto sobre os hábitos alimentarios e a saúde. |
| Torrense Pérez, Génesis Andreína Diana Coromot | O papel da nutrición no tratamento da síndrome de ovario poliquístico: unha revisión de estratexias dietéticas e cambios de estilo de vida |
| Valdés Gil, Patricia | O papel do RASFF na protección da saúde pública ante o uso da noz de areca |
| Valle Fernández, Lorena | Características das intervencións comunitarias sobre o consumo de bebidas alcoholicas nos estudantes universitarios: unha revisión exploratoria |
| Valmaseda Amezaga, Cecilia | Desnutrición hospitalaria: papel do Dietista - Nutricionista. |
| Vázquez Collazo, Iván | O rol da nutrición no rendemento deportivo no baloncesto profesional |
| Vilas Campos, Irene | Aproximación nutricional a paciente con insuficiencia renal crónica en fase de prediálise |
| Zafra Bugallo, David | Metabolismo do Ferro Hemo e a súa Posible Implicación no Desenvolvemento do Cancro Colorrectal |

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2024-25 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

| Nº | ESTUDANTADO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Alonso Barbeira, Iñaki | Guía de dietas para a poboación maior de 65 anos | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Gabriel Míguez Suárez | G2071 | 50% | | | |
| 2 | Álvarez Moldes, Alejandro | Pautas de hidratación e rendemento deportivo no fútbol | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 3 | Babío Prada, Alejandro | O xaxún, beneficios e contraindicacións | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 100% | | | | | | |
| 4 | Bande Grande, Aldara | Influencia do ciclo menstrual nas necesidades nutricionais e no rendemento deportivo | Pablo Cabezas Sáinz | 410 | 100% | | | | | | |
| 5 | Barreiro Penelas, Laura | Abordaxe nutricional na enfermidade inflamatoria intestinal: evidencia e recomendacións | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 6 | Bertólez Oliveros, Cristina | Avaliación da Alfabetización Nutricional nunha mostra da poboación Lucense | Patricia Regal López | 640 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | | | |
| 7 | Blanco Gómez, Fernando | Avaliación do Perfil Lipídico e Control Glicémico en Pacientes Diabéticos: Un Estudo Poboacional. | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Aroa López Santamarina | 640 | 50% | | | |
| 8 | Bonilla Maestu, Darío | Estrés e decisións alimentarias: o papel da inxesta emocional | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 9 | Bueno Morcillo, Marina | Guía para unha alimentación saudable en persoas con trastorno da conduta alimentaria Evitativo/Restritivo dentro do Trastorno do Espectro Autista | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 10 | Campal Villamayor, Kitiara | Comparación nutricional do pan de abella de diferentes orixes | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 11 | Castedo Lobato, Elisa | Optimización do rendemento deportivo en deportes de forza a través dunha alimentación vexetal: perspectivas, evidencias e estratexias nutricionais | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 12 | Castro Castro, Isabel | Insuficiencia pancreática exocrina no adulto: causas principais, diagnóstico, tratamento e recomendacións dietéticas | Ramiro Barcia Vieitez | 060 | 100% | | | | | | |
| 13 | Castro Parada, Martín | Explorando os Efectos Potenciadores da Cafeína no Rendemento Cognitivo | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 14 | Comesaña González, Antía | Guía de alimentos comerciais para pacientes con disfaxia segundo o estándar IDDSI | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 15 | Conde García, Uxía | Patróns alimentarios do paciente con Trastorno de Ansiedade Xeneralizada (TAX) e abordaxe nutricional | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 16 | Criado Prieto, Roberto | Optimización da dixestión in vitro para alimentos ricos en almidón. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Yubexi Yakari Correa Marcano | G2071 | 50% | | | |
| 17 | Esshaibi Bayoud, Hoda | Alimentos fermentados e o seu impacto na saúde mental | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 18 | Esteban Domínguez, Xavier | Deseño e desenvolvemento dunha base de datos nutricional e ferramenta automatizada para a elaboración de menús en poboación española. | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 19 | Ferris García, Daniel | Antioxidantes e mellora do rendemento deportivo: ¿Mito ou realidade? | Ramiro Barcia Vieitez | 060 | 100% | | | | | | |
| 20 | Figueira Rodríguez, Aday | Presenza de fármacos nas augas de consumo en España | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Gabriel Míguez Suárez | G2071 | 50% | | | |
| 21 | Fraga Periscal, Irene | Proxecto de educación nutricional para a prevención da obesidade infantil no ámbito rural en Carballo | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 22 | Franco Gulias, Ainoa | Estudo da adecuación nutricional e prevalencia de menús especiais en centros escolares públicos e privados | José Manuel Miranda López | 640 | 50% | Aroa López Santamarina | 640 | 50% | | | |
| 23 | Freire Ruíz, David | Abordaxe nutricional diferencial basado na evidencia en EII, SII e SIBO | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 24 | Freiria Álvarez, Iago | Entomofaxia: aceptación en Galicia | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 25 | García Gómez, María Belén | Ecotipo de trigo e tempo de almacenamento en conxelación: impacto na calidade sensorial e aceptación do pan galego | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | | | |
| 26 | García Hernández, Adrián | Nanotecnoloxía e biodispoñibilidade de nutrientes: aplicacións na mellora da absorción de suplementos e alimentos funcionais | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 27 | García Poza, Alba | Nutrición e Tiroiditis de Hashimoto: Estratexias Baseadas na Evidencia para Optimizar a Función Tiroidea | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | | | | |
| 28 | Garda Ponte, Candela | Estratexias nutricionais para a prevención e manexo da enfermidade de Alzheimer | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | | | |
| 29 | Girondo Álvarez, Ainhoa | Deficiencias nutricionais en alerxias alimentarias e recomendacións dietéticas para afrontalas. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 30 | González Couce, Nerea | Influencia da nutrición na calidade do descanso e o seu impacto nos trastornos do sono. | Pablo Cabezas Sáinz | 410 | 100% | | | | | | |
| 31 | González López, Kenyer Enrique | Estudo das preferencias e consumo do pan de Cea en poboación sénior. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | | | |
| 32 | González López, Paula | O xaxún intermitente e os seus efectos na microbiota intestinal humana | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 33 | González Pazos, Samuel | A enfermidade de Alzheimer como trastorno neuroendocrino: Enfoque nutricional da Diabetes Mellitus Tipo 3. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 34 | Hermo Romero, Mario | Deportes de resistencia e diabetes tipo 1. Dispositivos de monitoreo continuo da glucosa e xestión nutricional | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 35 | Iglesias Vázquez, Uxía | Requirimentos normativos e biolóxicos das fórmulas infantís de inicio comercializadas en España | Patricia Regal López | 640 | 50% | Nerea González Rodríguez | 640 | 50% | | | |
| 36 | Lama Vynogradova, Erika | O concepto 'dos xenes ao prato' como estratexia práctica na prevención e abordaxe da obesidade e as cardiopatías. | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | Patricia Regal López | 640 | 50% | | | |
| 37 | Llopiz Llovo, Lola Meng | Estratexias nutricionais na prevención e recuperación de lesións de xeonllo | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 38 | Martín Reija, Inés | Impacto do estilo de vida na función renal: Un enfoque integral (dieta, actividade física, suplementación e consumo de antiinflamatorios) | Asteria Mª Luzardo Álvarez | 310 | 100% | | | | | | |
| 39 | Martínez Crugeiras, Iria | Dieta Mediterránea e Antioxidantes: Beneficios sobre a Saúde Metabólica e a Prevención de Enfermidades | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 40 | Martínez Rodríguez, Pablo | Dieta antiinflamatoria aplicada ao ámbito deportivo. | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |

| Nº | ESTUDANTADO | TITULO TFG GNHD | TITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % | COTITOR | ÁREA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 41 | Martínez Suárez, Diego | Potencial efecto ergoxénico dos probióticos nos deportes de resistencia. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 42 | Maseda Braña, Yoel | Dieta vexetariana na enfermidade renal crónica. | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 100% | | | | | | |
| 43 | Méndez García, Antón | Modelos de evolución temporal do cambio de peso en humanos | José Vázquez Tato | 755 | 100% | | | | | | |
| 44 | Méndez Sánchez, Esperanza María | Determinación In Vitro da Dixestibilidade do Amidón e do Índice Glicémico de Diferentes Tipos de Pans do Mercado Galego | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 45 | Moledo Quintáns, Leticia | Péptidos opioides de orixe alimentaria e a súa relación co trastorno do espectro autista | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | | | |
| 46 | Moreno Lorenzana, Carlota | Insectos na nutrición humana | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | Laura Isabel Sinisterra Loaiza | G2071 | 50% | | | |
| 47 | Mosquera Rodríguez, Alba | Guía alimentaria: Baby Led Weaning | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 48 | Muiños Cotelo, Inés | Valoración dos menús das cafeterías das universidades | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 100% | | | | | | |
| 49 | Naveiras Alba, Mario | Educación nutricional para pacientes ostomizados | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | Laura Isabel Sinisterra Loaiza | G2071 | 50% | | | |
| 50 | Páez Rodríguez, Ana | A alimentación como ferramenta para o tratamento da dor crónica. | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Nicolás Piedrafita Páez | G2071 | 50% | | | |
| 51 | París Lago, Daniel | Papel modulador dos ácidos grasos de cadena corta producidos pola microbiota intestinal na artritie reumatoide | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 52 | Patao García, Tamara | Evidencias da relación entre a inxesta de lácteos e o acné vulgar. | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 53 | Pérez García, Iris | | Angel Cobos García | 780 | 100% | | | | | | |
| 54 | Pérez González, Anaís | Guía alimentaria para embarazadas vexetarianas galegas | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Sara Rivas Pereira | G2071 | 50% | | | |
| 55 | Permuy Pardo, Juan Ramón | Nutrición e lesión medular | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 56 | Presa Morales, Daniel | O efecto da soia sobre a saúde humana | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Luis Cabañas Alite | G2071 | 50% | | | |
| 57 | Rey Pérez, Sara | Análise da relación entre o peso autopercibido e o estado ponderal en población galega | Cristina Candal Pedreira | 615 | 50% | Guadalupe García | 615 | 50% | | | |
| 58 | Rivas de esteban, Dolly Cecilia | Evaluación nutricional e tendencias de consumo na oferta gastronómica dun hotel: almorzo e cea | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 59 | Rivas Salgueiro, Laura | Deseño dunha intervención nutricional na tiroiditis de Hashimoto: Da evidencia científica á práctica clínica | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 100% | | | | | | |
| 60 | Riveiro González, Olga | Nutrición, microbiota intestinal e Alzheimer: unha aproximación desde a neurociencia e a saúde dixestiva. | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 61 | Riveiro Martínez, Yago | Nutrición en cancro estróxeno positivo. | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 62 | Rodríguez Santos, Clara | Implementación dunha práctica de laboratorio sobre a eficacia antioxidante en alimentos e bebidas utilizando a reacción oscilante de Briggs-Rauscher. | Laura Rodríguez Silva | 760 | 100% | | | | | | |
| 63 | Rubio Laiz, Irene | Estilos de vida e hábitos alimentarios na fertilidade | Cristina A. Fente Sampayo | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 64 | Ruíz Ramos, Olalla | Alimentación penal: Percepción e satisfacción das persoas privadas de liberdade. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 50% | Mª Luz Campos Varela | G2071 | 50% | | | |
| 65 | Sánchez Printes, Ainhoa | Avaliación nutricional de menús no Camiño de Santiago | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | | | |
| 66 | Sánchez Vázquez, Ángela | Avaliación do estado nutricional dos pacientes en tratamento con fármacos análogos do GLP-1 e posibles intervencións a realizar | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 50% | Miguel Ángel Martínez Olmos | 610 | 50% | | | |
| 67 | Santomé Moares, Noa | A importancia do complexo vitamínico B na saúde e rendemento de deportistas adolescentes | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Alexandre Santiso Seoane | G2071 | 50% | | | |
| 68 | Soto Areal, María | Horarios laborais e o seu impacto sobre os hábitos alimentarios e a saúde. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 69 | Soutiño Ramirez, Carmen Victoria | Elaboración dunha guía nutricional para pacientes oncolóxicos | María Lourdes Vázquez Oderiz | 640 | 50% | Antía Pérez Vázquez | G2071 | 50% | | | |
| 70 | Suárez Vilches, José Manuel | Patróns de consumo alimentario en poboación infanto-xuvenil que práctica deporte | Carolina Graciela Nebot García | 640 | 50% | Laura Sas Barbeito | G2071 | 50% | | | |
| 71 | Torrense Pérez, Génesis Andreína Diana Coromot | O papel da nutrición no tratamento da síndrome de ovario poliquístico: unha revisión de estratexias dietéticas e cambios de estilo de vida | María Mercedes Camiña García | 410 | 50% | María Mercedes Rodríguez Vieytes | 410 | 50% | | | |
| 72 | Valdés Gil, Patricia | O papel do RASFF na protección da saúde pública ante o uso da noz de areca | Beatriz Isabel Vázquez Belda | 640 | 50% | Laura Isabel Sinisterra Loaiza | G2071 | 50% | | | |
| 73 | Valerio López, Clara | Estratexias nutricionais para a abordaxe da disfunción mitocondrial nas enfermidades crónicas non transmisibles | Alejandra Cardelle Cobas | 640 | 50% | Alberto Cepeda Sáez | 640 | 50% | | | |
| 74 | Valle Fernández, Lorena | Características das intervencións comunitarias sobre o consumo de bebidas alcoholicas nos estudantes universitarios: unha revisión exploratoria | Carlos Manuel Franco Abuín | 640 | 50% | Mª del Rocío Ortiz Moncada | G2071 | 50% | | | |
| 75 | Valmaseda Amezaga, Cecilia | Desnutrición hospitalaria: papel do Dietista - Nutricionista. | María Ángeles Romero Rodríguez | 780 | 100% | | | | | | |
| 76 | Vázquez Collazo, Iván | O rol da nutrición no rendemento deportivo no baloncesto profesional | Patricia Regal López | 640 | 100% | | | | | | |
| 77 | Vicho De la Fuente, Mónica | Lactancia materna exclusiva e microbiota do lactante: Importancia para a saúde | Miguel Blanco Álvarez | 630 | 50% | Margarita Aguilera Gómez | G2071 | 25% | Alicia Ruiz Rodríguez | G2071 | 25% |
| 78 | Vilas Campos, Irene | Aproximación nutricional a paciente con insuficiencia renal crónica en fase de prediálise | Patricia Regal López | 640 | 50% | Alexandre Lamas Freire | 640 | 50% | | | |
| 79 | Zafra Bugallo, David | Metabolismo do Ferro Hemo e a súa Posible Implicación no Desenvolvemento do Cancro Colorrectal | Jesús Antonio Casabiell Pintos | 410 | 100% | | | | | | |

A presidenta informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G2071) e se publicará no taboleiro

electrónico as propostas aceptadas.

5. **Recoñecemento de créditos: procedemento, solicitudes e nova normativa.**

A presidenta indica que o pasado 1 de febreiro entrou en vigor o **Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC**, aprobado polo Consello de Goberno o 24 de xullo de 2024. Adicionalmente a isto tamén se publicou a seguinte normativa:

- Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela, de 24 de xullo de 2024, en materia de **recoñecemento de actividades** e polo que se publica o catálogo de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos.

- Resolución reitoral do 17 de febreiro de 2025 pola que se publica a convocatoria de solicitude de **consulta previa do expediente** ao abeiro do disposto no Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da USC.

Indica que o que máis afecta os centros é o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos xa que supón que cando se recibe unha solicitude, no caso de existir táboas de recoñecemento aprobadas, resólveas a UXA e no caso de non existir resólveas a Facultade, xa que delegaron nos decanos/as dos centros a competencia para que emitan esta resolución. Isto supón un cambio importante, xa que ata o de agora o centro emitía un informe de recoñecemento que expedía o decano/a, nalgúns casos por delegación da comisión de título e noutros tratábase directamente na comisión de título a emisión deste informe, e a UXA encargábase da resolución e notificación.

Tamén indica de que neste novo Regulamento desaparece o recoñecemento automático da formación básica contemplado en normativas anteriores e recolle de xeito expreso a necesidade de motivar a denegación do recoñecemento indicando cales son os resultados da aprendizaxe non adquiridos pola persoa solicitante. Adicionalmente a isto, o Regulamento indica que os centros elaborarán táboas de recoñecemento que serán aprobadas pola Xunta de Facultade e se actualizarán anualmente e se publicarán na web do centro.

En canto á convocatoria de solicitude de **consulta previa do expediente**, a decana informa que neste caso as persoas interesadas poderán solicitar unha consulta previa do seu expediente para os efectos de ser informado das materias e actividades recoñecibles na titulación de destino na

USC. O centro responsable da titulación de destino na universidade será o competente para emitir o informe sobre o recoñecemento de materias e actividades. O dito informe non producirá os efectos propios da resolución de recoñecemento e ten un coste de 27,09 euros e o prazo de solicitudes aberto todo o ano.

A presidenta indica que xa se recibiron diversas solicitudes polo que se trae este asunto á comisión para dirimir como se vai a proceder desde a entrada en vigor do novo Regulamento.

Ábrese a continuación unha rolda de intervencións na que os membros da comisión expoñen a súa opinión e fan as súas achegas sobre cal debería ser o procedemento a seguir.

A decana indica que o Regulamento de Réxime Interno do centro indica que as comisións de título asesoran sobre o recoñecemento de materias do título que corresponda e, co obxecto de non ter que reunir a Comisión cada vez que se reciba unha solicitude, propón:

1. Delegar no coordinador do título a emisión do informe de recoñecemento, para o que deberá ter en conta os informes previos do profesorado responsable da cada materia, nos casos seguintes: a) recoñecemento de créditos por estudos universitarios oficiais, b) por adaptación de estudos, c) validación parcial de estudos cursados en titulacións estranxeiras e d) solicitude de consulta previa do expediente.

2. Nos demais casos distintos dos indicados no apartado anterior, propón delegar no coordinador do título a emisión do informe de recoñecemento para o que deberá contar co acordo previo da comisión: a) recoñecemento de créditos por outros estudos de educación superior e por estudos propios universitarios, b) por experiencia profesional e laboral, c) elaboración de táboas de recoñecemento; e tamén os do apartado anterior nos que o coordinador do título considere necesario tratalos en comisión para emitir axeitadamente o informe de recoñecemento. Tamén se precisará acordo da comisión nos casos de que se produza algunha reclamación á resolución de recoñecemento.

Os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta da decana**.

A presidenta informa de que continúa vixente a delegación efectuada a favor do/a decano/a na reunión da comisión do título do 26/10/2011, para os casos de emisión de informe relativo ás solicitudes de equivalencia de títulos estranxeiros para acceso a máster, que continúa sen cambios.

Por último, indica que segundo o novo Regulamento quedan excluídos do recoñecemento de créditos:

a) Os traballos de fin de grao e de fin de máster, agás aqueles que especificamente se desenvolvan nun programa de mobilidade.
b) As materias superadas nun grao, diplomatura, arquitectura técnica e enxeñaría técnica como materias de máster universitario oficial.
c) As materias xa cualificadas como resultado dun proceso de recoñecemento de créditos non poderán dar lugar a recoñecementos posteriores noutro título de grao ou máster.
d) As prácticas externas realizadas nuns estudos universitarios para outros conducentes a unha titulación universitaria oficial diferente a aquela na que se realizaron as prácticas.
e) As prácticas extracurriculares polas prácticas curriculares previstas nos plans de estudos. En ningún caso as prácticas extracurriculares poderán ser computadas como créditos para a obtención dun título universitario oficial.
f) Os requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos universitarios estranxeiros.
g) Os realizados na modalidade de matrícula extraordinaria.
h) Os estudos non universitarios que non estean previstos na normativa reguladora e non sexan equivalentes academicamente a estudos recoñecibles.

6. **Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e prace

A presidenta — A secretaria

Asteria Mª Luzardo Álvarez — Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).